

# Clubs, lectoras e lectores no ensino secundario de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia.  
Consellería de Cultura, Educación e Universidade  
Lugar: Santiago de Compostela  
Año: 2021



# **Clubs, lectoras e lectores no ensino secundario de Galicia**

Un estudo de José Antonio Millán

Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Educación e Universidade  
Santiago de Compostela  
2021



## Índice

---

### **Asesoría de bibliotecas escolares: Notas previas**

I. Que son os clubs de lectura obxecto do estudo? .....	7
II. Por que un estudo sobre os clubs de lectura? .....	10
III. Por que se adoptou un enfoque cualitativo para a realización dun estudo sobre os clubs de lectura? .....	12
IV. A lectura no eido da educación secundaria: que len os adolescentes, como o fan e que influencia teñen niso os clubs de lectura? .....	14

### **José Antonio Millán: Clubs, lectoras y lectores en la enseñanza secundaria de Galicia**

1 Metodoloxía .....	22
2 Estudantes .....	26
3 Coordinadores de clubs e bibliotecarias .....	100
4 Adultos .....	107
5 Conclusións .....	138
Índice desenvolvido .....	142

### **Anexo: Asesoría de bibliotecas escolares: Informe clubs de lectura 2017/18**

Anexo: Informe clubs de lectura 17/18 .....	146
---	-----



## **Notas previas**

### **Asesoría de Bibliotecas Escolares**

#### **I. Que son os clubs de lectura obxecto do estudo?**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade de la Xunta recolle diversas actuacións destinadas ao fomento da lectura no eido educativo vinculadas ao Programa de bibliotecas escolares. Na actualidade, todas esas iniciativas están integradas no denominado Plan LÍA 2016-2020 (Lectura, Información, Aprendizaxe), que recolle 12 retos ou desafíos para este período e que supoñen ámbitos de traballo prioritarios<sup>1</sup>. Unha boa parte das liñas de actuación recollidas neste plan ten xa unha certa traxectoria e, coa necesaria evolución a novas realidades, mantéñense activas pola boa recepción que teñen nos centros educativos e polos excelentes resultados que se observan. Unha destas iniciativas son as convocatorias de apoio ao funcionamento dos clubs de lectura en centros de ensino secundario.

Desde os inicios do Programa de bibliotecas escolares da Administración educativa galega, na primeira década do século XXI (en 2003, créase a Asesoría de Bibliotecas Escolares e, en 2005, bota a andar o Plan de mellora de bibliotecas escolares), deséñanse ao mesmo tempo iniciativas para lle facilitar ao profesorado o seu labor a prol da lectura. En 2006, nace o programa Hora de ler, cunha campaña de fomento da lectura baixo o mesmo lema, que levou a todos os centros educativos de infantil, primaria e secundaria de Galicia uns materiais atractivos e de gran potencialidade educativa, específicos para cada etapa. Pero as persoas responsables destes programas (docentes con experiencia no ámbito do fomento da lectura) observaban a dificultade de propiciar a lectura entre o alumnado adolescente, que constitúe claramente un grupo de risco, a non ser que houbo un compromiso profesional e persoal por parte do profesorado e con actividades que implicasen directamente os mozos e mozas. Foi así como se insistiu nunha proposta que xa se lle fixera ao profesorado dos centros de ensino secundario nos materiais de Hora de ler antes comentados, pero desta vez cun orzamento que se pensaba que facilitaría a creación de grupos de lectura voluntarios nos centros, fóra das actividades cotiás das aulas e baixo a moderación de profesorado interesado, estivese vinculado ou non á biblioteca escolar<sup>2</sup>. Por outra parte, coa entrada en vigor dos currículos derivados da Lei

---

1 Accesible en <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/965>

2 Á altura de 2007 aínda estaba iniciándose o Plan de mellora de bibliotecas escolares.

orgánica de educación de 2006, a partir de 2007 os centros galegos de primaria e secundaria estaban obrigados a elaborar un documento, denominado Proxecto lector de centro, que marcaría as liñas de actuación do centro para a mellora da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción da información:

Este proxecto lector de centro definirá, entre outras, as liñas mestras de actuación do conxunto dos docentes, co fin de mellorar a lectura comprensiva e os hábitos de lectura do alumnado.

Neste contexto, en setembro de 2007 publícase a primeira convocatoria de clubs de lectura, destinada a estimular o funcionamento destes nos centros públicos que impartisen ensinanzas de ESO, bacharelato, formación profesional, ensinanzas de persoas adultas ou ensinanzas de réxime especial (conservatorios, escolas oficiais de idiomas ou outros), cun primeiro orzamento global de 130.000 euros. Para gran sorpresa do equipo da consellería, comezan a funcionar clubs de lectura nun total de cento catro centros que se acollen a esta primeira convocatoria. Soamente había noticia duns tres ou catro institutos nos que existía unha actividade previa desde estilo. As convocatorias anuais continuáronse ininterrompidamente e, no curso 2018/19, no que se publica este estudo, están a funcionar un total de 243 clubs de lectura, doce máis ca no curso anterior, que recibiron un orzamento global de 215.000 euros. A meirande parte dos centros de ensino participantes contan con varios grupos de lectura e aproximadamente o 26 % teñen un grupo de adultos.

Os centros participantes nesta convocatoria, que se publica a comezos de setembro de cada curso escolar<sup>3</sup>, deben presentar un proxecto de actuación, coa previsión de participantes, organización, periodicidade, actividades, lecturas previstas (cando exista esta previsión), profesorado implicado, e outros. Á hora de distribuír as asignacións, tense en conta a memoria do curso anterior, no caso de que houberse actividade, a formación do profesorado coordinador dos diferentes grupos, a implicación da comunidade educativa e o proxecto presentado, así como as actividades para o fomento da lectura en galego. Ao finalizar o ano escolar, as persoas coordinadoras destes clubs deben presentar unha memoria de actividades e unha xustificación económica, coa premisa de que o 75 % mínimo da asignación debe ir destinado á adquisición de libros e ata un 25 % pode destinarse a actividades desenvolvidas polo club de lectura.

---

<sup>3</sup> Convocatoria de clubs de lectura para o curso 2018/19:  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25806>

O texto da última convocatoria de clubs de lectura xustifica deste xeito a iniciativa:

Una de las fórmulas de mayor interés para el fomento del hábito de la lectura, en general, y entre los adolescentes en particular, es la puesta en marcha de un club de lectura, porque incluye varias de las condiciones necesarias para motivar a los lectores y lectoras de estas edades: la posibilidad de comunicación con sus iguales y la oportunidad de compartir gustos, inquietudes, significados, emociones y opiniones sobre sus lecturas. Esta práctica de socialización y creación de comunidades de intereses, alrededor de los libros y de la lectura, está avalada por resultados muy positivos en la creación de ambientes lectores en los centros, con la participación en algunos casos de padres, madres, y otros miembros de la comunidad escolar.

E no mesmo texto da convocatoria tamén se define o que ha ser, en esencia, o club de lectura:

Poñer en marcha un club de lectura nun centro educativo consiste, basicamente, en promover a participación dun grupo de alumnado para compartir as súas experiencias lectoras, coa mediación dun adulto que conduza todo o proceso. O espazo natural para o club de lectura é a biblioteca escolar e os tempos axeitados para a súa celebración dependen das posibilidades de cada grupo (tempos de lecer ou non lectivos), resultando imprescindible a implicación persoal do profesorado dadas as especiais características desta actividade. O número de integrantes non debe ser excesivo. A utilización das tecnoloxías de información e comunicación, así como algunhas das posibilidades de Internet, poden enriquecer a actividade destes clubs, contribuír á lectura en diversos soportes, introducir as narrativas transmedia e facilitar a difusión das súas propostas entre a comunidade educativa. A participación de adultos da comunidade educativa en grupos de lectura específico ou mixto (alumnado e adultos) pode enriquecer a experiencia e propiciar ambientes lectores interxeracionais.

Como documento anexo a este estudo, recóllese o informe realizado pola Asesoría de Bibliotecas Escolares sobre as actuacións dos clubs de lectura participantes na convocatoria do curso 2017/18, período no que se realizou este traballo de campo. Este informe recolle as actividades máis comúns, a periodicidade dos encontros dos grupos de lectura, os autores e autoras que visitaron estes grupos ou os títulos e os autores máis lidos, entre outros datos de interese.

Cómpre aclarar que a consellería non intervéñ na selección das lecturas e que deixa que cada grupo de lectores e lectoras, coa guía da persoa que o coordina, decida que obras e que autores se van ler e comentar. Tampouco

marca obrigatoriedade ningunha respecto da lingua utilizada dos títulos lidos, aínda que incentiva, con asignacións maiores, aqueles clubs de lectura que promoven a lectura en lingua galega entre os mozos e mozas participantes a través das súas seleccións e das súas propostas.

Outro aspecto que cómpre salientar para entender o fenómeno na súa amplitude é que o profesorado que participa como moderador e responsable dos grupos de lectura non recibe ningunha compensación, nin económica nin de redución de horario. É dicir, o seu labor é de carácter voluntario e está integrado no seu compromiso coa formación lectora do alumnado. Tanto a preparación das sesións como a realización das reunións presencias co alumnado transcorren fóra das aulas, en tempos non lectivos, dentro do horario laboral do profesorado, e moitas veces supón comprometer o seu horario persoal, tal é o empeño persoal, profesional e social dos docentes implicados nesta iniciativa.

Desde o inicio deste programa, xunto coas asignacións correspondentes para estimular e garantir o funcionamento da actividade, organizáronse anualmente as xornadas dos clubs de lectura, coa participación do profesorado que coordina estes clubs en cada centro. Esta xornada está incluída no Plan anual de formación do profesorado, como actividade vinculada a programas específicos da consellería e supón unha posibilidade para o encontro entre os profesionais deste colectivo, o intercambio de experiencias, a creación de vínculos que facilitan posteriormente actividades conxuntas. E tamén constitúe un espazo para a reflexión, coa axuda de persoas expertas en materia de mediación lectora, literatura, lectura dixital, e outros. En dúas ocasións, con motivo das edicións quinta e décima (2012<sup>4</sup> e 2017<sup>5</sup>), acudiu tamén a estas xornadas unha representación dos lectores e das lectoras, cun esforzo importante a nivel orzamentario e de organización, pero con resultados excelentes.

## II. Por que un estudo sobre os clubs de lectura?

A través do seguimento do programa, o equipo da Asesoría de Bibliotecas Escolares afirma con rotundidade o que se recolle no texto da última convocatoria:

Os clubs de lectura son, na actualidade, grupos de dinamización a prol da lectura nas comunidades educativas das que forman parte, e ámbitos de aprendizaxe de competencias clave para a vida, pero tamén son espazos de convivencia e de educación cidadá. Son estes grupos os primeiros en incorporarse á lectura dixital co uso dos novos dispositivos de lectura e

---

4 V Xornada dos Clubs de Lectura:  
<http://lerenmancomun.blogspot.com/search?q=v+xornada>

5 X Xornada dos Clubs de Lectura:  
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/21/95>

levan tempo integrando as tecnoloxías da comunicación e da información de forma natural nas súas actividades (blogs, vídeos, booktrailers, redes sociais, presentacións etc.). Aos poucos, os grupos de lectura foron creando vínculos uns cos outros e realizando actividades conxuntas que axudan a tecer unha rede de lectores e lectoras na comunidade galega. Son moitas as rutas literarias que van descubrindo ou dando vida ao longo do territorio. Algúns destes grupos recuperan as lecturas dramatizadas ou establecen liñas de colaboración con bibliotecas públicas e entidades culturais do seu medio máis próximo e outros aproveitan a rede de radios locais para lles contaxiar aos demais o seu gusto pola lectura. Existen clubs de lectura que acoden a centros de ensino primario ou infantil para realizar lecturas compartidas cos máis pequenos ou aos centros de persoas maiores, e comezan a estenderse as lecturas públicas en prazas e outros espazos cidadáns.

Unha das potencialidades dos clubs de lectura, tal e como amosan moitas experiencias en centros da comunidade autónoma, é a de incorporar á lectura mozos e mozas que presentan resistencia, e isto lógrase precisamente polo seu carácter voluntario e porque conectan, cando están ben orientados, con intereses e necesidades deste alumnado. Os clubs de lectura estanse demostrando, así mesmo, útiles para mellorar a autoestima e as habilidades sociais e de lectura de alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.

As observacións deben ser contrastadas a través de estudos correctamente deseñados e dirixidos por expertos que poidan garantir a credibilidade das afirmacións que poidan facerse ou das conclusións que se obteñan. Por esta razón, cumpridos os dez anos desta convocatoria, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, responsable dos programas integrados no Plan LÍA 2016-2020 de bibliotecas escolares, decidiu que era o momento de abordar un estudo sobre esta iniciativa. En realidade, estíbese a desenvolver unha das accións previstas para o desafío número 12 do Plan LÍA 2016-2020: avaliación, estudo, investigación, que recolle a realización de estudos de impacto dos programas que se realizan neste ámbito.

Deste xeito, acudiuse a unha das persoas que teñen maior prestixio na realización de estudos sobre a lectura, José Antonio Millán, doutor en Literatura Comparada pola Universidade de Barcelona e licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade Autónoma de Madrid, cunha dilatada experiencia en tarefas de investigación sobre lectura, entre as que se atopa a dirección dos informes “La lectura en España” (2002, 2008, 2017), a instancias da Federación de Gremios de Editores de España. Algúns estudos realizados en base a grupos de discusión sobre a lectura, como o realizado en colaboración co catedrático de Antropoloxía Cultural da Universidade de Barcelona, Jesús Contreras, “Leer en tiempos modernos” (2008) e “La lectura y sus

circunstancias” (2002), resultaban de especial interese para as finalidades deste estudo. Foi José Antonio Millán quen propuxo unha metodoloxía e unha previsión de temas para analizar que a todo o equipo da consellería lle pareceu moi acertada para, máis alá dos datos numéricos, coñecer os matices que se debuxan na xa rica e variada realidade dos clubs de lectura de ensino secundario en Galicia.

O equipo da Asesoría de Bibliotecas Escolares, de acordo coas pautas do director do estudo, realizou unha proposta de centros con traxectoria na actividade dos clubs de lectura e resultado diverso, distribuídos territorialmente de forma que houbera representación de poboacións da costa e do interior de Galicia, así como localizados en núcleos urbanos importantes e outros en núcleos de menor poboación que acostuman a escolarizar alumnado de poboacións urbanas e tamén de zonas rurais. Recolleuse, así mesmo, a participación dalgúns centros que contasen con grupos de lectores adultos. Convidouse entón o profesorado coordinador destes clubs de lectura a que contribuíse, de forma anónima, á realización deste estudo, logo da explicación da metodoloxía que se debía empregar e do tempo que habería que lle dedicar. Foron estes responsables dos clubs de lectura os que, pola súa vez, convidaron o alumnado integrante dos diferentes grupos de lectura a participaren nunha reunión prevista para ser gravada, coa moderación de dúas persoas colaboradoras, externas ao equipo da asesoría. Tras a aceptación (e autorización pertinente por parte das familias, no caso dos menores), distribuíronse temporalmente as reunións dos grupos de discusión previstos, contratáronse os servizos de gravación a unha produtora externa e tamén os servizos de transcripción das diferentes sesións gravadas. O director do estudo mantivo varias reunións, tanto presencias coma por videoconferencia, co equipo da Asesoría de Bibliotecas Escolares e realizouse o traballo de campo entre os meses de abril e xuño de 2018 e, no mes de xullo, remitíronselle ao director do estudo todas as transcripcións das gravacións realizadas nos grupos de discusión. Xa en novembro do mesmo ano, no transcurso das IX Xornadas de Bibliotecas Escolares, celebradas en Santiago de Compostela, José Antonio Millán adiantou as primeiras conclusións do estudo que agora se presenta.

### **III. Por que se adoptou un enfoque cualitativo para a realización dun estudo sobre os clubs de lectura?**

Buscábase achegar luz sobre a lectura tanto no tramo de idade do ensino secundario coma de adultos e tamén sobre a influencia e os efectos que teñen eses clubs nos seus integrantes. E como os estudos centrados en enquisas e cifras só informan de dimensións como a frecuencia ou a cantidade do lido,

mais apenas ofrecen información sobre os porqués dos resultados, os sentimentos, as crenzas ou as motivacións de quen le, viuse oportuno facer este estudo desde un enfoque cualitativo. Tratábase de indagar nos aspectos clave que levan as persoas a ler, nos camiños que as conducen cara a determinados xéneros e nos formatos ou prácticas lectoras/escriptoras en distintos soportes. En definitiva, pensouse nun estudo que comprendese, máis que medise, a realidade social complexa que é a lectura, sobre todo para o alumnado de secundaria.

(...) Tamén faltan estudos cunha das metodoloxías máis fértiles para estudar a realidade da lectura (máis alá de enquisas ou cifras de circulación de exemplares): o traballo directo con grupos de lectores. Aínda que máis lentos e custosos ca outros procedementos, estes estudos cualitativos permiten acceder ás auténticas prácticas e motivacións da poboación lectora. (J. Millán. *Informe sobre la lectura en España, 2017*, páx. 11)

A continuación, explícanse brevemente as características básicas deste tipo de estudos:

- **A investigación cualitativa é indutiva.** É dicir, non parte de hipóteses previas que se pretendan refutar ou confirmar, nin quere medir certos parámetros en canto a frecuencia ou intensidade. Non ofrece porcentaxes nin aspira á xeneralización. A técnica empregada, a de grupos de discusión, brinda unha gran cantidade de información útil sobre o que as persoas participantes cren, senten, opinan ou dubidan sobre as múltiples caras da realidade poliédrica que supón o feito de ler, tanto na intimidade coma na escola e, neste caso e moi en particular, no seo dos clubs de lectura.
- **A selección dos participantes faise de xeito intencionado.** Isto é, non recorre ao deseño de mostras aleatorias nin procura, polo tanto, representatividade estatística. Moi ao contrario, a metodoloxía cualitativa utiliza polo xeral mostras reducidas, pero moi variadas. No caso do presente traballo, os informantes son alumnas e alumnos que participan en clubs de lectura de longa e produtiva traxectoria, coordinados por docentes formados e experimentados. A mostra inclúe moi diferentes tipos de lectores e lectoras, de moi diversos contextos tanto xeográficos coma socioculturais e de diferentes idades. Resulta así unha mostra extremadamente heteroxénea de suxeitos que comparten a pertenza aos clubs de lectura escolares galegos, tanto adolescentes coma adultos.

- **A análise dos datos procede da categorización.** O carácter indutivo implica que son os datos observados os que poden facer emerxer categorías conceptuais que permiten construír teoría sobre o que se observa. En particular, estas categorías xorden de analizar tanto o que as persoas din como o que non. Trátase dunha metodoloxía que indaga no significado dos discursos para completar as pezas do crebacabezas que conforma a realidade social. Por iso, os informes que conclúen este tipo de estudos principalmente narran, con base nun gran número de citas textuais, e non ofrecen os datos porcentuais e gráficos que son habituais naqueles estudos aos que o gran público está máis afeito, os informes cuantitativos difundidos a miúdo polos medios e polas redes sociais.

En definitiva, o que nos ofrece este estudo é un achegamento á relación que teñen coa lectura tanto os rapaces coma os adultos que forman parte dos nosos clubs de lectura. Estes grupos de discusión, tal e como menciona o profesor Millán na cita que figura máis arriba, ofrecen uns datos que moi dificilmente poderían obterse doutro xeito, xa que estes agrupamentos reproducen as xuntanzas que lles son familiares, nas que se cultiva un clima de seguridade e nas que é posible ser espontáneos, expresar opinións, sentimentos ou desexos que mediante outros procedementos (asociados a ter que render contas) dificilmente saírían á luz. Incluso é posible contar con que estas opinións e sentimentos se constrúen nas propias sesións de conversa mediante o diálogo, o que resulta un valor engadido destas técnicas de estudo.

#### **IV. A lectura no eido da educación secundaria: que len os adolescentes, como o fan e que influencia teñen niso os clubs de lectura?**

Aparecen referencias sobre o que significa para as persoas participantes a presenza de libros no fogar, a construción da súa biblioteca persoal, os xéneros preferidos, os criterios de selección de autores e obras, o valor que atopan nas lecturas obrigatorias, onde procuran as súas lecturas de lecer ou quen lles recomenda e que posición ocupan os clubs neste eido. En definitiva, chegamos a saber como se van construíndo tanto o seu perfil lector coma os seus itinerarios de lectura.

O estudo ofrece un rico panorama de apreciacións que matizan algunhas “verdades” que adoitamos manexar. Son as opinións de rapazas e rapaces que len e reflexionan sobre os seus antecedentes (familiares, persoais, históricos), as circunstancias que os rodean (no fogar, na escola, na

sociedade) e as persoas (reais ou virtuais) que fan parte do seu crecemento persoal e como lectores e lectoras. E aí están, xunto ás familias (as nais, en particular), os docentes comprometidos con esta causa, que lles achegan oportunidades de ler e de conversar sobre a súa experiencia.

Hai referencias ás relacións que atopan as persoas participantes nas operacións intertextuais que establecen entre a narración escrita e a versión audiovisual, por exemplo. Asoma tamén a práctica escritora, incluídas as aplicacións en comunidades virtuais, en redes sociais que funcionan como plataformas de lectura, de recomendación e mesmo de creación literaria. E tamén aflora a súa consciencia sobre os diferentes tipos de lectores ou os diferentes motivos para ler.

Abórdanse os efectos da súa experiencia nos clubs de lectura, en concreto sobre a percepción das obras e dos autores e autoras (especialmente cando os coñecen persoalmente), o seu valor social (beneficios para o clima de convivencia, tanto dentro coma fóra do centro educativo), a función de integración e abeiro dos diferentes, a construción do pensamento crítico ou a liberdade de expresión.

- **Construción de comunidade**

Os clubs de lectura son agrupamentos de persoas que probablemente nunca interrelacionarían nos centros educativos de non existir aqueles, pero que chegan a constituír comunidades de aprendizaxe porque, ademais de ser ferramentas para a formación literaria, son espazos de socialización, e mesmo de oportunidades, para crear lazos de amizade. E cultivan un sentido de pertenza que vai máis alá do feito literario que serve como eixe dinamizador.

Esta característica resulta especialmente notable nos clubs de persoas adultas, onde a heteroxeneidade é aínda máis acusada (de idades, traxectorias académicas e laborais, perfís socioeconómicos...).

- **Integración**

Dado que na adolescencia as diferenzas resultan a miúdo problemáticas, en moitas das intervencións recollidas neste estudo pódese apreciar con claridade que os clubs de lectura ofrecen un espazo de seguridade moi valioso para esas persoas que se senten, en certa medida, diverxentes, sexa pola súa afección á lectura ou por outras razóns. Precisamente, moitos e moitas acoden aos clubs na procura de espazos de respecto e sensibilidade, onde aprender xuntos mediante o diálogo, nos que poder falar sobre as súas experiencias, desexos e opinións sen medo a seren xulgados.

- **Construción do pensamento crítico**

Resulta moi significativa a percepción de que nesta actividade se desenvolven habilidades sociais de alto nivel (conversa construtiva, escoita activa, respecto polas opinións alleas, conciencia da conversa como ferramenta de construción de significados compartidos...) que teñen repercusión na súa vida académica e social. Trátase de destrezas eminentemente comunicativas, así como de habilidades de pensamento enriquecedoras tanto para a súa educación literaria coma para a vida en sociedade.

- **Expresión libre en contornas seguras**

Os clubs de lectura constitúen espazos de liberdade que o alumnado valora moi especialmente, pois nas súas xuntanzas poden expresar a súa opinión, mesmo cando sexa heterodoxa ou conflitiva, sen problema. Máis aínda, poden non expresala e simplemente estar e escoitar sen necesidade de participar, e senten que non teñen que demostrar nada. No club, a participación é libre e cadaquén escolle o momento no que ten algo valioso que dicir.

Cultivar esta sensación de liberdade resulta esencial porque invita a que se unan persoas que doutro xeito dificilmente o farían, ao tempo que incorpora o valor da aprendizaxe vicaria, de que tamén se aprende a través da observación das aprendizaxes e prácticas doutras persoas, pois algúns participantes necesitan primeiro observar, sen necesidade de asumir riscos, ata que se senten seguros.

- **Beneficios académicos**

As persoas participantes fan referencia a múltiples aspectos nos que aprecian que a súa pertenza aos clubs beneficia os seus logros académicos, sobre todo no que atinxe á calidade da súa comprensión e expresión, oral ou escrita.

Obviamente, estas persoas amplían a súa participación no marco académico con actividades que implican lectura literaria, pensamento crítico, habilidades de diálogo e constrúen a súa educación literaria a través de diferentes prácticas: a investigación documental, a exposición oral, a inmersión en actividades transmedia, e incluso en ocasións a representación do centro en foros externos, en acontecementos culturais (ciclos de conferencias, charlas, rutas literarias...), o que amplía dun xeito exponencial as súas oportunidades para aprender.

Estes grupos operan como axentes de mellora da calidade da educación, pois miran con detemento aspectos como a atención á diversidade ou o coidado da igualdade entre homes e mulleres, tanto na planificación de actividades coma na selección das lecturas ou das tarefas e responsabilidades que cadaquén asume no club.

- **Beneficios para o clima do centro e para as relacións co profesorado**

Os clubs de lectura son, en moitas ocasións, o vehículo fundamental para a ampliación das actividades do centro fóra do horario lectivo e do estritamente curricular. Estes grupos constrúen, desde a biblioteca escolar case sempre, as propostas interdisciplinarias que facilitan a participación do alumnado en iniciativas sociais centradas na lectura e na escritura en diferentes formatos e soportes.

O profesorado que participa neles ofrece unha versión diferente de si mesmo, pois aquí o docente adopta un papel máis horizontal e solidario nos procesos de aprendizaxe co alumnado. E cando os clubs se abren ao resto da comunidade educativa, coa participación das familias e do persoal non docente, esta nova dimensión e estas novas canles de comunicación e coñecemento mutuo ampliáanse aínda máis.

- **Cambios na percepción do propio feito de ler, das obras e dos autores e autoras**

A lectura e a educación literaria cobran un novo sentido para as persoas que participan nestes clubs, pois fan parte dunha experiencia libre e voluntaria, que inclúe asumir responsabilidades e un alto grao de autonomía.

En moitas ocasións, son estes clubs os espazos privilexiados para vivir a experiencia lectora en toda a súa extensión e constitúen o marco idóneo para a lectura estética e a formación literaria.

A literatura está no centro da actividade dos clubs e serve como nexo de unión, mais tamén cobra un sentido máis horizontal, porque se aborda desde a valoración crítica. Os clubs son axentes de dinamización e capacitación lectora, pero tamén axentes de socialización e viveiros de cidadanía participativa.

Por todo o anterior, convídanse as persoas interesadas a que realicen unha lectura pausada da selección das conversas dos lectores e lectoras das conclusións parciais e totais, realizadas por José Antonio Millán, director e autor do estudo que agora se presenta, coa esperanza de que estas reflexións sirvan para repensar as nosas prácticas de lectura nas aulas, para reforzar a moitos profesionais que están a traballar con empeño por unha sociedade lectora e para formular cuestións ás que lles haxa que buscar resposta entre todas e todos.

# **Clubs, lectoras e lectores no ensino secundario de Galicia**

Un estudo de José Antonio Millán para a  
Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Barcelona, novembro de 2018

*El verbo leer, como el verbo amar y el verbo soñar,  
no soporta el modo imperativo*  
Jorge Luis Borges



## Índice sintético<sup>6</sup>

Notas previas .....	7
1 Metodoloxía .....	22
1.1 Formación de grupos .....	22
1.2 Desenvolvemento dos grupos.....	23
1.3 El presente informe .....	24
2 Estudantes .....	26
2.1 Formación no fogar .....	27
2.2 Espazos privados de lectura .....	31
2.3 Tempos da lectura.....	34
2.4 Xéneros .....	37
2.5 Invitacións á lectura.....	44
2.6 Recomendación .....	48
2.7 Transmedia.....	62
2.8 Papel fronte a dixital.....	68
2.9 Lectores e lectoras de todo tipo .....	75
2.10 Rivais da lectura .....	83
2.11 Beneficios do club.....	84
2.12 Lingua de lectura.....	93
2.13 Resumo .....	96
3 Coordinadores de clubs e bibliotecarias .....	100
3.1 Exploración de cara ao alumnado.....	100
3.2 Autoformación .....	101
3.3 Librerías.....	101
3.4 Novos focos de atención xuvenil .....	102
3.5 Obxetivos do club .....	102
3.6 Propostas dos estudantes .....	103
3.7 Contido da biblioteca .....	104
3.8 Relación cos alumnos .....	104
3.9 Lingua dos clubs .....	105
3.10 Resumo .....	106
4 Adultos .....	107
4.1 Formación lectora .....	107
4.2 Tempos da lectura.....	112
4.3 Xéneros .....	114
4.4 Recomendación .....	119
4.5 Transmedia.....	123

---

<sup>6</sup> Ao final do informe ofrecemos un índice desenvolvido, con todos os apartados.

4.6 Papel fronte a dixital.....	125
4.7 Lectores e lectoras de todo os tipos.....	130
4.8 Rivals da lectura.....	134
4.9 Beneficios do club de lectura.....	134
4.10 Lingua de lectura.....	136
4.11 Resumo .....	137
5 Conclusións .....	138
5.1 Os estudantes .....	138
5.2 O profesorado .....	139
5.3 Os adultos .....	139
5.4 En resumo .....	139
Índice desenvolvido .....	142

# 1 Metodoloxía

Levou a cabo unha investigación cualitativa sobre prácticas de lectura en estudantes (e, en menor medida, en adultos) membros dos clubs do programa da Asesoría de Bibliotecas Escolares, dependente da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Xunta de Galicia).

A investigación segue a metodoloxía de grupos de discusión. Trátase, que saibamos, da primeira investigación deste tipo que se realiza en calquera país nun sistema educativo con bibliotecas escolares e clubs.

Esta metodoloxía resulta moi útil para analizar comportamentos e valoracións en áreas na que os suxeitos presentan gran riqueza de prácticas e valoracións. Iso explica que se utilice en ámbitos coma a mercadotecnia e a análise de orientación política. Ten a vantaxe de que permite “oír” directamente a voz das persoas implicadas.

Para a lectura, conservou toda a súa validez a reflexión que o catedrático de Antropoloxía Social na Universidade de Barcelona, Jesús Contreras, realizou na nosa primeira obra colectiva sobre *A lectura en España*<sup>7</sup>:

Na medida en que, nas enquisas de carácter cuantitativo, a lectura declarada sempre é sensiblemente superior á real, non parece que as enquisas ou cuestionarios de carácter individual permitan obter uns resultados suficientemente fiables en relación coas auténticas razóns das prácticas que se levan a cabo. Así mesmo, no grupo de discusión, as posibilidades de que a empatía entre entrevistador e entrevistado altere o discurso poden corrixirse, polo menos parcialmente, en canto existe a posibilidade de que aparezan varios discursos non coincidentes e, ao mesmo tempo, contrastados entre si.

## 1.1 Formación de grupos

Para realizar esta investigación seleccionáronse clubs con traxectoria e con prácticas de calidade e con variedade xeográfica e sociocultural: en centros urbanos e de ámbito rural, da costa e do interior, e das catro provincias da comunidade de Galicia.

Todos os centros participaban no programa Clubs de lectura da Asesoría de Bibliotecas Escolares.

Os grupos leváronse a cabo con tres tipos de participantes (figura 1).

O obxecto principal era os estudantes de educación secundaria membros de clubs (ap. 2), pero parecía interesante tamén examinar o seu contexto lector, a través dos adultos membros dos seus clubs específicos de lectura (ligados aos clubs de estudantes de cada centro) (ap. 4). Neles é frecuente atopar profesores, pais de alumnos, persoal non docente dos centros e outras persoas da comunidade. Por último, como auténticos

---

7 Contreras (2002). Para as referencias bibliográficas, ver a nota 7.

mediadores entre a comunidade lectora e o centro, interesaban tamén os coordinadores de clubs (ap. 3).




Fig. 1: Esquema dos tres colectivos obxecto do proxecto

## **1.2 Desenvolvemento dos grupos**

En total, fixéronse 13 grupos de discusión:

- 8 de estudantes
- 4 de adultos
- 1 de coordinadores de clubs

Implicáronse 9 centros de ensino (ver a figura 2). Os grupos realizáronse entre abril e xuño do 2018. Os seus compoñentes oscilaban entre cinco e oito persoas cada un. Cada reunión duraba entre hora e media e dúas horas.

Os grupos foron conducidos por Julio Abalde e Eduardo Estévez, con experiencia en coordinación e animación, a partir de árbores de temas elaborados polo asinante deste informe, que tiñan por obxecto que non quedase fóra ningún aspecto considerado a priori importante. Para facilitar a súa transcrición, os grupos filmáronse na súa

totalidade (o que supón unhas 20 horas)<sup>8</sup>, despois transcribíronse<sup>9</sup> as intervencións e anonimizáronse. As transcricións ocuparon máis de 190.000 palabras<sup>10</sup>.

As transcricións foron lidas e analizadas (de forma complementaria ao visionamento dos vídeos), extraéronse as intervencións máis significativas, coa colaboración dos dous condutores dos grupos, e integráronse provisionalmente en diversos nodos da árbore de temas, que logo serviu de base para a redacción destas páxinas<sup>11</sup>.

### **1.3 El presente informe**

Este informe pretende presentar os principais emerxentes dos grupos agrupados tematicamente. No caso de que haxa, como sucede con frecuencia, correspondencias entre distintos apartados, indícanse con referencias cruzadas.

As intervencións dentro dos grupos realizáronse espontánea e indistintamente en galego ou en castelán. As citas dos membros dos grupos están na mesma lingua na que se realizaron. Só se editaron minimamente, para solucionar algunhas incoherencias propias da oralidade.

Dado que case calquera apartado toca temas que son e foron obxecto de investigación a moitos niveis, non se quixo indicar bibliografía complementaria, coa excepción de resultados de grupos de discusión de temática similar en franxas de idade parecidas levados a cabo polo asinante destas páxinas, ou baixo a súa dirección<sup>12</sup>.

Aclaráronse as alusións a determinados autores e obras que se xulgan menos coñecidas.

---


8 Unitaria Eventos, de Santiago de Compostela, foi a responsable dos equipos de filmación.

9 Edesga (Empresa de Estudos Sociais de Galicia, da Coruña) foi a responsable da transcripción.

10 Unha considerable masa textual, equivalente á que totalizan os dous primeiros tomos de *Harry Potter*, por coller un exemplo afín aos resultados do informe.

11 Agradecemoslle a Julio Abalde un resumo provisional dos resultados.

12 Son os seguintes: Jesús Contreras, “La lectura y sus circunstancias”, en José A. Millán (coord.), *La lectura en España. Informe 2002*, Madrid, FGEE, 2002; Jesús Contreras, “Leer en tiempos modernos”, en José Antonio Millán (coord.), *La lectura en España. Informe 2008. Leer para aprender*, Madrid, FGEE e Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2008 <http://lalectura.es/2008/>; Pura Fernández e José Antonio Millán, “La influencia de los nuevos dispositivos electrónicos en el fomento de la lectura” para Obra Social de Caixa Madrid, setembro de 2011. Por motivos relacionados coa desaparición da entidade que o encargou, o estudo non se difundiu publicamente. Velaquí un avance do contido: <http://jamillan.com/librosybitios/2011/06/avance-de-e-book-biblioteca-e-lectura/>



estudiantes ● adultos ●

- IES Universidade Laboral, **Culleredo** ●
- IES Fernando Esquío, **Neda** ●●
- IES X. Ancochea Quevedo, **Pobra de Trives** ●●
- IES Sánchez Canton e IES Luís Seoane, **Pontevedra** ●●
- IES As Lagoas, **Ourense** ●
- IES A. Bassella, **Vilanova de Arousa** ●
- IES San Rosendo, **Mondoñedo** ●
- IES Lama das Quendas, **Chantada** ●●
- Reunión de coordinadores de clubs (Santiago de Compostela) ●

Figura 2. Centros e tipos de grupos

## 2 Estudiantes

No curso 2017/18, houbo clubs de lectura en 232 centros e totalizáronse 847 grupos que reuniron aproximadamente 10.500 alumnos participantes.

Nos 8 grupos de discusión do proxecto, participaron en total 60 estudantes de ESO (12-16 anos) e bacharelato (ou formación profesional) (16-18 anos): 38 mozas e 22 mozos, pertencentes a 9 centros de ensino.

Os participantes foron seleccionados polos centros, coa colaboración de Bibliotecas Escolares, e escolléronse alumnos que levaron algúns cursos nos clubs. Tentouse no posible que houbera paridade de xéneros. Isto non sempre se logrou, porque nos clubs hai máis mozas ca mozos. Segundo unha estimación da Asesoría de Bibliotecas Escolares, habería 60 % de mozas e un 40 % de mozos. Só en determinados temas, como os clubs de manga, hai máis mozos.

A iso hai que engadir que, nos grupos de discusión, as mozas interviñeron máis ca os mozos. Nunha estatística de veces que fan uso da palabra observamos que, de media entre todos os grupos, os mozos toman a palabra 40 veces, mentres que as mozas 60, ao longo das 1,5-2 horas do encontro (figura 3).

Estes dous factores — o número superior de mozas nos nosos grupos<sup>13</sup> e o seu maior uso da palabra — fixeron que as citas textuais que proveñen delas sexan maioría nas páxinas seguintes<sup>14</sup>.




Fig. 3. Intervencións por persoa  
(de media: 60 por cada moza e 40 por cada mozo)

Convén sinalar que, aínda que o obxectivo do proxecto era a análise das prácticas lectoras dos estudantes membros de clubs de lectura, aflorarán algunhas prácticas previas á súa participación nos clubs, outras pertencentes á súa práctica lectora privada

---

13 Aínda que, froito dos azares da formación de grupos, o noso proxecto totalizou un porcentaxe de mozas e mozos moi similar á composición xeral: 63 %/37 %.

14 Porén, o número de achegas “de interese” de mozos e mozas (enténdese por tales as achegas non triviais que, polo tanto, foron incorporadas á árbore de temas) son proporcionais ao seu número. Noutras palabras: malia que son inferiores en número absoluto, as achegas dos mozos son tan “ricas” como as das súas compañeiras.

e, por fin, outras nas que resulta imposible determinar o seu marco. Todas son útiles e reveladoras para explorar a relación entre estes mozos e o universo lector.

## **2.1 Formación no fogar**

Cando se suscita o tema da súa relación coa lectura, adoita aparecer a reflexión sobre o comezo do seu hábito lector.

### **2.1.1 A nai**

E concretamente esa iniciación está ligada á figura da nai:

Pois eu comecei a ler dende pequena porque a miña nai quixo que comezara a ler, porque a miña nai encántalle, entón a min tamén me encanta ler. *(moza 3.º ESO)*

Eu empecei a ler dende moi pequena porque a miña nai escribe, entón sempre foi a que me fomentou eh... *(moza 1.º ESO)*

Yo empecé a leer impulsado por mi madre *(Risas)* eh... porque quería que aprendiera y quería que aprendiera a leer pronto y lo primero que me dijo fue que encontrara el sitio donde más me gustaba leer. *(mozo 3.º ESO)*

Eu comecei a ler libros pola miña nai que... encántalle ler, sobre todo novelas longas. E comecei por eso, a ler libros que me interesaban dos que ela tiña. *(mozo 4.º ESO)*

Empecé a escribir los libros... a leer los libros eh por mi madre. Mi madre me decía: “bueno, pues este te puede gustar, este tienes que encontrar lo que te guste, lo que no”. Y desde que era... tenía apenas 4 años ya sabía que me encantaba la mitología. *(mozo 3.º ESO)*

Otras veces son irmáns maiores, a avoa, a madriña, uns primos...<sup>15</sup>:

Eu empecei a ler en 2.º de primaria cando a miña avoa decidiuse a en Navidades a regalarme un libro dos enormes de *Xerónimo Stilton*, e empecei a ler. Despois, tiña lido dous libros nunha semana. Empecei a ler, empecei a ler e, sigo e estou aquí. *(Risas) (moza 2.º ESO)*

Naturalmente, aparecen recordos de regalo de libros, e máis infrecuentemente de que lles lesen obras.

Pois nada. A mi tamén me lían contos de pequena. *(moza 2.º ESO)*

---

15 Para a influencia das xeracións, non só nos inicios da vida lectora senón máis adiante, ver o ap. 2.6.2.2.

Meus pais sempre me lían un conto antes de ir para a cama e cando tiña 5 ou 6 anos comecei a lelos eu sola e... ata aquí. (*moza 1.º ESO*)

E un clásico infantil como é ler ás agachadas cunha lanterna.

Collía libros da biblioteca e marchaba correndo e tiña un armario enorme, esquinero, que tiña cheo de peluches. Entón tirábame enriba e acababa a linterna agarrada o armario e pechaba a porta para que non me atoparan. Porque as veces si que... pasaba de facer as cousas de clase e ou... ou tiña algún compromiso entón intentaba esconderme. Pero aínda que sempre me encontraban. (*Risas*) Pero lía aí metida no armario cá linterna arriba. Unha vez ata chegoume... chegou a quedar sen pilas a linterna e eu compreinas a escondidas. (*Risas*) Para que non me riñeran. (*moza 1.º ESO*)

### 2.1.2 Presenza de libros

Algúns dos estudantes manifestan que proveñen de fogares sen biblioteca:

No meu caso, bueno, non temos ningunha biblioteca común nin nada de eso, o único que le na miña casa son eu... E miña irmá, pero, meus pais non lles gusta ler, non teñen tempo a ler<sup>16</sup>, entonces, pues non len. O único que temos unhas enciclopedias alí pero... (*mozo 1.º BAC*)

Pero noutros casos veñen de casas con abundantes libros:

Xa dende pequeno empecei a ler porque a miña madre, á miña nai gústalle moito ler, e na nosa casa temos unha biblioteca no salón, temos un par de estanterías cheas de libros, e que algúns mesmo veñen de outros países, de cando meus pais viaxaban, cando tiñan diñeiro. (*Risas*) (*mozo 4.º ESO*)

Mi padre le gusta mucho leer, en nuestra casa tenemos una biblioteca grande de libros, pero él sobre todo lee en árabe, porque, ¿sabes?, le falta vocabulario en español. Mi hermana pequeña también lee, lee todo el día, lee cómics, o sea, todo el día, le gustan mogollón. Pues yo, yo siempre cuando entro a la librería, imposible que salga sin comprar dos libros o tres, así que en mi habitación hay una gran biblioteca, además libros en toda la casa. (*inmigrante magrebí, moza 1.º BAC*).

Mi madre es que desde muy pequeña... En mi casa siempre ha estado llena de libros, vale? Pero, hasta tal punto que cuando nos quedábamos sin estanterías, en las esquinas podías encontrar pilas de libros que eran, cuando era pequeña, más altos que yo. (*Risas*) Y nunca... siempre he sido capaz como de escoger un poco lo que me va a gustar. (*moza 1.º ESO*)

---

16 Resulta curioso comprobar que cando os mozos din que os seus pais (ou que un deles) non len, é frecuente que engadan unha explicación (case unha escusa), normalmente que “non teñen tempo”.

Eu tamén... bueno, meu pai é profesor de literatura, entón tamén teño ao mellor, cinco mil libros na casa para escoller. (*mozo 1.º BAC*)

Despois en 6.º, cando un día me aburría e dixeron “vou a mirar á biblioteca”, porque teño una biblioteca no salón, outra na habitación dos meus pais e outra na miña, dixeron “pois vou ver que hai”. E pois vin... vin libros de fantasía, de Laura Gallego, que me gusta moito e... pois empecei a ler e dende 6.º de primaria pois leo. Me gusta moito ler. (*moza 4.º ESO*)

### **2.1.3 Lectura no fogar**

Nas ocasións en que a casa se lembra chea de libros, é frecuente que apareza a imaxe dos pais lendo. En ocasións, recoñécese que isto levou a un comportamento de imitación:

Eu empecei a ler desde que era pequena, basicamente porque xa desde que teño recordos recordo a meus pais lendo, con libros, con montóns de libros na casa. Entonces eu sempre collía un libro, aínda que non soupera ler eu pasaba as páxinas e encantábame eso. (*moza 2.º BAC*)

Mi padre le gusta mucho leer, en nuestra casa tenemos una biblioteca grande de libros [...]. Mi hermana pequeña también lee, lee todo el día, lee cómics, o sea, todo el día, le gustan mogollón. (*moza 1.º BAC*)

Ás veces, aparece o tipo de lectura concreta destes pais “moi lectores”; neste caso, son *best-sellers*.

Meu pai le moito Ken Follet, moitísimo. E miña nai le... le, le pero non ten tempo. E... bueno... leuse toda a triloxía de *Cincuenta sombras de Grey* pero agora non, agora non ten tempo para ler xa. Así que... (*moza 4.º ESO*)

E, claro, hai proxenitores (sobre todo, o pai) que non son nada lectores.

Eu empecei lendo en 5.º ou así por aí, os libros de misterio de *Bat Pat*. Sobre todo, porque eran curtiños e, e me gustaban moito. E meus pais non len. (*mozo 2.º ESO*)

- Meu pai le algo de vez en cando pero non moito. (*mozo 2.º ESO*)
- Non, meu pai tampouco, non le nada. (*mozo 4.º ESO*)
- Na miña casa teño unha estantería na miña habitación con libros, pero os meus pais non lle gusta moito ler. (*mozo 2.º ESO*)

### **2.1.4 “A lectura non ten idade”**

Na súa práctica lectora, recoñecen a diferenza entre libros para nenos “para pequenos” e “para maiores”.

A ver... pois eu recordo comezar a ler libros grandes, non para pequenos, cando estaba en 3.º de primaria, máis ou menos, e si que estou orgullosa de haberme lido *It* enteiro as 1.600 páxinas. (*moza 4.º ESO*)

Entón, na lectura centráronsenos moito [seus pais], desde pequenos tuvemos moitos libros, e libros destes que abres e que che saen así as figuriñas... de todo... (*moza 3.º ESO*)

[Falando dos libros cheos de ilustracións] Si, bueno, eso é outra cousa, son máis ben xoguetes. (*moza 1.º BAC*)

Pois é cando empecei a... O sea, cando aprendín a ler, supoño que... Si que me gustaba, sobre todo, o que ven sendo... Claro, ó ter tan pouca idade comezas cuns libros tamén donde hai máis ilustracións, e a min empezoume a encantar a lectura a raíz das ilustracións que había nos libros. (*moza 2.º BAC*)

Hai algún caso en que a lectora se rebela contra a asignación de libros a unha determinada franxa cronolóxica:

Entón, claro, eu quería sacar os libros pero pola idade non me deixaban sacalos porque era... ...como a partir de 14 anos, outros de 16, dicían: Non podes. E tíñao que collelo coa tarxeta do meu pai, eso era como... A ver! Que eu penso que a lectura non ten idade é mais da túa mentalidade. (*moza 4.º ESO*)

### **2.1.5 O prestixio dos libros**

Hai familias que lle outorgan un status especial ao libro; por exemplo, é algo cuxa adquisición pode xustificar un gasto, que para “outra cousa” non estaría permitido, ou é algo que se ve como “importante”. Isto vese aínda máis nas memorias que os adultos gardan da súa infancia (apartado 3.1.1). Pero resulta curioso atopalo tamén na actualidade, cando a aura do libro parece estar desaparecendo...

A meu pai... eh... vin un libro na librería que me gustaba moito, e díxenlle, “papá, cómprame este libro”, e dice, “vale”, e veu o precio e dice, “vinte cinco euros?! Bueno, cómpracho porque é un libro que...”. E pois comproumo porque era un libro, pero si era outra cousa non mo compraba, sabes? (*moza 1.º BAC*)

—O sea ti compras libros...? (*moderador 2*)

—Si, si. (*mozo 2.º ESO*)

—Aínda que non queiras ler, ti compras libros, aínda que non sexa obrigatorio. Como é a cousa? (*Risas*)

—Claro! A ver, eu sei que é importante. Pero non é que me guste moito así... ler. Non.

## **2.2 Espazos privados de lectura**

A lectura ten lugar preferentemente nos seus cuartos e, nalgúns casos, ao aire libre. Dá a impresión de que o que se busca en ambos os casos é o illamento, xulgado imprescindible para a concentración, que pola súa vez é considerada a clave da lectura.

### **2.2.1 Cuarto**

#### **2.2.1.1 "Voy a mi habitación y la cierro"**

O cuarto privado aparece frecuentemente como o centro da lectura, tanto da súa práctica coma do almacenamento de libros. Dentro dela, é a cama o lugar por excelencia.

Y en el momento en que entro en el libro, odio escuchar ruidos, escuchar personas hablando O sea, en el momento en que te pones concentrado, cuando sales, te cuesta un poco volver a estar como al principio. Por eso cuando leo siempre voy a mi habitación y la cierro. (moza 1.º BAC)

Yo también soy mucho de leer en mi cama tranquila, y me gusta que cuando estoy leyendo que no me venga a molestar nadie para sacarlo y "haz esto y haz lo otro". (moza 2.º ESO)

#### **2.2.1.2 "Nun entorno moi solitario e ler"**

A mesma tranquilidade pode lograrse ao aire libre, en zonas rurais ou en parques en zonas máis urbanas.

Eu, como vivo nunha zona rural, pois é moi tranquiliño, non se escoita... Podo incluso irme... Eu que sei... A algunha zona afastada da miña casa e estar alí nun entorno moi solitario e ler. (moza 2.º BAC)

Y yo empecé a leer impulsado por mi madre (Risas) eh... porque quería que aprendiera y quería que aprendiera a leer pronto y lo primero que me dijo fue que encontrara el sitio donde más me gustaba leer. Y desde aquella suelo leer, por ejemplo *La gitanilla* lo leí en... en parques. Me voy a un parque y leo allí, no sé por qué. (mozo 3.º ESO)

Tamén séntome fora aínda estou o aire libre. Leo alí escoito os paxaros e todo iso en verán al lado da escola de equitación e estou alí sempre e estou moi relaxado e leo e concéntrome mellor. (mozo 2.º ESO)

Aínda que os lugares ao aire libre onde hai concentración de persoas parecen non ser un impedimento para a lectura.

Se vou á praia levo un libro, se estou nunha piscina nunha tumbona, levo un libro. Un libro vai sempre, practicamente sempre comigo... no coche levo un libro. (moza 3.º ESO)

Ou vou a piscina e non me apetece meterme teño sempre un libro na mochila. (*moza 2.º ESO*)

### **2.2.1.3 “Todas as posturas posibles”**

O lugar que máis se menciona para ler, como veremos constantemente, é a cama, aínda que é ben coñecido o feito de que os mozos e mozas adoiten ler en multitude de posturas, algunhas das cales poderían considerarse incómodas. Pero recordemos que a lectura é unha actividade *háptica*, que se realiza con todo o corpo.

Pues yo, a ver, normalmente casi... leo en mi casa: o tirada en mi cama o en el suelo. (*moza 3.º ESO*)

Cando leo, póño-me de todas as posturas posibles, pero síntome ben porque se estás cómoda pois axúdate máis a ler mellor a tener máis fluidez na lectura, de pensar máis, de tal... (*moza 1.º BAC*)

Yo leo en el parque o tirado en la hierba o... en un banco tirado o en cualquier lado al aire libre que necesito al aire libre o incluso andando por la calle. No es la primera vez que casi me atropellan. (*Risas*) (*mozo 3.º ESO*)

Eu, persoalmente, depende o tipo de libro. Se é un libro que igual ten unha trama moi complexa, por exemplo, Juego de tronos, eu tíño que ler na miña habitación cun papel ao lado apuntando, os nomes, o libro de familia, tal e cual. Pero, non sei, tamén depende moito do libro, porque tamén disfruto moitísimo na miña cama, tumbada, cun... con silencio... (*moza 2.º de BAC*)

### **2.2.1.4 “Ás veces con música ou algo”**

A música adoita aparecer acompañando a lectura. En xeral, a música é un acompañante constante dos adolescentes, tanto externamente como a través de auriculares, de modo que non é de estrañar que xurda a súa mención. Curiosamente, a música non parece interferir coa práctica da lectura, e incluso ás veces pode ser un complemento.

No meu cuarto xa mesmamente, cólloo aí e quedo xa na cama, ás veces con música ou algo, e ás veces aproveito que teño aquí os libros. (*mozo 1.º BAC*)

Pois eu prefiro ler na cama e coa radio encendida. (*mozo 2.º ESO*)

Tamén disfruto moitísimo na miña cama, tumbada, cun... con silencio... aínda que tamén, se sei que un libro ten unha temática, por exemplo, como Juego de tronos, púxenme música céltica de fondo para a ambientación e todo eso. (*moza 2.º BAC*)

Neste último caso, vemos un curioso efecto de “ambientación” que o lector prepara para o gozo dunha obra determinada. Poderíamos dicir que esta alumna de 2.º de bacharelato creou un “ambiente multimedia” á medida da súa lectura.

Nos casos en que se está lendo no móbil, o mesmo aparato resulta ao tempo provedor de lectura e de música.

*Eu o teño moi claro. Non sei se coñecedes unha a aplicación que é Wattpad\*. Pois eu a teño no móbil. E poríame cos cascos coa música e a ler. (moza 4.º ESO)*

Aínda que non todo o mundo escoita música mentres le:

*A min desconcéntrame. (moza 4.º ESO)*

### **2.2.1.5 Biblioteca privada**

Os rapaces e rapazas presentan unha tendencia significativa a facer a súa propia biblioteca cos libros que máis aprecian. Isto comprobouse noutros estudos cualitativos con adolescentes<sup>19</sup>. A materialidade e a extensión desta biblioteca privada poden variar moito: desde “gran biblioteca” a uns libros encima dun armario. Pero percíbese claramente o orgullo dos adolescentes ante o que están construindo.

*Yo tengo mi biblioteca, sí, con todos los libros que me mandan del instituto, algunos que compro yo, en otros idiomas, o otras temáticas [...], pero, uff, no sé, en mi casa, quien tiene la mayor estantería de libros soy yo, pero tampoco mi hermano y mi madre se quedan atrás. (moza 2.º BAC)*

*Pues yo, yo siempre cuando entro a la librería, imposible que salga sin comprar dos libros o tres, así que en mi habitación hay una gran biblioteca, además libros en toda la casa. (moza 1.º BAC)*

*Y yo también tengo una pequeña estantería con algunos libros, y pues a veces cojo de la biblioteca o que me los prestan. Pero normalmente leo los que tengo. (mozo 4.º ESO)*

Non sempre se trata dunha estantería dedicada a iso, pode ser calquera lugar.

*Eu teño unha biblioteca, no meu armario, porque non teño sitio máis donde poñer... (Risas), están arriba de todo, si. (moza 1.º BAC)*

### **2.2.1.6 “Gústame ter o libro”**

Obsérvase o vocabulario co que aluden aos seus propios libros, conservados no seu cuarto: “no como un tesoro” [“pero casi”, sobreenténdese]; o los libros están “expuestos”.

*Pois a min tamén gústame ler no libro e á parte gústame telo. Se pode ser, se podo compralo ou... dalgunha maneira, pois gústame ter o libro. E*

---

18 <https://www.wattpad.com/>. Ver o ap. 2.6.6.3.

19 Fernández y Millán (2011).

despois tes como, é como... non un tesouro pero como que é teu e, non sei, máis persoal. (moza 3.º ESO)

A min tamén me gusta os libros, e tamén me gusta telos expostos na miña habitación e velos sempre alí. (moza 3.º ESO)

### **2.2.1.7 “Todos á mesma altura”**

Como ocorre coa psicoloxía do coleccionismo, aparecen aspectos levemente “maniáticos” (nas súas mesmas palabras), como a ordenación, a colocación, o completismo... Ao gusto “coleccionista” xeral únese o feito de que moitas “sagas” fantásticas constan de varios tomos.

A min fáltanme tres de *Harry Potter*. Fastídiame un montón. (moza 1.º ESO)

E logo o pos aí na estantería, os colocas... Eu son moi maniática en plan: aquí esta saga, a editorial, todos a mesma altura, no se qué. A autora tamén pero logo publica con diferentes editoriais... (moza 4.º ESO)

E meus pais non len, e en casa teño unha estantería chea de libros pero tampouco ten... teño tantos. (mozo 2.º ESO)

### **2.2.1.8 “Eso no son libros”**

E cando coexisten os libros propios cos dos pais ou outros membros da familia, hai unha valoración despectiva destes: os da nai e irmá —“iso non son libros”— e os “bonitos”, “os que me regalan e compro”.

En mi casa en mi caso hay... Mira, tú imagínate una pared muy grande, pues hay un estante muy grande, pues ahí están todos los libros, pero eso no son libros... Son como de... Los que le gustaron a las señoras de la casa, mi madre y mi hermana, y luego yo en mi habitación tengo los libros que a mí me gustaron, porque tienen un gusto... De verdad... Vaya gusto... (moza 1.º BAC)

Eh... Yo tengo libros propios, pero... Bonitos, tipo los que me regalan y los que compro cuando puedo, y después está la biblioteca mayor, en donde ponemos todos los libros que nos regala mi padre o que compran ellos. (moza 1.º BAC)

## **2.3 Tempos da lectura**

### **2.3.1 Ciclo diario**

O momento ideal da lectura durante o curso son as noites. O feito de que a lectura axude a conciliar o sono é unha constante que encontramos tamén nos grupos de adultos

(ap. 4.2.1), e non só responde a unha experiencia común, senón que se pode atopar entre as “recomendacións” para conciliar o sono en publicacións populares.

Pero sempre que teño tempo intento ler, sobre todo polas noites, cando non teño exame, na cama ou no salón ou en calquera sitio é bo para ler. (moza 4.º ESO)

Si, eu tamén soio ler de noite, e a min eso de ler, a verdade, é que como que me produce as ganas de dormir, non me pasa ó mesmo que as miñas compañeiras que como que se lles dá moita intriga como que pasan horas... Non, a min pásame todo o contrario, como que me relaxa, me tranquiliza... E despois son capaz de conciliar o sono máis rapidamente. (moza 2.º BAC)

A excepción son as persoas que se enganchan excesivamente a un libro (tipo de comportamento que veremos no apartado 2.9.1.2).

[Leo] por la mañana y por la tarde. Es que yo... Es que yo soy muy bruta, ¿vale? Yo me entiendo... Y si empiezo a leer un libro pues pueden pasar dos cosas: que me guste o no me guste que quiera seguir leyéndolo, o que como tenga la intriga lo continúe, entonces si leo por la noche no duermo... (moza 1.º BAC)

### **2.3.2 Ciclo semanal**

O momento típico que manifestan é a fin de semana; porén, é interesante ver o que confesan facer cando teñen tempo libre nese período (ap. 2.10).

En los fines de semana o en los festivos. Ou para intercalar tamén cos deberes. (moza 2.º ESO)

O sea, en verano leo cuando tenga... O sea, todos los días, pero durante el curso no leo todo el día, sólo los fines de semana o así. (moza 1.º BAC)

Aínda que non falta quen confesa ler “todos os días”.

Eu leo todos os días en *Wattpad*<sup>8</sup>, cando podo, senón en físico cando teño un libro, cando podo compralo. (moza 1.º BAC)

### **2.3.3 Ciclo escolar**

En xeral, abunda a lectura nas vacacións, aínda que hai quen prefire para ler o mal tempo, asociado ao inverno.

—A min gústame ler cando fai mal tempo. (mozo 4.º ESO)

—Porque cando fai sol e iso, eu quero estar fora, non... E se estou fora, non estou lendo, estou con outras cousas. (*moza 3.º ESO*)

O tempo durante o curso percíbese como moi cheo de actividades, de modo que as vacacións son o momento con máis tempo libre, que pode ou non aproveitarse para a lectura...

No meu caso eu soio frecuentar máis a lectura en verán porque teño tempo libre, teño as 24 horas para min, non para os estudos, normalmente... Entonces, claro, despois, tamén, como deixo os estudos durante o verán, obviamente, pois digo “xa que non teño que estudar, non teño que escribir, preparar traballos... por que non leo algo en vez de pasarme todo o día por aí cos amigos, tal...? Por que non...? “ Sabes? Porque ó fin e o cabo como que acabas... No mes caso, eu acabo recurrido á lectura para non abandonar esa frecuencia do hábito de ter un libro na man... (*moza 2.º BAC*)

Varios estudantes revelan unha actividade lectora irregular, con picos moi lectores e longos vales sen libros.

Claro, en verano leo muchísimo más que durante el curso, pero una pasada, porque a lo mejor me leo en un día un libro, y en el curso pues estoy un mes sin leer. (*moza 1.º BAC*)

Os clubs de lectura, por último, dan apoio á lectura no verán proporcionando libros en préstamo (ap. 2.11.5.5).

### **2.3.4 Ciclo vital**

Estes estudantes de secundaria teñen unha conciencia clara da variación dos seus hábitos lectores co tempo. Curiosamente, recórdanse lendo máis en épocas anteriores da súa vida.

Entonces eu desde pequena<sup>21</sup> sentín fascinación polos libros, e desde que comecei a ler, cando era pequena, lía moitísimo, moitísimo. Era casi o meu hobby favorito. Pero si que é verdad que a medida que fun crescendo perdino bastante. E ahora simplemente leo no verano, pero leo, ó mellor, un libro, non máis. E non sei... (*moza 2.º BAC*)

[falan dun libro de Jaureguizar<sup>22</sup>]. Eu penso que, cando era pequeniña e cando o comprei, empecei a ler e non me gustou nada, entón, fai... fai dous veráns, penso, dixeron, “bueno, ahora medrei un pouco, seguramente o entendo millor, e podo comprendelo”, pero... nada. O lin... non sei

---

21 Resulta interesante esta mirada ao pasado en diversos estudantes, incluso dos primeiros cursos da ESO, que falan de cando eran “pequenos”.

22 [https://gl.wikipedia.org/wiki/Santiago\\_Jauregu%C3%ADzar](https://gl.wikipedia.org/wiki/Santiago_Jauregu%C3%ADzar)

cantas veces intentei ler ese libro e éme imposible, sigue alí sen ler, y eso que é cortiño, pero non... hai algo que non me... (moza 3.º ESO)

Si, a miña familia sempre me foron regalando, entonces teño bastantes libros, más de cuando era pequeno porque leía más, y eu cuando era pequeno leía seguido, sobre todo libros de *Gerónimo Stilton* e *Bat Pat*. (mozo 4.º ESO)

Tamén hai conciencia de que os gustos por determinados xéneros non son algo fixo, senón que cambian co paso do tempo (ap. 2.4.1).

## 2.4 Xéneros

Unha cuestión sempre interesante é a temática das lecturas preferidas. As categorías que usan os estudantes responden a clasificacións estándar, que en moitas ocasións son as que se usan na biblioteca, ou incluso as que exhiben os rótulos dos seus andeis, pero aplícanas de forma moi xeral e relaxada (ver o caso do “misterio”, ap. 2.4.2).

Predominan as lecturas de ficción e, dentro dela, os favoritos son un pequeno conxunto de xéneros.

### 2.4.1 Unha multiplicidade de gustos

Unha primeira observación é que practicamente ningún dos estudantes dos grupos se declara lector dun só xénero, senón que se adoitan mencionar varios, dos que normalmente se sinala un como preferido.

A min xeralmente os que máis me gustan son as novelas románticas e os de aventuras tamén, pero na novela romántica quizais opera máis o sentimento, e son unha persona á que lle gusta moito a literatura nese aspecto, por eso quizais son un pouco dada á poesía, e entón si que é o xénero que máis me cautiva. (moza 3.º ESO)

Aparece algunha categorización de metaxéneros; por exemplo, o libro práctico ou de non ficción vese como oposto a obras “de creación, de fantasía”.

A min a verdade é que no tiven o desexo de ler algún libro de cociña ou de... históricos o de ciencia, porque non me chaman á atención, xa persoalmente, porque eu son máis de letras de... da creación, da fantasía, da... (moza 1.º BAC)

E, por outra parte, non falta a referencia a que os gustos son cambiantes co tempo.

---

23 [https://es.wikipedia.org/wiki/Geronimo\\_Stilton](https://es.wikipedia.org/wiki/Geronimo_Stilton)

24 Mestura de historia de detectives e de terror para lectores de curta idade. Ver [https://es.wikipedia.org/wiki/Bat\\_Pat](https://es.wikipedia.org/wiki/Bat_Pat)

Eu por exemplo, co paso do tempo, canto máis maior te vas facendo gústanche diferentes xéneros de libros. Vas cambiando os teus gustos. (mozo 4.º ESO)

### 2.4.2 Misterio

Trátase dunha categoría das máis citadas, aínda que presenta bordos difusos, o que fai que se matice engadindo algunhas notas: “de medo”, “asasinatos”... Caen tamén nesta categoría narracións “de detectives” o “policiais”, como Sherlock Holmes.

Eu leo de misterio, asasinatos ou así, e os cómics tamén, mangas e así. (moza 2.º ESO)

Pois a min gústame ler libros de misterio, de medo, porque igual ver unha película sobre eso dáme, pois máis medo e asústome pero lendo, pois no, paréceme entretenido. (moza 3.º ESO)

Novela non adoito ler moito pero, se teño que ler novela, pois moitas veces de temas de misterio como podería ser Sherlock Holmes ou cosas dese estilo... tamén fantasía sin ningún problema. (mozo 1.º BAC)

Eu empecei lendo [...] en 5.º ou así por aí, os libros de misterio de Bat Pat. Sobre todo, porque eran curtiños e, e me gustaban moito. (mozo 2.º ESO)

Hai tamén curiosos cruzamentos do misterio con outros xéneros, como o deportivo.

Gústame ler sobre todo libros de fútbol, como *Os futbolísimos*<sup>8</sup> e leo cuando... cuando me apetece e no tempo libre. (mozo 2.º ESO)

E recordemos a moza que en 3.º de primaria lera integramente *It*, de Stephen King (ap. 2.1.4). E hai máis casos de lectura de obras de King, que adoitan caracterizarse pola súa extremada lonxitude.

Foi o primeiro *Carrie*. Empecei a lelo e... “Isto é *creepy*, isto gústame”. E así empecei a ler *Carrie*, acabeino moi pronto. *O resplandor* tamén. Chistine, despois a segunda parte do *Resplandor*, *It* e agora *A cúpula* eh... O sea, son libros bastante grandes, bastante difíciles de ler a veces. (moza 4.º ESO)

O atractivo deste xénero parece ser dobre; por unha parte, parece que o feito de que unha narración “de medo” é en si mesmo positivo, pero ademais agrada o elemento de non saber que vai pasar: a intriga (é un factor de enganche nos libros, ver o ap. 2.9.1.2).

---

25 <https://www.losfutbolisimos.es/>

A min tamén me gustan os de misterio, pero no solo porque non me dean medo, pero, porque é o que conta a historia, e como o contan, a forma de contalo, que hasta o final non sabes, pois gústame. (moza 3.º ESO)

### 2.4.3 Fantasía

É o outro xénero preferido, no que se encadrarían moitas das sagas máis famosas.

Despois en 6.º, cando un día me aburría e dixen: “vou a mirar á biblioteca”, porque teño una biblioteca no salón, outra na habitación dos meus pais e outra na miña, dixen “pois vou ver que hai”. E pois vin... Vin libros de fantasía, de Laura Gallego, que me gusta moito e... Pois empecei a ler e dende 6.º de Primaria pois leo. Me gusta moito ler. (moza 4.º ESO)

Pero, sen ningunha dúbida, a obra máis coñecida do xénero que xerou xeracións de lectores é *Harry Potter*<sup>26</sup>. A saga aparece citada con frecuencia nos grupos (de feito, é a obra que máis se menciona), ligada ao coleccionismo (ap. 2.2.1.7), ao regalo (ap. 2.6.4), ao transmedia (ap. 2.7) ou á lectura interxeracional (ap. 4.4.2).

Bueno, pues eu, dende que nacín sempre houbo a estantería dos libros de Harry Potter, que, en plan, o meu irmao, que me leva sete anos, xa dende que saían íaos comprando e tal e cual, e sempre tuven ese vínculo especial con esa saga, e despois con máis que se foi abrindo pola biblioteca do meu irmán e tal. (moza 2.º BAC)

### 2.4.4 Manga, cómic

Ao contrario do que pasaba hai tan só unha década<sup>1</sup>, que os cómics e asimilados non se conceptualizaban como lectura, hoxe en día mangas, cómics ou novelas gráficas cítanse naturalmente cando se pregunta por hábitos de lectura, ou menciónanse entre os tipos de libros. A esta normalización do xénero puido contribuír, por suposto, a súa presenza en bibliotecas, escolares ou non, e en clubs de lectura.

O manga (cómic de orixe xaponesa) ten un número crecente de afeccionados, tanto entre os homes coma, en número inferior, entre as mozas. De feito, hai centros que están acollendo ou promovendo clubs específicos de manga para aumentar o número de mozos que, polo xeral, é inferior ao de mozas (ver o comezo do ap. 2).

Nos tres cursos que levo no instituto fun aos clubs de lectura, pero este ano creamos un... Eu e uns amigos creamos un novo club, un de lectura de manga. (mozo 3.º ESO)

A min, por exemplo, para moitos coñecidos, non, que se menciona aí un caso, moitos amigos meus agora pois, sobre todo aproveitando o boom

---

26 Permítaseme unha lembranza persoal da iniciación dos meus fillos na lectura da saga: “La piedra filosofal. Las razones de Harry Potter”, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza* (2001), número 42-43 <http://jamillan.com/piedrafi.htm>

que tivo na nosa xeración o tema dos mangas, que se me olvidou antes mencionar que tamén leo, sempre vas a atopar algunha parte, non teñen a... son caros relativamente porque claro están en tomos e ao mellor unha serie longa, das máis coñecidas ao mellor ten cento trinta tomos, e cada tomo son ao mellor oito euros, e claro... (mozo 1.º BAC)

Si, a mi también me gustan todos los tipos de libros, os mangas, eso si, y especialmente las novelas amorosas. (moza 3.º ESO).

Despois, se me sobra tempo e non teño nada que facer, me poñería a ler un pouco o manga. (mozo 3.º ESO)

Un factor complementario que explica o éxito do manga é que ao seu redor hai unha notable actividade de fans, vehiculizada por aplicacións móbiles (ver o ap. 2.6.6.3).

Después, para hablar así de manga é mellor Amino<sup>27</sup>, unha aplicación para comentar así o manga e... (mozo 3.º ESO)

Con menor presenza ca o manga aparece o cómic ou a novela gráfica.

O libro para min... Desde pequeno creo que sería unha novela gráfica. *O regreso do cabaleiro escuro*, de Frank Miller. Esa novela é novela gráfica, que é de Batman, meteume... Meteume nun mundo de cómics... (mozo 3.º ESO)

## 2.4.5 Poesía

A poesía adoita aparecer citada como un dos xéneros preferidos dos estudantes<sup>28</sup>. Está clara a influencia que ten niso a acción dos clubs de lectura e, moi particularmente, os contactos con autores (apartado seguinte).

Pénsese que, nos estudos cualitativos con estudantes que levamos a cabo nos anos 2002 e 2008 en distintos lugares de España<sup>29</sup>, o xénero poesía practicamente nin aparecía mencionado.

### 2.4.5.1 Relación co autor

É importante o labor que realizan as bibliotecas escolares e os propios clubs como fomento do xénero, acompañadas frecuentemente por encontros con creadores (ap. 2.11.5.4), algúns dos cales espertan inmediatamente o interese do seu público novo.

—Ti lías poesía antes de... de que viñese por aquí Carlos Negro<sup>30</sup>? (moderador 2)

---

27 <https://aminoapps.com/>

28 En xeral, a presenza da poesía, sobre todo en galego, nas librerías e no medio cultural de Galicia creo que é superior á que teñen noutras comunidades do estado.

29 Contreras (2002), con grupos en Barcelona, Oviedo e Sevilla, y (2008), con grupos en Barcelona, León, Madrid e Sevilla.

—Eh... no porque de pequena pues no me gustaba leer mucho. Pero un día pues me dio y ahora me encanta leer así libros de vez en cuando. (moza 2.º ESO)

#### **2.4.5.2 “É o xénero que máis me cautiva”**

A poesía comparte tamén a predilección dos lectores con outros xéneros, aínda que ás veces en posición destacada:

A min xeralmente os que máis me gustan son as novelas románticas e os de aventuras tamén, pero na novela romántica quizais opera máis o sentimento, e son unha persona á que lle gusta moito a literatura nese aspecto, por eso quizais son un pouco dada á poesía, e entón si que é o xénero que máis me cautiva. (moza 3.º ESO)

Despois empecei a ler poesía e a poesía si que me gustou moito. E poesía lía moita poesía. (mozo 3.º ESO)

Eu agora pois, case sempre leo novelas, de tódolos xéneros, pero cando era pequena, o que sempre lía era poesía, pois porque de pequena pois chamábame especialmente a poesía. (moza 1.º ESO)

#### **2.4.5.3 “Empecei a ler poesía por enfermidades”**

É interesante como xorde a mención dun certo xénero de poesía destinado a confortar as persoas próximas a enfermidades (o que se coñece como *biblioterapia*)<sup>31</sup>. Non se deduce da conversación se se chega a ela por prescrición do profesor ou por outras vías.

*Pero despois cando tuven ao meu abuelo enfermo por cáncer e cousas así, empecei a ler poesía por enfermidades. Hai poesía que dedícanlla a persoas que están enfermas, que é a que leo aínda agora, que o autor si que me acordo, que é César Poetry<sup>32</sup>. E leo toda a poesía del, comprei todos os libros, porque el fala polas personas que están mal e agora leo poesía solo, porque os libros de lectura obrigatoria non leo nin un. (Risas)* (mozo 3.º ESO)

#### **2.4.5.4 “Veo metáforas donde non hai”**

Naturalmente, a poesía presenta, como lectura, retos especiais que non ten a narrativa, pero iso non parece afastar as lectoras.

---

30 [https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos\\_Negro](https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Negro). De feito, o seu traballo en favor da lectura de poesía foi recoñecido co Premio dos Clubs de lectura 2018: <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/1104>

31 <https://es.wikipedia.org/wiki/Biblioterapia>

32 Por exemplo <https://www.elcorteingles.es/bio/cesar-poetry/>

[No club] é máis difícil un poema, ou un conxunto deles, que comentar unha historia. Na historia vas lendo e se a rematas de ler pois quedaste con esa idea pero claro, ao mellor nun poema dices “uff”... (moza 3.º ESO)

Veo metáforas donde non hai e... Gústame moito, porque eu saco a miña propia versión do pema. (moza 4.º ESO)

É moi interesante ver ata que punto a poesía se pode concibir como un xénero *superior* que pode mesmo estar no interior doutros xéneros.

Eu creo que les un libro dunha *youtuber*, e logo comparas cun clásico, eu sempre comparo con Roald Dahl e con Charles Dickens, pois porque me apasionan, e non teñe... non ten nada que ver polo feito... por como está escrito, ou, non sei, ese poema que hai por debaixo pois moitos deses libros, pois como que non o teñen, e os clásicos pois si que os teñen, e entón gústame máis. (moza 1.º ESO)

## **2.4.6 Non ficción**

Os libros que non son de narrativa teñen unha presenza nada desdeñable entre os que citan os mozos e mozas de secundaria, pero os seus xéneros están moito máis dispersos.

### **2.4.6.1 Ciencia**

Teñen unha pequena presenza as obras de divulgación científica.

Si, eu leo, bueno, son bastante friki así da medicina e destas cousas pois leo libros desas cousas. Agora estou lendo un do National Geographic do cerebro que mola moito, bueno, a min. (moza 1.º BAC)

Bioloxía é unha cousa que me gustou moito sempre. O sea, está ben a novela para cando queres despexar a mente, estás estresado, a min gústame moitísimo ler, pero creo que tamén a lectura é un medio para aprender. (moza 4.º ESO)

### **2.4.7 Varios**

Como mostra do variado das lecturas doutros xéneros de non ficción, véxanse estes testemuños.

Eu, os libros, empecei a ler en 5.º, que mandaban ler libros. Eu lía máis ou menos, lía algún capítulo e xa paraba... (Risas) Porque non me gustaba. E despois en 6.º limos Ana Frank e ese si que o lin todo, porque ese gustoume ese libro e aínda agora, se... Aínda que non o lera máis desde aquela, aínda me acordo do resumen todo do libro. (Risas) (mozo 3.º ESO)

E despois tamén me gustan, por exemplo, os libros de... Sobre a cultura de outros lugares do mundo, non? Cultura inca, ou cultura xaponesa... Non sei, que son como documentais pero na escrita. (moza 2.º BAC)

Estoume, ultimamente, metendo bastante dentro deso, en relación co feminismo. Por exemplo, recentemente lin un libro que se titula *Las pioneras*<sup>33</sup>, e é un listado de mulleres que destacaron a nivel histórico na ciencia, na tecnoloxía, na economía. (moza 2.º BAC)

De feito o ano pasado no club de lectura, en todos os do instituto limos bastantes libros da guerra civil porque nos veu un guerrillero dar unha charla de, da súa experiencia na guerra e iso, entóns fixéronnos ler bastantes libros<sup>34</sup>. A min eso, non me gusta moito a novela histórica, porque á parte de que non me gusta moito a historia, pois non sei, eu... pois eu leo libros para relaxarme e para non, non sei, para non adquirir máis coñecementos... (mozo 4.º ESO)

Mi madre me decía: “bueno, pues este te puede gustar, este tienes que encontrar lo que te guste, lo que no”. Y desde que era... tenía apenas 4 años ya sabía que me encantaba la mitología. Y ahí estoy. Simplemente lo que sea mitología griega, romana, china, cualquiera me vale, punto. (mozo 3.º ESO)

A min en xeral tamén os libros de curiosidades, ás veces incluso me gustan os dos Guinness porque aprendes cousas realmente extravagantes. (moza 3.º ESO)

### 2.4.8 Prensa

A lectura de prensa aparece en poucas ocasións e, polo xeral, cando se pregunta por ela directamente. Basicamente, trátase de xornais, máis que de revistas, e ás veces por encargo escolar.

– Si hay alguna revista que sea así interesante... (mozo 2.º ESO)

– Algunha que outra revista. (mozo 4.º ESO)

En Orense no centro comercial eu lera o periódico porque... todo a de gallego... a de castelán mandáranos facer algo de ler un pouco un día algo. Eu lera as noticias e un poñía que se guindara outro que se suicidara, outro que o aforcaran, que fora un asasinato... (mozo 2.º ESO)

– Ledes o periódico en papel? Ou ledes o periódico en dixital? (moderador 2)

– En papel. (mozo 2.º ESO)

– En papel. (moza 2.º ESO)

---

33 Probablemente este: <https://www.planetadelibros.com/libro-las-pioneras/254456>

34 As visitas de autores ou persoas relacionadas co mundo dos libros aparecen citadas frecuentemente como un incentivo para a lectura. Ver o ap.2.5.4.1.

- En ambas. (*moza 2.º ESO*)
- Yo en las dos. (*mozo 2.º ESO*)

A min, o formato que máis me gustou sempre foi o... tamén o de papel. E, en xeral, para todo, para as revistas, para... incluso no xornal. É certo que moitas veces o xornal si que ao mellor o leo no móbil, porque xa che salta noticias, chama a atención, entras e xa está. (*moza 3.º ESO*)

## **2.5 Invitacións á lectura**

O desexo de ler unha determinada obra pode nacer polo contacto directo con ela (e este apartado está dedicado a analizar cal dos seus elementos resulta atractivo) ou ben por recomendación externa (á que lle dedicaremos o apartado seguinte, 1.6).

Na biblioteca escolar (e ás veces tamén na biblioteca pública), no club de lectura, nas librerías e nos mercados, os estudantes poden entrar en contacto con diferentes obras. Esta sección trata de deslindar que elemento ou elementos son os que máis os inclinan cara a unha lectura determinada porque, en realidade, poden ser varios.

O título, a portada... E despois, pois, o resumo que vén detrás. (*moza 3.º ESO*)

En síntese, esta estudante guíase por moitos dos paratextos<sup>35</sup> da obra, pero algúns teñen os seus favoritos.

### **2.5.1 Portada**

É o elemento máis destacado dun libro, sobre todo nas coleccións de obras xuvenís.

A min, chámanme moito as portadas, eu veo unha portada bonita e vou correndo a coller o libro, dáme igual, eu cólloo e, bueno, xa verei a ver de que trata, logo con calma xa o vou vendo e digo, “bueno... non me gusta moito”, déixoo, collo outro... (*moza 2.º ESO*)

Que sea una portada bonita, no me gusta leer los libros y que sea una portada que me no gusta, que no exprese el libro, no me gusta, no lo leo. (*moza 3.º ESO*)

De feito, a min os libros atráenme moito polas portadas... É como que “Ai, que portada máis bonita”. (*moza 2.º BAC*)

### **2.5.2 Contraportada**

A contraportada (ou o texto de solapa etc.) é un elemento menos inmediato, que existe en si mesmo un proceso de lectura. Tamén é moi citado.

---

35 <https://es.wikipedia.org/wiki/Paratexto>

Eu vou á biblioteca e leo a contraportada e por intuición, les o libro. (moza 2.º ESO)

Leo o resumo ou o título que me parece moi interesante, leo o resumo tamén, que me chama a atención... E, ó mellor, despois collo, empezo a lelo e xa non me gusta tanto ou hai certas cousas que me decepcionan, paréceme pesado e volvo a devolvelo e así sucesivamente. (moza 2.º BAC)

É interesante que algúns estudantes utilicen o termo técnico “sinopse”, que viría claramente do vocabulario do profesor ou do coordinador do club.

Solo ir ás librerías o... e tal e comezar a ver tódolos libros que ten e se algún me chama atención mirar a... ou a sinopse e tal. E se me gusta moito pois o compro ou o anoto a lista de ler\*. (Risas) (moza 4.º ESO)

Se o resumo do libro... a sinopse paréceme interesante, pois normalmente o leo. (mozo 4.º ESO)

### 2.5.3 Título

Adoita ter tamén un atractivo propio, aínda que máis ben funciona como un identificador cara á recomendación ou cara á busca. Pero tamén pode actuar como un repelente.

Eu teño unha cousa que non entendo moi ben nos libros, é que en algunos no teñen moito sentido os títulos. Por exemplo, agora estou leyendo un libro para un traballo de lingua castellana que es: *Non pidas sardiñas fóra de temporada*\*. (mozo 2.º ESO)

Resulta interesante ver como os alumnos galego-falantes citan nesa lingua moitos dos títulos casteláns, aínda que non exista tradución ao galego, como é o caso desta última novela. Parece que para eles, que len habitualmente en ambas as linguas, existe basicamente un *continuum* de lecturas nas que se senten igualmente cómodos (ver o ap. 2.12)

### 2.5.4 Autor

Como elemento identificador, como “marca” ou, mellor aínda, como garantía de pracer lector, a figura do autor ou da autora ocupa un lugar destacado.

Eu tamén saco moitas veces a... a idea dun libro por o autor. Porque por exemplo, si me gusta como narra as cousas pois primeiro vexo o que escribiu e despois vou a ver como é o libro que escribiu e si me gusta cómpro e se non, non. (mozo 2.º ESO)

---

36 Esta lista de “lecturas pendentas”, en papel ou no móbil, aparece citada nalgunha outra ocasión.

37 [https://es.wikipedia.org/wiki/No\\_pidas\\_sardina\\_fuera\\_de\\_temporada\\_\(novela\)](https://es.wikipedia.org/wiki/No_pidas_sardina_fuera_de_temporada_(novela))

Eu por exemplo, moitas veces digo, “quero un deste autor”, porque eu teño dous autores, que serían Charles Dickens e Roald Dahl, que me encantan como escriben, encántame ler os seus libros, entón digo, “buah, é que non sei cal escoller, non sei que”. (moza 1.º ESO)

*El héroe perdido* de Rick Riordan<sup>a</sup>, yo fue un libro que lo leí, es de unos semidioses que se unen varios chicos para cumplir una profecía y... e impedir que liberen a una diosa malvada. A mí ese libro me marcó mucho, porque me aficioné mucho a ese autor, y en un año conseguí como trece libros del mismo autor porque me obsesioné mucho con él. (moza 2.º ESO)

Yo en general voy por autores. Cuando encuentro un autor que me gusta mucho, pues ya cojo muchos libros de ese autor, y voy así. Lo malo es que después te juntas con muchos autores y no das... empiezas una serie de libros y no das terminado ninguna. (moza 2.º ESO)

Eu por exemplo para buscar libros voume a autores que xa coñezo e gústanme as súas obras e busco outras obras que sexan parecidas ou que sexan as continuacións. (mozo 4.º ESO)

#### **2.5.4.1 Contacto persoal**

É importante o efecto que exerce sobre estes novos lectores o contacto directo co autor, a través de encontros propiciados polos clubs (como xa vimos en poesía, ap. 2.4.5.1). Os encontros cos autores e coas autoras son un dos elementos apreciados no club de lectura (ap. 2.11.5.4),

Una cosa buena del libro es que hay un momento que conoces al escritor e podes estar moi nervioso o eso, pero eso es genial porque conoces al escritor, porque puede darte alguna idea para su próximo libro puedes hacerle un comentario del libro que podría haberle cambiado y te hubiese gustado más. (mozo 2.º ESO)

Cuando vino [Amadeo Cobas, autor de *A Cacería*], *me encantó mucho conocerle y nos trajo así cosas de cómo se representó*. Nos trajo un día un escudo, una espada, un machete, lo mostró así para reconocerlos... Luego así una cerbatana, así de mentira, para *los malvados*, y *nos contó* muchas veces cómo se le ocurrió hacer esas cosas. (mozo 2.º ESO)

#### **2.5.4.2 Youtubers**

Teñen tamén unha vertente de autores de libros, e de eficaces promotores destes. Tratarémolos, xunto coa súa vertente de recomendación, no ap. 2.6.6.1.

---

38 [https://es.wikipedia.org/wiki/El\\_h%C3%A9roe\\_perdido](https://es.wikipedia.org/wiki/El_h%C3%A9roe_perdido)

39 <https://revoltadafreixa.blogspot.com/2017/07/amadeo-cobas-caceria.html>

### 2.5.5 Colección, saga

Como xa vimos (ap. 2.2.1.7), o afán de “completismo” dos mozos e mozas encontra o seu lugar natural nas series narrativas.

Siempre me regalaban libros y libros y a lo mejor algunos que yo no conocía, los empezaba a leer y ahora empiezo a coleccionar las sagas todas completas. Y pues sigo así, por ejemplo, me voy cogiendo un libro y después, unos días después, me entero de que hay libros anteriores. Porque claro, yo empiezo a leerlos y no me entero de nada. Y después es cuando me doy cuenta que había uno del principio y que van a sacar otro y yo: “mamá me tienes que comprar el del principio que, si no, no me entero y cuando salga me tienes que comprar el otro”. (moza 3.º ESO).

[*La lección de August*] Pois é precioso, de feito logo toda, case toda a clase, eu incluída seguimos comprando toda a colección e é xenial. (moza 1.º ESO)

### 2.5.6 Lugares de contacto cos libros

Como lugares de exposición aos libros, facilitan un primeiro contacto e permiten desenvolver os achegamentos que estivemos vendo neste apartado.

#### 2.5.6.1 Librería: “Me sueltan en una librería”

A diferenza dos adultos (ap. 4.4.2.7), os mozos ven as librerías máis como lugares de encontro con libros que como puntos en que poden atopar orientación por parte de profesionais.

A meu pai... eh... vin un libro na librería que me gustaba moito, e díxenlle, “papá, cómprame este libro”. (moza 1.º BAC)

Y después empecé a ir a las librerías con mi madre y miraba pues las portadas y tal los que me gustaban y después les daba la vuelta y en el resumen que tenían me los leía y si me gustaban pues me los me los iba cogiendo. (moza 3.º ESO)

Pues, simplemente me sueltan en una librería y voy... Voy caminando y pues me voy fijando y no sé. A mí sinceramente me gusta mucho tocar los lomos de los libros, me dan como... así como... no sé, es difícil de explicar. Es como si pudieras entender mejor los libros. Y me encantan que sean de tapa dura. (moza 1.º ESO)

### **2.5.6.2 Bibliotecas: “Ao mellor algún libro que te chama a atención”**

As bibliotecas son outro lugar no que se poden atopar propostas de lectura, tipicamente nas seccións temáticas ou de novidades. Polo contexto, estase falando de bibliotecas escolares.

A min o que me pasa coas novidades... Pasou coas novidades, foi que ao mellor algún libro que te chama a atención, por exemplo, de feminismo ilustrado vino, quíxeno coller e collino e logo pareceume tan bo que compreino. Agora o teño na miña casa. (*moza 1.º ESO*)

Me gusta ter os libros que me gustan, así que por exemplo, se leo un libro, normalmente leo primeiro os libros nunha biblioteca se os hai, e despois si me gustan os merco. (*mozo 1.º ESO*).

Particularmente eu sempre, cada vez que hai novidades ou que me informan de que tal, pásome pola biblioteca e vexo aí no estante de novidades, que igual chega algún libro dun autor, que dices, “uhm, vaia, chegou este”, e normalmente, cóllo cando teño tempo libre, pero bueno, agora non teño moito tempo libre. (*moza 2.º BAC*)

Si, na biblioteca hai un recuncho especial donde están os libros... Pois ó mellor cada mes lle adican o libro pois un mes ao que ven sendo libros de autores estranxeiros, ou libros que están baseados en outros países, libros sobre as mulleres, libros sobre a esclavitude... (*moza 2.º BAC*)

### **2.5.7 “Los libros siempre aumentan”**

Uns libros chaman a outros, e isto é algo que os mozos (tamén desde a súa experiencia de sagas, de secuelas e precuelas) teñen moi claro.

Eu penso que os libros sempre aumentan. O sea ti cando dis “quero este”, logo de repente outro día aparéceche outro. (*moza 4.º ESO*)

Ou ás veces, os propios libros que les, pois logo o autor gústache ou fala doutro libro... Por exemplo este trimestre estamos lendo un que vai das *Mil e unha noites*, e a min por exemplo entráronme ganas de lelas, e estou mirando de conseguilo, para lelo porque, como vai de eso, como que o propio, un libro pois ás veces incítache a ler o outro, ou polo autor ou por algo e pois, a partir de un vas lendo o outro, e logo a partir dese les o outro, e así vas facendo como nunha cadena. (*moza 1.º ESO*)

## **2.6 Recomendación**

Trataremos neste apartado a suxestión de novas lecturas, directa ou ben implicitamente, en forma de regalo.

## **2.6.1 Amigos, compañeiros de colexio**

Os grupos de pares son unha fonte clara de recomendación, que se complementan coas que se articulan a través das redes sociais, especialmente vía aplicacións (ap. 2.6.6.3).

### **2.6.1.1 Non lectores: “Pasámolo falando de outras cousas”**

De entrada, convén sinalar que hai grupos de amigos que realmente non comparten a afección pola lectura nin a comunicación arredor dela.

Pero en realidade no conozco a mucha gente que lee. *(moza 1.º BAC)*

O meu grupo de amigos tampouco é o tipo grupo que nada máis vernos empezamos a falar de obras de lectura e cousas en relación con libros, non? Eu creo que... Non sei se hai moita xente que o fai, quero dicir, a maior parte do tempo pasámolo falando de outras cousas [...] E hai obras que eu non coñezo e eles si e viceversa, e rara vez falamos de lectura, a verdade. *(moza 2.º BAC)*

### **2.6.1.2 Entusiasmo: “Tes que lela, tes que lela!”**

Pero noutros casos hai moito labor de recomendación.

Como eu sempre tiven amigas e compañeiras que lles gustaba ler, xeralmente íamos en grupo, e comentábase os libros en grupo. *(moza 3.º ESO)*

Pero también me han recomendado muchos libros. Soy también de las que tienen amigas muy lectoras... *(moza 1.º ESO)*

Pois eu lín sempre dende nena pero lía pouco, en plan *Tea Stilton*<sup>41</sup> ou cousas así (*Risas*) pero logo como que deixei a lectura un pouco de lado e non foi ata que unha amiga comezou cunha saga, a de *Cazadores de sombras*<sup>42</sup>, e se me puña todos os días: “tes que lela, tes que lela!, que é moi boa!”. E claro foi tan pesada que foi ler unha enteira e foi como “preciso máis”. Entón aí comecei a ler e a ler e metinme nos clubs de lectura e... *(moza 4.º ESO)*

Claro, el recoméndame o que de verdade lle interesa, e se resulta que o libro logo é unha... unha obra moi boa, pois moi ben, fareille caso a ese amigo, e se resulta que foi horrendo pois, da opinión dese xa paso para a próxima recomendación que me faga, entón... *(mozo 1.º BAC)*

Pois eu cando empezo a ler un libro, pois empecei o ano pasado e linme unha serie de libros que limos o primeiro no club de lectura e eu lin os demais, e despois tamén recomendoume miña avoa un e o lin, se o

---

41 <http://www.clubgeronimostilton.es/clubTeaMisLibros.php>

42 [https://es.wikipedia.org/wiki/Cazadores\\_de\\_sombras](https://es.wikipedia.org/wiki/Cazadores_de_sombras)

recomendei a outra nena e agora estou lindo el segundo e ela esta lindo o primeiro. (moza 2.º ESO)

### **2.6.1.3 “Un pequeno club de lectura entre dos personas”**

En ocasións, estes alumnos adoptaron estratexias do club de lectura, e son capaces de acompañar unha recomendación baixo a forma de intercambio “cun pequeno resumo” e un espazo para “compartir ideas”.

*Antes olvidamos dicirvos que... cando falamos do da hora de lectura<sup>43</sup>, que as veces cando un libro che gusta pois, co compañeiro, os intercambias e ti, “pois bueno, este gustoume moito, non sei que”, e faslle aí como un pequeno resumo, e o outro tamén, e entón dis, “buah, pues, facemos un cambio, non sei que”, e entón, ti les o do compañeiro, e o compañeiro le o teu, e logo, pois ademais tamén podes compartir ideas con el, como se fose un pequeno club de lectura entre dous persoas, e eso tamén é moi interesante. (moza 1.º ESO)*

Eso é o mellor, o de compartir, por exemplo, ti les un libro, pásaslle o libro au teu compañeiro, e despois comentar se che gustou, se non, o que máis che gustou, o que menos. Para min, a min eso, por exemplo, encántame. (moza 2.º ESO)

## **2.6.2 Familia**

Aínda que vimos (ap. 2.1.2) que hai familias pouco ou nada lectoras, e fogares practicamente sen libros, noutras detéctase unha gran circulación de recomendacións en todas as direccións.

### **2.6.2.1 En paralelo**

Ten lugar tipicamente entre irmáns, con frecuencia dos maiores aos menores. Como di unha estudante, a transmisión do interese pola lectura pode ser unha auténtica cadea:

Pois eu, desde pequeniña meus pais, tanto ao meu irmán coma a min, bueno, primeiro meu irmán e despois meu irmán e meus pais a min, intentaron inculcarnos sempre o hábito de ler. (moza 3.º ESO)

Si, é un unha, [meu irmán] vamos unha persoa apaixonada da historia, encántalle a historia, entón busca en internet, despois ao mellor escribe el un articulo sobre o que leu, é unha persoa que lle encanta... de feito tamén está no club, encántalle ler, entón, sempre me recomenda... eu dígolle, pois, ao mellor algún libro dos que vou ler e xa o leu el con outro profesor ou por libre, entón pregúntolle, “e este gustouche?”, e dice, “bueeeno...”... E, normalmente, acerta, porque parecémonos moito, e temos unhas

---

43 A *Hora de ler* é un espazo que se reserva no horario lectivo para practicar a lectura individualmente, con liberdade de escoller a obra.

personalidades moi parecidas, e gústanos realmente... temáticas moi similares. (moza 3.º ESO)

Eu tamén guíome moito pola miña irmá, porque ela vai en cuarto e, ás veces, pois ve ou libros que para ela foron obrigatorios e, pero agora xa non o son ou algo, e que cando os lía, miña irmá falaba moito deles ou non sei que, entón o veo, recoñezoo polo que ía dicindo, porque a miña irmá fala moito en casa, de todo, entón tamén fala dos libros, entón o collo e pregúntolle a ela, e tamén faime recomendacións dos que xa hai pola casa, porque ela xa os leu, entón tamén guíome por eso. (moza 1.º ESO)

Ah sí... sí, me gusta que me recomienden libros, que ya leyeron, que ya saben... porque, por ejemplo, mi hermana, me recomienda... es la que me recomendó todos los libros que leí, todos, todos absolutamente todos, menos los del club de lecturas, claramente, me los recomendó todos, y son todos una maravilla, son muy bonitos, con historias... porque sabe mis gustos, sabe... claro... ella no me va a regalar un libro, no, porque los quiere todos para ella. (moza 3.º ESO)

### **2.6.2.2 De xeracións superiores a inferiores**

Incluimos nesta categoría as recomendacións dos pais, padriños, de primas ou irmáns moito maiores, ou de “xente maior” sen especificar. É interesante que desa maneira se promove o interese por obras aparecidas décadas atrás (como a serie de *Los cinco*, de Enid Blyton).

A ver, é que depende... Ao meu pai gústalle moito o tema historia, sempre ten moitos moitos libros de historia e, por exemplo, a min tamén me gusta. Entón, se me interesa un tema, pois dícame, “mira, le este libro que pode gustarche ou aquel”, ou de ciencia, que el estudiou veterinaria, entonces tamén me recomenda moito e, pois, normalmente gústame. (moza 3.º ESO)

Si ti te negas a, ao estudo, o a calquera aspecto cando eres pequeniño, é difícil que logo... che guste. Sen embargo, se o colles desde neno con máis ganas e ao longo da vida vaise “pegando” a ti, vas facendo unha, eh... unha parte de ti, por decilo dalgunha maneira. Entón, na lectura [meus pais] centráronsenos moito, desde pequenos tivemos moitos libros, e libros destes que abres e que che saen así as figuriñas... de todo... (moza 3.º ESO)

Eu... É que os meus pais non len case nada, recibo algunha recomendación das miñas primas, que teñen 20 e tantos, pero é máis ou menos o mesmo gusto. O que si que me pasou foi que un cura prestoume uns libros... (Risas) E entonces están aí mortos de risa, porque empecei a ler a primeira páxina e xa dixen “non”. Xa. (moza 1.º ESO)

Eu, sobre todo, teño recomendacións de miña nai, que lle gusta ler moito e tamén de meu irmán, porque é bastante maior, lévame 11 anos e... Pero

bueno, temos un gusto bastante parecido e estamos seguido recomendándonos e así, entón... (moza 1.º BAC)

A min foi por recomendación das persoas maiores, por exemplo, descubrín, o meu favorito, que eran Os cinco, por xente, de eso, da década dos sesenta, setenta, porque coñecían eses libros que, se fose eu, non os chegaría a recibir. (mozo 1.º ESO)

### **2.6.2.3 De xeracións inferiores a superiores**

Os mozos poden ás veces recomendarlles libros aos seus pais ou incluso a profesores.

Mis padres leen mucho, mi madre potencia a mi padre a que lea, sobre todo... Por ejemplo se van pasando los libros, primero lee uno mi madre y luego pues se se... me dice que se lo de a mi padre, se lo recomiendo y bueno, sobre la misma temática que leen ellos, ¿no? O incluso se lo recomendé yo a mi madre, un libro... (moza 3.º ESO)

Meu pai non... normalmente non le nunca, a non ser as noticias ou así. E cando nos mandaron aquí ler Pel de lobo<sup>1</sup> recomendeillo porque el traballa neso no monte e todo eso. Entonces pensei que lle iba a gustar e leuno só nunha tarde e dixo que estaba moi ben. (moza 2.º ESO)

A miña nai gústalle, é coma min, gústalle os temas máis de drama, amorosos e tal, e compartimos os libros, eu a veces... non lle regalo libros pero ao mellor digo, “mamá, pues tomas este libro, que eu o lin e... vaiche gustar”. E ao meu padrastro, a verdade que nunca lle fixen un regalo dun libro, pero bueno, xa... (moza 1.º BAC)

Algúns hasta os presto. Eu, os que comprei, os catro que teño dese autor, presteillos a unha profesora de castellano e a profesora leunos e gustáronlle e comprounos para a biblioteca do instituto. (moza 3.º ESO)

### **2.6.3 Fama**

Pode verse como unha forma distribuída e amorfa da recomendación de compañeiros ou familiares. Eses libros dos que fala “todo o mundo”, como din expresivamente, non poden senón picar a curiosidade lectora dos mozos.

Precisamente, esta presión dos *best-sellers* pode chegar a facer que os mozos queiran incluílos nas lecturas do seu club. E ás veces a misión dos coordinadores é impedir que entren demasiados libros dos que están “de moda”. Para esta cuestión ver o ap. 3.6.)

Non porque eso vai moito por tendencias. E fai un mo... chega un momento que está lendo todo o mundo lendo o mesmo libro e dis: “que narices está pasando por favor!” (Risas) (moza 1.º ESO)

E que... estaba todo o mundo lendo *After*<sup>44</sup>, estaba todo o mundo lía *After*. E dixen eu, “e que será eso?” (moza 1.º BAC)

A veces queres ler unha triloxía que todo o mundo, solo por curiosidade, por saber que é o que engancha tanto, é dicir... (moza 4.º ESO)

Eu cando normalmente escollo un libro ou ben porque é un libro famoso, bastante coñecido, como por exemplo *It* ou *O Hobbit* ou así. (mozo 4.º ESO)

Aínda que ás veces defrauden:

A min se o leu moita xente adoita a darme bastante igual porque de feito, libros que son xa best sellers de feito tíranme para atrás porque, por exemplo cousas como *O código Da Vinci*, pois... (mozo 1.º BAC)

## 2.6.4 Regalo

O regalo de libros aos mozos apareceu frecuentemente nos nosos estudos cualitativos<sup>45</sup>. O obsequio é unha forma extrema da recomendación, que esixe ademais que o doador coñeza os gustos do receptor. Regalar algo, dentro do noso marco cultural, crea reciprocidade; é dicir, pode facer que o receptor quede en certo modo obrigado a regalar.

Estes dous aspectos aparecen no testemuño destes estudantes:

Eu na casa teño unha biblioteca bastante ampla, porque meu pai le un montón, e sempre me recomenda libros de novelas históricas, que el gústalle moito estilo segunda guerra mundial, as guerras en xeral e neso... e tamén moitas veces agasallo a el con libros, e moitas veces el a min, y eso... (mozo 4.º ESO)

Eu, persoalmente, [regaleille] ao meu irmao y a miña nai, porque o meu irmao, tanto el coma min temos gustos parecidos, de feito regaláralle polo seu cumpleaños unha edición do *Silmarion* da... E encantáralle, e deume de volta unha edición tamén de *Harry Potter*, de *Os cuentos de Beedle el bardo*<sup>46</sup>, que tamén me gusta moito eh... non sei, penso que cando lle regalas un libro a alguen, alguén, estableces un vínculo, un agradecemento de, “ti déchesme esta parte, este libro, que me pode influír moitísimo na miña forma de ser, na miña expresión, nos meus pensamentos”, e... uff, non sei, regalarlle un libro a alguén que sabes que o vai apreciar, penso que é un dos mellores regalos. (moza 2.º BAC)

### 2.6.4.1 Compañeiros, amigos

Xorde en casos preestablecidos e é moi habitual nos aniversarios. É moi frecuente entre amigos.

---

44 <https://www.planetadelibros.com/libro-after-serie-after-1/170394>

45 Contreras (2002) y (2008).

46 Tamén da saga: [https://es.wikipedia.org/wiki/Los\\_cuentos\\_de\\_Beedle\\_el\\_Bardo](https://es.wikipedia.org/wiki/Los_cuentos_de_Beedle_el_Bardo)

Eu, cando algunha amiga... Está de cumpre tamén ou así, e lle gustan os libros, tamén lle regalo libros. Por exemplo, a miña irmá ten moitas amigas que lle encantan os libros e basicamente pois cando hai cumpreanos das amigas da miña irmá, xa vamos ás librerías, porque todas lle gustan os libros de muñecas ou libros pequenos para ler, para empezar a ler, para meterse no ámbito e nunca vamos ás... Case nunca vamos ás tendas a comprarlle roupa, porque sabemos que lle van gustar máis os libros. (moza 4.º ESO)

É dicir... bueno é un exemplo, a min si, a min gústame aínda hoxe, pero, entón o que busca un pouquiño por idades, pero practicamente sempre regalo libros. Excepto que sexa unha persoa que saiba, que saiba eu especificamente que non lle gusta ler, porque entón parece que é un pouquiño... (moza 3.º ESO)

Eu acostumo a regalar libros por cumpreanos a unha nena que non me cae moi ben (*Risas*). Entón... entón vou a [nome de librería] e collo o primeiro libro de moda<sup>47</sup> y se lo regalo. A mí no me gustan los libros de moda, pero no es para mí es para ella que le gustan esas cosas. Pero claro, si quieres regalar un libro tienes que regalar un libro que te guste. (moza 1.º ESO)

O coñecemento dos gustos das outras persoas pode axudar a escoller un libro de regalo... ou a non regalar ningún.

Eu, eu non... a ver, depende da persoa moitas veces porque, ti imaxínate, tes a unha persoa cercana, non ten porque ser familiar que sabes que lle gusta ler, que está moi enganchada a unha saga, imaxínate, pois, buscas en internet libros parecidos ou que lle poden gustar, e regálalles. Pero moitas veces, o que dicía [outra moza do grupo], que agora moitas persoas, ti vas a... che invitan a algo e ti queres darlle un detalle, e se te pasan mil cousas antes pola cabeza que un libro, porque dis, “esta persoa, pois...”, é como malgastar o diñeiro, ou simplemente, malgastar un libro. Porque para estar nunha estantería, igual, dez anos ou máis, e que nin sequera se molestasen en abrir a primeira páxina, pois paréceme como un pouco unha perda de tempo. (moza 2.º ESO)

Eu non sóo regalar libros porque a moita xente que coñezo non ten interese pola lectura, é xente que normalmente nin está a comprar, e que me fan os regalos normalmente non ten esa interese. (mozo 1.º ESO)

#### **2.6.4.2 Familia**

O tema de agasallar libros dentro da familia, aparece en todas as direccións interxeracionais. Tamén no seo familiar fai falta coñecer ben o receptor.

---

47 2.6.3. É interesante o concepto “libro de moda”, que ten que ver co que exploramos no ap.

Pois na miña casa por exemplo, os meus pais gústalles ler, pero por cuestións de traballo, non teñen, non disfrutan de moito tempo, na miña casa hai... temos bastantes libros, por exemplo o salón está cheo de libros e as nosas habitacións, e mesmo cando hai unha celebración, cumpleaños, o día da nai, e a miña irma máis eu soemos regalarlles aos meus pais libros, que non len moi rápido, por o tema de antes, pero que si disfrutan, que nos van cometando o que... (moza 4.º ESO)

A mí... yo suelo regalar libros, pero me parece muy difícil, porque siempre estás con el tema de, “¿Y le gustará? ¿Y acertaré? ¿Y no acertaré?”. Yo se los suelo regalar a mi madre o a mi hermana, a mi padre no porque no... no le gusta leer, pero... A mi hermana le suelo regalar libros más así para su edad, David Williams [?], cosas así, y a mi madre ya más de otro tipo de libros como Isabel Allende, o autores así, lo malo es acertar, porque a veces ya los tiene. (moza 2.º ESO)

Mi madre siempre me los compraba por mi cumpleaños o por lo que fuese. Y siempre mis... por mis cumpleaños mi madrina, mis padres, mis tíos, mis amigas... Siempre me regalaban libros y libros y a lo mejor algunos que yo no conocía, los empezaba a leer y ahora empiezo a coleccionar las sagas todas completas. (moza 3.º ESO)

Eu tamén regalo bastantes libros pero tamén é certo que sobre todo para... a non ser que sexa, que sepa que alguén ten un gusto moi... eu que sei... ou un libro que sei vai gustarlle a alguén por equis motivos... Normalmente regálolle os libros a miña nai, e aos meus pais, aos meus familiares porque sei que lles gusta ler. Eso si, normalmente a miña nai, que é a mestra de literatura non regálolle nunca novelas, e regálolle libros que son pois moito máis de ilustracións e cousas así, porque é algo que non está tan acostumbrada a traballar con eles e por facerlle un regalo que non sexa traballo... non sei explicalo ben... (moza 4.º ESO)

Pois a min na miña casa, máis que na miña casa, xa na miña familia, case todas as ocasións, así un cumpleaños, un santo, algo, nós mercamos libros uns a outros, e despois tamén poñemos en común, “pois a min gustoume máis este, eu recomendaríache que o leras”, empréstamonos os libros, entón, tampouco é que merquemos en exceso porque, entre os que teñen uns, máis os que teñen outros, máis se ten algún amigo, pois lemos varios, non mercamos moito. (moza 4.º ESO)

E tamén fai a súa aparición o regalo utilitarista, que reverte no doador.

Eu unha cousa que fago é, regálolle ao meu irmán un cómic e, como a el non lle gustan moito pois, quédomos eu... (moza 2.º ESO)

---

48 A sensibilidade desta estudante percibiu que, para unha profesora de literatura, ler pode ser “traballo”. As testemuñas das profesoras confirmarán esta sensación. Ver máis adiante, ap. 3.1.

## 2.6.5 Lecturas obrigatorias

As lecturas que se esixen no ensino regrado, tanto na materia de castelán coma na de galego, serían un caso extremo de recomendación ou, se se acepta o oxímoro, unha “recomendación forzosa”.

Os estudantes comparan constantemente as “lecturas obrigatorias” (que serven para poñer nota) coas “lecturas voluntarias”, xa sexan no seo do club ou non. Por iso, este apartado debe complementarse co 2.11.5.1, a lectura por “pracer” no seo do club. Pero a cuestión é máis complexa: os asistentes ao club deben ler tamén determinados libros, aínda que...

- Pero no club de lectura os libros son obrigados ou non? (*moderador 2*)
- A ver si pero e... a ver sabes que... (*moza 2.º ESO*)

Ante o mandato puramente académico de ler algo, aparecen dúas posturas encontradas.

### 2.6.5.1 Rexeitamento: “Nos mandan libros bastante aburridos”

O problema parece ser dobre: hai unha predisposición en contra das lecturas obrigatorias e estas lecturas clásicas non se aprecian particularmente.

Que por exemplo, no que non é obrigatorio eu vou coa mentalidade de que eu teño que lelo e pois non sei se me vai gustar ou non. Logo se me gusta é como un pouco a maiores pero non é o obxectivo. O obxectivo é lelo e saber de que vai para facer o exame. (*moza 4.º ESO*)

A ti si te obrigan a ler un libro dices “Jolín que aburrido xa me obrigan a lelo” pero si o les por... porque queres xa che parece máis divertido. (*moza, 2.º ESO*)

Eu, os libros, empecei a ler en 5.º, que mandaban ler libros. Eu lía máis ou menos, lía algún capítulo e xa paraba... (*Risas*) Porque non me gustaba. [...] Entrei na ESO e despois na ESO mandábanche ler os libros de lectura obligatoria. Non lín un. (*Risas*) Fixen os exámenes iguais, pero aprobábaos, pero os libros non me gustaban e despois empecei a ler poesía e a poesía si que me gustou moito. (*mozo 3.º ESO*)

Eh ... A mí, o sea, sinceramente no... no me entusiasma leer pero tampoco es que lo odie, no? Eh... Simplemente en el instituto nos mandan libros de lectura bastante ab... Para hacer exámenes de control nos mandan libros bastante aburridos. Y pues es como en castellano nos mandaron muchas veces leer libros, por ejemplo *Rinconete y Cortadillo* o así que son libros que no interesan saber la vida de los personajes. No tiene ninguna historia. Entonces pues aunque no me gusten esa clase de libros, yo los entiendo bien. Es decir, saco buena nota en esa clase de libros pero hay otros que sí son interesantes. Por eso digo que no es que odie mucho la lectura sino que en una clase de lectura si y en la otra no. (*moza 3.º ESO*)

E este rexeitamento polos libros “de clase” é o que explica que moitas veces se lean en versión dixital, xa que non se van querer conservar.

A mi, es que me da bastante igual, e papel o... tengo también el Kindle, y por ejemplo lo que utilizo es, para los de clase como tienen que ser, hay que leérselos rápido, tienes un tiempo pero hay que conseguirlos antes, para poder hacer el examen, porque es a lo que está orientado, pues los pillo por Kindle, y después si tengo alguno que es para mí, pues ya lo pido en papel, por Amazon. (*mozo 1.º BAC*)

Pero lo que sí es que los libros de clase, la gran mayoría de veces, por no decir siempre, me los descargo en PDF porque a mí me duele en el corazón, de verdad, gastarme 16 euros en un libro que a lo mejor ni me gusta... (*moza 1.º BAC*)

A existencia dunha forma boa de interpretar unha obra, típica das lecturas obrigatorias, contrasta coa liberdade e co debate que presiden os clubs (ap. 2.11.2).

Pero a vosotras no os pasa... A ver, es que yo veo la lectura desde un punto de vista también de que es muy bonito el leer un libro e interpretarlo a tu forma. A lo mejor tú lo interpretas, imagínate, a lo mejor tú interpretas a *Harry Potter* como que es muy feliz y yo lo interpreto como que es muy triste. Imagínate... Pues yo veo como lo bonito de los libros en eso, interpretarlo como quieras, pero con los libros de clase, si te obligan a leerlos yo, a la hora de... A medida que los estoy leyendo pues me lo estoy imaginando de la forma que sé que el profesor quiera que lo vea... (*moza 1.º BAC*)

#### **2.6.5.2 Estima: “A mí me gustan los libros de clase”**

Pero nunca faltan as voces discordantes fronte ao sentir maioritario anterior. E a aparencia é de que a actitude coa que os mozos se achegan ás lecturas é clave.

A mí me gustan los libros de clase. *La gitanilla* por ejemplo o *Rinconete y Cortadillo* me parecen muy interesantes eh... (*mozo 3.º ESO*)

A min por exemplo, con *Oliver Twist*, que é de Charles Dickens, pois ocorreume que ao principio pois non me gustaba, en plan, non sei por que non me enganaba, e logo empecei a ler, e ía como pola páxina dez, en plan, non levaba nada, e non me gustaba, entón como que o lía con desgana, entón de repente cerreino e volvino a abrir pola primeira, e volvino a empezar a ler pero con outras ganas e converteuse nun dos meus libros favoritos e eu creo que tamén polas ganas que lle pos a ese libro, e porque, ademais ese era o libro obrigatorio para a primeira avaliación así que ou o lía ou o lía, entón decidín, mellor, lelo con ganas, entón cerreino, volvino a abrir, e con... e cambiei o chip, e lino dende... con... como con outras opinións e non sei... (*moza 1.º ESO*)

Non, a min... a verdade é que o libro pode xerar en ti pois unha atracción que, aínda que sexa obrigatorio ou non, vas disfrutalo igualmente, hai moitos libros que eu lin pola miña conta e non me gustaron, e sin embargo hai outros que lin, pois porque sexa do... de forma obligatoria pois... gustáronme bastante. (moza 1.º BAC)

Por exemplo, no *Mundo de Sofía* tes que... fanche un examen, entonces tes que aprenderte... todo! Y estudialo. Pero cando les pola túa conta non te ves obrigado a a saber exactamente todos os aspectos da filosofía de Kant, por exemplo e... non sei, a min persoalmente... Penso que se o libro de O mundo de Sofía o lera pola miña conta, houbérame gustado moito máis que ao lelo obligada. (moza 2.º BAC)

Eu penso que tamén ese deberías lelos ou polo menos intentalo porque se son tan importantes e famosos pois ao mellor é por algo. Entón tamén igual deberías lelos. (moza 4.º ESO)

## 2.6.6 Dixital

A recomendación que vén por vía dixital é tamén importante nestes mozos, xa sexa cando buscan información en Internet ou cando seguen a *influencers*.

### 2.6.6.1 Youtubers

Hai que ter en conta que os *youtubers* funcionan en dous planos; por unha parte, recomendan libros:

Pois eu si que descubrín algúns libros en YouTube eh... Un é o de *Me before you* bueno *Yo antes que tú*, que descubrí por una *youtuber* que, bueno, que es gallega y me gustó muchísimo, tanto que leí la segunda parte a pesar de que es de amor. Pero lo... me gustó mucho. Bueno la segunda parte ya no es ... ya no es tanto de amor. (moza 4.º ESO)

Si, en Youtube a veces pues recomiendan algún libro y pues de ahí saco la idea. (moza 2.º ESO)

Eu cando escollo un libro xa por, o sea a maioría das veces e porque o veo nun vídeo de YouTube que o recomendan o senón solo ir ás librerías. (moza 4.º ESO)

Non, normalmente se escoito algo dun libro o acabo de ler un libro eu busco o... a... o que, o sea, un comentario, unha crítica en YouTube e a partir de ese vídeo vou mirando outras suxerencias e de aí saco os outros libros. (moza 4.º ESO)

Pero, por outra parte, os mesmos *youtubers* moitas veces son escritores, e a súa interacción co lector habería que vela como unha variante do contacto “persoal” co autor (ap. 2.5.4.1).

Bueno, a ver, agora eu creo que nestes tempos, por exemplo, eu métome no papel, bueno, inclúome no grupo de que, eu por exemplo, moitas veces leo influenciada do que me gusten, imaxínate, unha youtuber saca un libro e ti vas correndo á librería con todas as ilusións a comprar o libro. Despois van os seguintes, despois van os seguintes... é como... que a... (moza 2.º ESO)

Está por exemplo *youtubers* que sacan libros, por exemplo, hay uno que se llama Celopan\*, que sacó tres libros ya de... *El patito que nunca llegó a ser cisne*, el de *Los dioses también aman* y el último... Bueno, dejémoslo en el último, qu e fue el más reciente. Y... Pues muy típico, en plan pues lees sus libros porque como son personas que a lo mejor ves y te gustan pues dices tú “pues quiero saber que dice en este libro”. (moza 1.º BAC)

Entre estes alumnos, que asisten a clubs de lectura desde hai tempo, pódese percibir un certo rexeitamento cara ás obras dos *youtubers*, aínda que os partidarios deles poden xustificalo.

Pois eu creo que... Ou sea, que a xente pensa que eres raro por ler, pero despois cando les algo de algún youtuber ou algo, xa non eres raro, xa... (moza 1.º ESO)

— Pero entón é mellor que... perdón. É mellor ler algo a non ler nada, porque prefires... (moza 4.º ESO)

— Eso tamén (varios)

— Entón, mellor que leas algo dun *youtuber* que non ler nada. (a mesma moza 4.º ESO)

Incluso pode observarse unha crítica aos libros dos *youtubers*, en comparación cos autores “de verdade”.

A min eso non me gusta, porque... porque son, non sei, son rara para os libros e aínda que ten o seu mérito escribir se non eres de verdade un autora, eu creo que les un libro dunha youtuber, e logo comparas cun clásico, eu sempre comparo con Roald Dahl e con Charles Dickens, pois porque me apasionan, e non teñe... non ten nada que ver polo feito... por como está escrito, ou, non sei, ese poema que hai por debaixo pois moitos deses libros, pois como que non o teñen, e os clásicos pois si que os teñen, e entón gústame máis. (moza 1.º ESO)

---

50 <https://www.youtube.com/channel/UCooGCTBBJ2fPKmquQJ1kSA>. Conta con máis de dous millóns de seguidores.

### 2.6.6.2 Instagram

Esta rede aparece entre as que frecuentan algúns dos mozos (ap. 2.10.3). Aínda que se dedica preferentemente a imaxes, cumpre tamén funcións de recomendación de lecturas.

En Instagram hay un apartado de recomendados, pues si buscas el hashtag a lo mejor pones el hashtag... y cuando sale un tipo de libro, un estilo, a lo mejor no el libro exacto, pues dices tú “quiero investigar sobre esta clase de libros, en plan de estas características”, y lo busco a partir de ahí. Y, por ejemplo, Instagram también me inspiró mucho a leer, por ejemplo *Idiotizadas* de Moderna de Pueblo<sup>®</sup> oo poesía más juvenil, de... La típica... O sea... Es que no sé cómo se llama... ¿Marwan<sup>®</sup>? ¿Marga? (moza 1.º BAC)

### 2.6.6.3 Aplicacións

Úsanse sobre todo en dous campos: o manga (ap. 2.4.4) e a literatura de xénero inespecífica (que pode incluír fanfic: ficcións escritas por fans). Proporcionan tanto lectura coma orientación e suxestións e, nese sentido, funcionan como unha plataforma de recomendación entre iguais (ap. 2.6.1). E incluso poden contribuír á creación (ap. 2.9.3).

Pois eu, en 1.º da ESO descubrín a aplicación e me pasei un verán enteiro lendo, lendo esa aplicación de mangas, lendo, lendo... (mozo 3.º ESO)

Después, para hablar así de manga é mellor *Amino*<sup>®</sup>. Amino, unha aplicación para comentar así o manga. (mozo 3.º ESO)

Eu leo nunha parecida de manga. Y esto xa o comentei unha vez ao director. ZingBox<sup>®</sup>, pero es de manga. (mozo 3.º ESO)

As primeiras veces que os moderadores se atopan coa aplicación chamada Wattpad deben desentrañar exactamente que é:

—Eu, en cambio, leo moito no meu teléfono, teño aplicacións que... son autores que non son o suficientemente coñecidos para que unha editorial os contrate e publique o libro, así que soamente se poden ler de maneira dixital, e paréceme cómodo e máis fácil de levar. (moza 2.º ESO)

—E son autores en castellano, en galego o...? (moderador 2)

—En castelán sobre todo.

—Ben. Autores que no han publicado todavía en editoriales grandes...?

---

51 Autora de cómic <http://modernadepueblo.com/>

52 Defínese na súa web como “músico, cantautor, compositor, escritor, poeta”. <http://www.marwanweb.com/>. Establecido en Santiago de Chile, máis que as edicións, YouTube fixo posible que as famas de certos autores superen os límites nacionais.

53 <https://aminoapps.com/>

54 <http://www.zingbox.me/>

- Exacto.
- ¿De qué? Como de... cuento, de novela o de...
- Sí, diferentes tipos de novelas, pode ser de misterio, policíacas, de todo.
- Y te las encuentras en la *app*.
- Me las encuentro en la aplicación.
- ¿Y hablas con otra gente dentro de la aplicación que recomiendan o...?
- Podes ler os comentarios e dicen, “sí, inspireime nesta, inspireime naquela...”
- Y te sirven estos comentarios.
- Sí. Para seguir.
- ¿Y lees mucho así...?
- Bastante.

Como máis da metade, o 60% do que leo, non é en físico, é por... Hai unha aplicación... É o momento de dicilo... (*Risas*) Hai unha aplicación que se chama Wattpad... (*moza 4.º ESO*)

Home, claro, é que se estou sola.. Eu iría a YouTube e a Wattpad, directa. (*moza 1.º ESO*)

#### **2.6.6.4 Indeterminada**

Poden ser sitios web ou blogs que o estudante xa coñece, pero tamén aos que accede a través de buscadores. Ou aplicacións sen identificar.

E entón suelo ir á librería a mirar títulos e tamén busco moitas reseñas en Internet. Gústanme moito as páxinas de xente comentando e miro moitas así. (*moza 1.º BAC*)

Eu tamén miro moito Internet, busco xéneros [...] e está ben. Te dan recomendacións, a un libro dicen “esto non o recomendo”... (*mozo 3.º ESO*)

Eu sobre todo por internet e, a min, chámanme moito as portadas, eu veo unha portada bonita e vou correndo a coller o libro. (*moza 2.º ESO*)

Yo busco máis por internet, en plan escribes, “libro romántico bonito”. (*moza 1.º BAC*)

Yo principalmente pues, por mi hermana, que me dice de algún libro, porque ella también lee muchísimo, o por algún tema que me interesa, que busque yo por internet, “este libro?”, pues ya está. (*mozo 1.º BAC*)

Claro, eu tamén é un pouco o mesmo, en plan, propoñen no club de lectura algún libro que encontré pola miña conta, por andar por internet, ou dalgún chaval que fixo unha reseña literaria sobre iso e o mesmo libro, e comparto, e se normalmente lle gusta á xente, pois lémosto, e senón, non. (*moza 2.º BAC*)

Ás veces a propia aplicación colle, “os últimos libros que liches”, e te dice, “quizás gústache este, quizais aquel”, e son moi bos. (*moza 2.º ESO*)

E tamén o bo das aplicacións estas é que, por exemplo, ti acabas de ler un libro, que a min pasoume, e abaixo te pon as recomendacións parecidas, entón é máis cómodo que ir a unha biblioteca e coller un libro e pois, dicir, “a ver, que che parece isto?” (*moza 2.º ESO*)

## **2.7 Transmedia**

Con este nome coñécense os transvasamentos en calquera dirección entre dous ou máis dos seguintes medios: a película ou a serie, o cómic ou a manga, a novela, o videxogo...

Pero agora imos centrarnos especificamente no caso que apareceu máis no seo dos grupos: os transvasamentos da narración escrita á versión audiovisual, incluídas as series<sup>55</sup>). Aparecen tamén puntualmente transvasamentos de manga a película (ap. 2.7.1) e de película a videoxogo (ap. 2.7.9).

Convén sinalar que os debates sobre a primacía da narración de orixe ou da transvasada están entre os máis animados e enfervorecidos dos que se suscitaron nos grupos e que, por outra parte, revelan claves moi interesantes sobre a psicoloxía da recepción da narración.

### **2.7.1 A esencia da obra: “Paréceme que perde”**

De entrada, entre os máis extremistas, toda conversión do literario en audiovisual é “un atentado” ou fai que se perda “algo de esencia”.

Yo creo que cambian totalmente la historia. O sea que es un atentado para el... (*moza 4.º ESO*)

Depende de como sintas tu a historia e de como a vivas tu, entón tamén eso de dicir, “mellor película, mellor o libro”, é algo persoal pero, a min si que é verdade que cando cambian... non sei... paréceme que perde algo de esencia... (*moza 3.º ESO*)

Pero, na práctica, ambos os medios parecen moi intercambiáveis: a película pode ter o efecto de lembrar un libro lido hai tempo, ou viceversa, o libro reforzaría a idea da película.

---

55 Estes estudantes, coma moitos dos seus homólogos en todas as partes, accederon tanto a películas como a series na televisión ou a través da pantalla do ordenador, o que reforza ante os seus ollos a identidade de ambos os medios, separadas tan só pola compartimentación (aínda que aí están tamén as sagas fílmicas compostas por varias películas) e a duración.

Pero aínda que [la película] sea diferente, non sei, é como despois de tanto tempo de ler o libro é como una... Un reencontro entre a historia e tal. (moza 1.º BAC)

Yo prefiero ver la película que leer el libro. O sea, no estoy nada de acuerdo con lo que han dicho porque no, no... Por ejemplo para mi es mucho mejor ver una película porque con el libro te puede describir como es pero tú no hay... no te puedes imaginar al personaje. O sea puedes pero no es lo mismo, ¿no? Y como que el libro sería más como para reforzar una vez después de visitar a película como para recordar, reforzar la idea y que te queden los conceptos más claros. (moza 3.º ESO)

E incluso no recuerdo do lector/espectador se poden fusionar ou confundir ambas as experiencias.

Me pasó muchas veces que me leo un manga y luego cuando recuerdo, cuando vi ese manga lo recuerdo como si hubiera sido el Anime [película de animación de debuxos estilo manga], ¿sabes? (moza 1.º BAC)

O debate entre ambas as versións dunha mesma “historia” na práctica céntrase moitas veces na opción de se ler primeiro a obra ou ver primeiro a película. Sexa cal sexa a decisión, ábrese unha segunda opción: acceder ou non despois á outra versión. Neste sentido, os membros dos grupos presentan todas as posibilidades, como iremos vendo nos seguintes apartados. Ás veces, a película pode ser un incentivo para ler o libro.

A min de pequeno, non lía tanto como agora, entón vía máis películas, e en comparación cos libros, a veces cambian as historias, non son tan boas, e arrepíntome de haber visto a película despois do libro. Pero hai un caso no que me sorprende, que no *Principito*, que a película está xenial, e o libro tamén, e é para min o único caso que me sucedeu, e que me animou a ler o libro despois. (mozo 1.º ESO)

### **2.7.2 A favor do audiovisual: “Me gustó mucho la película”**

Determinados alumnos decantábanse claramente a favor da película. As diverxencias coa obra narrativa vense máis ben como un reto que hai que explicar. Nestes casos, non hai efecto de suspense (“a ver que pasa” ou “a ver como acaba”, ver ap. 4.5.2) porque xa se coñece a trama, pero iso non afecta o gozo da película, porque o que importa é o problema intelectual da adaptación a outra linguaxe.

Eu por exemplo, tamén me gusta moito o cine, de feito todo o tema da fotografía en xeral, entón moitas veces non me importa moito xa coñecer a historia, [...] o importante moitas veces nestes casos é incluso o bonito de ver as diferencias que pode haber entre como adaptaron un libro para facer unha película o ás veces tamén ao revés. Eh... pois non sei, para min

a trama moitas veces na película me é un pouco o mesmo, e se cambia nalgunhas cousas incluso me parece ata mellor para intentar entender por que o fixeron ou por que cambian certas cousas e, en xeral, pois iso. Aínda que sepa como vai rematar, é sempre unha experiencia curiosa. (mozo 1.º BAC)

A película pode contribuír a unha construción dos personaxes que o libro non posibilitou.

Vi la película de *Cincuenta sombras de Grey*, y leí el libro, y no me gustó nada el libro, pero me gustó mucho la película, y no llegué a imaginar los personajes tal cual como son en la pantalla, me es difícil, muy difícil. (moza 1.º BAC)

Pero un xuízo coma o anterior pode ser perfectamente o oposto para outro grupo de lectores ou espectadores, quizais por outras circunstancias de idade.

[*Cincuenta sombras de Grey*...] Leuno miña mai e varias tías, varias tias miñas, que son as mulleres dos meus tíos e dos meus padriños e... e leron o libro, se imaxinaron cousas e despois chega a película e dixeron... pero a película e como así dicir unha ... perdón eh pero... unha merda. (Risas) (mozo 2.º ESO)

### **2.7.3 Adáptanse mal: “Serían unas películas demasiado largas”**

Os mozos saben que a gran cantidade de peripecias, acontecementos e detalles que hai nun libro non caberían ben na extensión dunha película, e incluso poden formular hipóteses acerca de que partes se sacrificarían na adaptación.

Si, además cuando sacan una película a partir de un libro as veces, por razones lóxicas senón serían unas películas demasiado largas, e desas teñen que quitar diversas escenas o personaxes ou así e cando les primeiro o libro e despois ves a película pois tes eso de que sabes que van a quitar algunhas cousas e algunhas veces hasta podes saber que quitan. (mozo 4.º ESO)

A menor “duración da película” pode facer que desaparezan “escenas significativas”. Hai que ter en conta que o que comparan estes mozos son dúas magnitudes ben diferentes: *o tempo na ficción narrativa* (o número de escenas ou de peripecias que contén, coa súa duración na ficción) e o tempo que dura a película (por exemplo, as dez horas que suma a triloxía de *El señor de los anillos*).

A ver, eu cando, normalmente leo antes o libro que ver a peli, e cas series o mesmo, leo antes o libro de ver a serie. E cando anuncian que van a adaptar un libro á gran pantalla, pois bueno, a primeira sensación que teño é, “a ver que fan”, porque igual a fastidian moito, que moitas veces é o que pasa, o igual danlle unha volta, que bueno, que está ben [...] Poden desaparecer moitísimos detalles pola duración da película, que igual a ti

era o que más che gustaba do libro, algunhas esceas significativas, que ti atopabas preciosas, que xa non están na gran pantalla e cando ves que non están... (moza 2.º BAC)

Á parte da lonxitude, algún estudante parece crer en certo isomorfismo entre a narración literaria e a visual, o que faría que un libro puidese ser mellor adaptado ao formato de serie que ao de película.

Si. E ademais ao non estar no formato de serie é máis fácil de adaptar como co libro de *Fariña* é máis fácil de adaptar para unha serie que para unha película porque nunha serie, cada capítulo o do libro pode traducirse máis ou menos nun episodio ou dous da serie ou do anime e claro ao ser unha serie en total dura máis tempo ca unha película así que non hai que quitar tantas escenas. (mozo 4.º ESO)

#### **2.7.4 Traizón á obra: “Es que lo estás cambiando todo”**

É interesante que un dos argumentos en contra de que a película cambie detalles do libro é que perturba a comunicación cos que só leron a obra ou viron a adaptación.

Yo creo que cambian totalmente la historia. O sea que es un atentado para el... Las pelis que he visto, es que no es así en el libro. Es que lo estás cambiando todo. No fue así, no ha pasado esto, no lo cambies porque no. Y tú te has leído el libro, tus amigos no... como le explicas que no es así, que esto... esto no es lo de verdad. No... (moza 4.º ESO)

[*El hogar de Miss Peregrine para niños peculiares*<sup>56</sup>] Cambiaron el nombre de una niña que vuela. Y la niña que vuela no se llama Emma se llama del nombre de la niña que tiene la boca atrás, la niña que tiene la boca atrás se llama Emma. A mí me pareció un atentado contra la película porque claro, yo hablaba con mis amigas de libro y de la película y no me enteraba de nada. Decía “si claro Emma pues me da un poco de asco” y yo “A ver vuela, no es para tanto”. (moza 1.º ESO)

#### **2.7.5 Ver por non ler: “Non fun capaz de ler o libro”**

Curiosamente, tanto no contexto escolar coma na lectura de ocio aparece o visionamento como substituto da lectura.

A min, por exemplo, a miña triloxía favorita é *El señor de los anillos* pero nun fun capaz de ler o libro, e eso que o teño<sup>57</sup>. [...] E si que me gustou, pero aparte de que se me fai moi complicado, pois a descrición é moi extensa, fáiseme como moi latosa, e ademais como teño visto tantas

---

56

[https://es.wikipedia.org/wiki/El\\_hogar\\_de\\_Miss\\_Peregrine\\_para\\_ni%C3%B1os\\_peculiares](https://es.wikipedia.org/wiki/El_hogar_de_Miss_Peregrine_para_ni%C3%B1os_peculiares)

57 Atopamos varios casos en que se posúe o libro, por coleccionismo ou exhibición (ap. 2.2.1.7 y 2.4.3), pero non se le.

veces a película eu creo que disfruto máis, primeiro vendo as películas e despois, se me interesa xa introducirme no libro. Raras veces... É que nunca, de feito, teño leído un libro e despois ver unha película que tratara sobre o mesmo. (moza 2.º BAC)

Mi caso más específico es *Harry Potter* que me vi las películas antes porque, claro, las empezaron a sacar cuando yo era pequeña, entonces el rollo fantasía pues a mí me iba a gustar, y me gustó, pero cuando empecé a leer los libros pues claro, ya me sabía un poco la historia... Siempre hay algo en los libros, hay más curiosidades, hay más cosas que dices tú “¡qué guay!”. Pero a lo mejor llega un libro de la... De la saga, que no te gusta y dices “pues me lo voy a saltar porque ya sé lo que pasa, por una película”. (moza 1.º BAC)

Agora en cuarto moitas veces, pola imposibilidade de lelos [os libros obrigatorios] polos exámenes, vía as películas, este ano vin... *El fantasma de la ópera*, que é o libro que lemos. (moza 4.º ESO)

E algunha vez ocorre á inversa: a lectura como substituta do visionamento; neste caso, dunha serie.

Eu... eu... me intrigaba ver a serie de *Fariña*, esa nova que saleu. E non puidera vela por... podía vela pero non me deixan pola escola ó día seguinte. Entón lle pedín os meus pais que me compraran o libro e o estou lendo. (mozo 2.º ESO)

### **2.7.6 Cando non coinciden: “Paréceche estraño”**

Hai claramente un problema cando os dous universos narrativos, o que contruíu a mente do espectador e o da mente do lector, difiren en algo. O resultado é unha auténtica *disonancia cognitiva*.

Cando ves primeiro a película e despois ves les o libro que está no que se basa a película de repente te encontras unha personaxe que non recordas e paréceche estraño porque non oíches falar del. (mozo 4.º ESO)

Ver unha película interfere coa representación imaxinaria de elementos do libro; por exemplo, coa aparencia do protagonista.

Eu creo que tamén ao facer a película se o libro xa e viral de por sí, o máis seguro é que o interprete alguén moi coñecido como pasa como por exemplo con *Harry Potter* e Harry Potter é identificado co actor, entón o actor xa quedou marcado como el, ese actor é Harry Potter e non... e mesmo se les os libros xa te imaxinas que ese actor é Harry Potter. (mozo 4.º ESO)

E, aparentemente, iso non pasa nin sequera coas ilustracións que o libro poida ter.

Por que claro, o que funciona é... o que funciona es tu imaginación leyendo el libro eh... Tú te recreas tu el personaje, como va a ser... ... aunque te... aunque haya dibujos y tal. O escenario, tu lo amplias, amplias la personalidad y llegas a la peli y se te queda corto... (mozo 3.º ESO)

### 2.7.7 O que se perde: “Podes saber o que pensa o personaxe”

Un elemento máis que lles parece preocupar a estes mozos e mozas é a perda que se sofre cando se substitúe o acceso aos pensamentos dun personaxe literario (na narración en primeira persoa) pola súa representación externa nunha película; isto verbalízase como unha “perda de conexión”.

Eu persoalmente prefiro o libro, porque cando les o libro tes moitísimos detalles, non sei, tamén podes, ao estar narrado por exemplo en primeira persoa, podes saber o que pensa o personaxe, e ao chegar á gran pantalla pérdese esa conexión entre o personaxe e ti mesma. (moza 2.º BAC)

De todos os xeitos, o suxeito parece ter máis control das súas emocións na lectura que como espectador, polo menos iso parece desprenderse deste testemuño:

Pois a min gústame ler libros de misterio, de medo, porque igual ver unha película sobre eso dáme, pois máis medo e asústome pero lendo, pois no, paréceme entretenido. (moza 3.º ESO)

### 2.7.8 Transvasamento de vocabulario: “Outro spoiler”

Os estudantes dos nosos grupos están inmersos, como a maioría dos seus coetáneos, nun mundo moi audiovisual, que leva consigo un vocabulario propio, con moitos anglicismos. Pode ser que ante un determinado fenómeno literario carezan da palabra exacta e boten man do equivalente audiovisual:

[Falan de *Anagnórise*®]

— Tu non queres que morra naide... (moza 1.º BAC)

— Ai bueno, outro *spoiler*... (mozo 1.º BAC)

— É que, a ver... que, eran tan amigos, eu quería saber como... que pasaba aí. (moza 3.º ESO)

— Non nos contes o libro, ho! (outro mozo 1.º BAC)

Y después también me gustan, por ejemplo, los libros de... sobre la cultura de otros lugares del mundo, no? Cultura inca, o cultura japonesa... No sé, que son como documentales pero en la escritura. (moza 2.º BAC)

Evidentemente, *spoiler* pertence ao vocabulario audiovisual, concretamente úsase nas series, aínda que aquí se aplica a un libro (“No me lo destripes”, poderíase dicir...).

---

58 [https://gl.wikipedia.org/wiki/Anagn%C3%B3rise\\_\(novela\)](https://gl.wikipedia.org/wiki/Anagn%C3%B3rise_(novela))

E os “documentais, pero na escrita” do segundo exemplo serían “ensaíos” ou “reportaxes”.

### **2.7.9 Transmedia para profundar: “Abranguer todos os aspectos”**

Aparecen casos contados en que o elemento transmedia de chegada xa non é a película, senón o videoxogo. Trátase de xogos baseados en libros (ou en películas), e parecen presentar os mesmos problemas ca outros transvasamentos.

Si no solo en cine por ejemplo yo juego a videojuegos y hay libros que te cuentan la historia del... Primero se lee el libro y te cuenta una historia y ahí eh... sí que no soporto si me compro un libro y luego sacan un videojuego eh... no puedo jugar al juego. (mozo 3.º ESO)

A seguinte informante narra moi ben a súa biografía, que presenta un completo percorrido por todos os elementos dun popular universo narrativo:

Eu son moi friki, entonces sempre hubo a cousa que era, libro, película, videoxogo. E sempre intentábaos, por exemplo, co Señor dos aneis, eu era moi pequena cando empecei a tal, entonces vinme primero as películas, as películas normais, despois, a da versión extendida, despois os libros, os tres do Señor dos aneis, despois metinme un pouco co *Silmarillion*<sup>59</sup> pero... bueno, por cuestións de tempo non o puiden acabar ben, e despois con videoxogos, *Total war*<sup>60</sup>, cousas así, estratexias... non sei, éme como profundizar moito nunha historia, e abranguer todos os aspectos. (moza 2.º BAC)

Recapitulemos: 1) película (en cine ou non), 2) película versión extendida (normalmente en DVD), 3) a triloxía en libro de Tolkien, 4) unha especie de precuela á triloxía, obra do mesmo Tolkien (*Silmarillion*), 5) videoxogos baseados nas narracións 1 e, por último, 6) *Total war* e outros xogos de estratexia. Hai que sinalar que estes xogos poden non desenvolverse necesariamente no universo da triloxía, aínda que si ter elementos en común con el.

Este achegamento séxtuple permite, en efecto, “profundar moito na historia”. Se o que o quere é “abarcar todos os aspectos”, poderíamos dicir que o consegue sobradamente...

## **2.8 Papel fronte a dixital**

Os estudantes que participaron nestes gupos coñecen a lectura dixital en todas as súas modalidades (*ebook*, tableta, móbil e ordenador), pero en xeral prefiren o prestixio e os aspectos sensoriais de libro en papel. No entanto, son moi capaces de discriminar distintos soportes e modalidades en función do tipo e das circunstancias da lectura.

---

59 [https://es.wikipedia.org/wiki/El\\_Silmarillion](https://es.wikipedia.org/wiki/El_Silmarillion)

60 [https://en.wikipedia.org/wiki/Total\\_War\\_\(series\)](https://en.wikipedia.org/wiki/Total_War_(series))

### **2.8.1 Usuarios bífidos**

A maioría dos estudantes manifestan que fan uso dos dous tipos de obras, aínda que moitos teñen as súas preferencias. Todo iso apunta a que se están construíndo un universo lector fluído entre distintos medios e soportes.

Hai casos nos que non se manifesta claramente a preminencia dun soporte sobre outro.

A min dáme igual porque teño... teño *ebook* e tal. E teño descargado varios libros e estou lendo. (*mozo 2.º ESO*)

### **2.8.2 Vantaxes do papel**

Cando se fala da preferencia por lectura en papel, xustifícase por razóns moi diversas.

O digital non me gusta, pasar as páxinas eso é o que me gusta a min. (*moza 3.º ESO*)

Bueno, pois eu, non sei, síntome máis cómoda en papel, xa non sei si é por personal e tal, pero como dende tres anos, xa levamos libros en papel sempre, fáiseme raro coller un móbil ou un lector electrónico. Sen embargo, se teño que consultar algo en internet, ou algún libro que está solamente colgado en internet, ou non dou conseguido de outra cousa, pois dende o móbil teño xa unha aplicación para eso e... non sei, síntome, a ver, ben, cómoda, pero tampouco é o mesmo ca ter o papel nas mans nese sentido, se tivera que escoller un dos dous, obviamente o papel. (*moza 2.º BAC*)

#### **2.8.2.1 Apropiación: “Poder marcalo, poder escribilo, poder facelo meu”**

Pero, sentir, a miña... sentir pasar o libro, ulilo, poder marcalo, poder escribilo, poder facelo meu, é dicir, poder... poder... machacalo? A ver, refírome, pois doblas, sintes que o estás pasando, sobre todo ver, cando vas avanzando que estás chegando ao final as páxinas que levas lidas! A min eso encántame. (*moza 3.º ESO*)

#### **2.8.2.2 Comodidade: “Poder dobrar as pernas e apoialo”**

Por exemplo pois, se vou ao estudio do meu pai, pois si, teño aí os libros en formato físico e, aínda que non lle pregunte a el, podo andar físgando un rato ata que atopo algún, e claro, están en físico e é a vantaxe que teño. (*mozo 1.º BAC*)

E teño ido a mercadillos expresamente a comprar libros [...] de primeira edición. Sempre intento... intento coller a mellor edición e tapa dura.

Recalco en eso, porque hai xente que di “ai non! prefiro de tapa blanda porque así podo levalos na mochila”. Non, por favor, non! Necesito poder dobrar as pernas e apoialo tranquilamente. (*moza 1.º ESO*)

### **2.8.2.3 Fetichismo: “Pasar as follas no nariz”**

A mí sinceramente me gusta mucho tocar los lomos de los libros, me dan como... así como... no sé, es difícil de explicar. Es como si pudieras entender mejor los libros. (*moza 1.º ESO*)

Pois eu probei o *ebook* e... non o soporto (*Risas*). Eh... eh... necesito tocar el papel, sabes? [...] No sé, de tener en mis manos el libro y poder olerlo, olerlo sobre todo si es nuevo. (*mozo 3.º ESO*)

Ademais soamente polo feito ese de pasar as follas, e ás veces o olor que desprende cando son novos, e facer así, en plan, pasar as follas no nariz, para oler a libro novo... (*moza 1.º ESO*)

### **2.8.2.4 Coleccionismo: “Cuando lo acabo, tenerlo en la estantería”**

O libro electrónico non satisfai as ansias de coleccionar/exhibir que vimos máis arriba (ap. 2.4.3).

Pois eu por exemplo, as veces si que tipo epub ou pdf no móbil pero onde estea o papel... O papel é o papel. E ti vas querer ter o libro logo en papel e tocalo... e se é en tapa dura moitísimo mellor, non? E logo o pos aí na estantería, os colocas... Eu son moi maniática en plan: aquí esta saga, a editorial, todos a mesma altura, no se qué. A autora tamén pero logo publica con diferentes editoriais... Pero o papel e o papel. (*moza 4.º ESO*)

Yo también en papel principalmente, creo que cuando lees en la tablet o en un ebook, que se pierde la magia de leer. Además a mí me gusta tenerlo en papel, y cuando lo acabo, pues tenerlo en la estantería y verlo ahí, y decir, “yo lo leí”. No me gusta tenerlo en la tablet, yo tenía una y volví a comprar los libros en papel, porque no me gustaba leerlos ahí. (*moza 2.º ESO*).

A mi, es que me da bastante igual, e papel o... tengo también el Kindle, y por ejemplo lo que utilizo es, para los de clase como tienen que ser, hay que leérselos rápido, tienes un tiempo pero hay que conseguirlos antes, para poder hacer el examen, porque es a lo que está orientado, pues los pillo por Kindle, y después si tengo alguno que es para mi, pues ya lo pido en papel, por Amazon. (*mozo 1.º BAC*)

### **2.8.2.5 Socialización: “Una excusa para empezar a hablar con alguien”**

Ah, nada, que unha vez estaba no bus lendo un libro que iba sobre a globalización... Eu estudo Ciencias Sociais, é algo que me interesa en canto ó tema da Economía... E non sei, había unha señora que tería como sesenta

anos, estaba o meu lado, e botoulle así un vistazo o libro<sup>61</sup> e empezamos a conversar sobre o tema, e ela como que dixo: “ai, que interesante parece, como se titula e tal?”. Eh... Non sei, establecemos unha conversación... (moza 2.º BAC)

Además es una excusa para empezar a hablar con alguien. O sea, a mí ya me pasó más de una vez, porque yo busco cualquier excusa para socializar, la verdad... Soy así... Pero de estar en una cafetería o en cualquier sitio, un bus o lo que sea, y ver un libro y ver que tú ya lo has leído y decirle: “¿te está gustando?”... A ver, no tan así porque tampoco lo conoces, pero... (moza 1.º BAC)

### **2.8.2.6 Espacialidade: “Á volta de esquina”**

En lecturas de intriga, o xiro da páxina crea un previo ao descubrimento moito máis dramático ca o *scroll*.

Sobre todo, cando pasas a folia, sabes que está á volta de esquina o misterio, ou a narración. Sen embargo no outro hai que pasar para abaixo coa rodiña e, non sei, é como de outra maneira. (mozo 1.º ESO)

### **2.8.3 Vantaxes do dixital**

Os argumentos a favor do soporte dixital xorden con frecuencia da experiencia persoal dos estudantes.

#### **2.8.3.1 Natureza: “No me pierde ninguna esencia”**

A ver, a mi realmente el libro digital como tal, lo que viene siendo PDF para descargarlos en el móvil, en el *ebook* o lo que sea, a mí, personalmente, no me pierde ninguna esencia. (moza 1.º BAC)

#### **2.8.3.2 Oferta: “Cuando es un libro árabe que no encuentro en librerías”**

Para leer libros digitales, cuando no tengo la posibilidad de leerlo en papel, o cuando es un libro árabe que no encuentro en librerías, así, en Chantada, o en toda Galicia. Pero prefiero más de papel. (moza 1.º BAC)

Moitas veces, para obras que non adoitan chegar a España ou que non están traducidas ou non as adopta ningunha editorial, moitas veces tamén leo, aínda que sexa... Tiven un Kindle unha temporada pero quedou aí un pouco abandonado, pero sobre todo no ordenador si que leo moitas veces tamén. (mozo 1.º BAC)

---

61 Mirar que están lendo outras persoas é un comportamento xa rexistrado nun adolescente (Fernández e Millán, 2011), no contexto de elementos que se perden coa lectura dixital.

Xa, pero co *ebook* [...] é que podes acceder a libros xa se retiraron como do mercado en papel, porque eu quería comprar un libro, sobre fútbol... (mozo 1.º BAC)

### **2.8.3.3 Comodidade: “Pues me lo leo en el móvil”**

Si leo pouco en papel. Pero a nivel de comodidade creo que é mellor o *ebook*. (moza 4.º ESO)

Yo, si me compro un libro, después, seguramente, me lo descargue en PDF más que nada por el hecho de estoy fuera de casa y yo qué sé... imagínate que tuve que ir al médico a acompañar a alguien y estoy una hora en la sala de espera, pues me lo leo en el móvil. (mozo 1.º BAC)

### **2.8.3.4 Enriquecemento: “Hai vídeos e cousas así”**

Os deportivos por exemplo eu léoo en... en... o internet no ordenador. Porque hai vídeos e cousas así que especifican máis as cousas. (mozo 2.º ESO)

### **2.8.3.5 Ecoloxismo: “Pero quitas as árbores”**

Eh... otra cosa buena que tiene o libro así electrónico... é que todos los libros que son en normal tienen hojas pero quitas as árbores e o medio ambiente vai un pouco en pique. (mozo 2.º ESO)

## **2.8.4 Os distintos dispositivos**

Hai a conciencia clara de que cada dispositivo (e estes estudantes están familiarizados con varios) pode ser vantaxoso segundo o momento e o tipo de lectura.

### **2.8.4.1 Móbil**

A vantaxe fundamental do móbil é que é un equipo que acompaña sempre os mozos e as mozas (e que incluso, como vimos, lles proporciona música, ver ap. 2.2.1.4). Tamén subministra obras que non están dispoñibles por outras canles e facilita a interacción con outros lectores, como na aplicación antes mencionada Wattpad (ap. 2.6.6.3).

Blogs e eso no móbil pero, o que é o libro, libro gordo, en papel. (mozo 1.º BAC)

É certo que moitas veces o xornal si que ao mellor o leo no móbil, porque xa che salta noticias, chama a atención, entras e xa está. (moza 3.º ESO)

Pues normalmente en PDF. Descargo el PDF del libro y lo leo en el ordenador o si no en el móvil porque es como más cómodo. Al estar acostum-

brada ya a estar con el móvil o tenerlo en el bolsillo pues solo tengo que sacarlo y ya leo lo por ahí o por el ordenador. Y e incluso a veces que hay traducciones, por ejemplo en un libro en castellano antiguo te... hay PDF en castellano actual o incluye algunas imágenes entonces es como más ameno y más fácil de leer. (moza 3.º ESO)

Eu, en cambio, leo moito no meu teléfono, teño aplicacións que... son autores que non son o suficientemente coñecidos para que unha editorial os contrate e publique o libro, así que soamente se poden ler de maneira dixital, e paréceme cómodo e máis fácil de levar. (moza 2.º ESO)

#### **2.8.4.2 Tablet y ebook**

Principalmente as triloxías que non quero mercar, porque soamente quero delas por experimentar outro tipo de lectura, descárgoas en PDF e léoas no móbil que é... ou na *tablet*, pero... (moza 4.º ESO)

Eu o terceiro libro... De Harry Potter lino nunha tarde no *ebook*. (moza 1.º ESO)

#### **2.8.4.3 Ordenador**

Moitas veces, para obras que non adoitan chegar a España ou que non están traducidas ou non as adopta ningunha editorial, moitas veces tamén leo, aínda que sexa... Tiven un Kindle unha temporada pero quedou aí un pouco abandonado, pero sobre todo no ordenador si que leo moitas veces tamén. (mozo 1.º BAC)

Os deportivos por exemplo eu léoos en... en... o internet no ordenador. Porque hai vídeos e cousas así que especifican máis as cousas. (mozo 2.º ESO)

#### **2.8.5 Descargas ilegales**

Hai casos en que os libros obrigatorios (por exemplo, o citado *Rinconete y Cortadillo*, e outros igualmente libres de dereitos) son gratuítos en distintas plataformas. Pero, noutras ocasións, as obras conséguense claramente por vías ilegais.

Os mozos adoitan recoñecer cando fan uso de copias ilegais. A palabra “piratería” non a usan explicitamente, fálase de “descargas”, “baixar de Internet”...

—Chámame a atención unha cousa, que cando decides comprar estades falando de papel, e cando falades de electrónico sempre descargar... (moderador 1)

—Hombre, porque tú lo buscas en Google: “PDF gratis”. (moza 1º BAC)

Pero algunhas veces eu vou pillar un libro e miro e, ao millor, costa trinta euros un libro que me quería ler, e despois miña mai descargoumo de internet, e algunhas veces descárgao gratis. (mozo 2.º ESO)

- Non comprades libros en dixital, entonces... (*moderador 1*)
- No... (*moza 1.º BAC*)
- No, si compro un libro que sea ahí bonito, físico... (*otra moza 1.º BAC*)

Pois eu, e que eu descubrín a Stephen King no ebook, con tres mil e pico libros que descargounos meu pai. (*moza 4.º ESO*)

Ás veces, aparecen certos remordementos pola falta de retribución ao autor<sup>62</sup>.

Claro, en parte por coleccionismo, que tamén me pasa un pouco, telos aí sempre á man, pero logo tamén moitas veces por darlle diñeiro a quen o escribiu, porque claro, eu cando leo no móbil ou... bueno, no meu caso non, porque non leo no móbil pero, eu cando leo no ordenador, a fin de contas o autor non está recibindo ningún diñeiro polo que estou lendo de gratis e claro... Se o fago é porque normalmente o libro non está en España, pero logo se veo que chega e algunha editorial o colle, aínda que non vaia a chegar a abrir o libro porque xa o lin vinte veces, eu o vou comprar para deixalo na estantería polo menos anque sexa para deixar o diñeiro aí xa invertido. (*mozo 1.º BAC*)

### **2.8.6 Complemento dixital da lectura**

En moitas ocasións, aparece o uso de materiais dixitais como complemento de lecturas, en papel ou igualmente dixitais (igual que, como vimos, estes mozos usan medios dixitais para orientar as súas lecturas, en papel ou dixitais: ap. 2.6.6).

Eu sobre todo... Máis que buscar información, busco as palabras, sinónimos e así, porque gústanme un montón, entón sempre estou co móbil, porque o dicionario dáme máis pereza... (*Risas*) E vou buscando as palabras e así. (*moza 1.º BAC*)

Case todos os libros teñen algo que aprendes novo e que, ao fin e ao cabo faiche pensar e cavilar nese algo, e moitas veces ese “algo” e tan intenso, que é o que che leva a buscar información en internet. (*moza 1.º ESO*)

Eu, cando compro un libro sempre o leo xusto cando chego a casa, si que despois, moitas veces xa non teño nada que ler así que paso o tempo, ou ben vendo películas na tele, ou ben buscando información sobre o que lin, que eso si que o fago moito en internet [...] Pasoume cun cómic de Spiderman, que lin un cómic que acababa cun “continuará”, e estiven buscando moita información sobre o que pasaba despois porque non podía conseguir o seguinte e estaba... tiña curiosidade sobre o que seguía. (*mozo 1.º ESO*)

A busca de información en Internet pode responder tamén a unha encarga escolar.

---

62 Estes estudantes teñen, polo xeral, un bo coñecemento xeral do circuíto autor/editor/libreiro e do papel que xoga cada un. Ver o ap. 2.9.3.2.

A min, moitas veces pois, eu que sei, no colexio pois mándanme buscar información sobre tal, entón, eu entro y busco información sobre tal, pero como obligada, pero entón, logo, a partir de aí, pois atopo algo e vou ata outra cousa, e logo da outra vou a tal<sup>3</sup>, e acabo estando, e cando me dou conta pois levo bastante tempo lendo informacións en internet sobre cousas que... e o que empezou sendo un deber para o instituto, pois rematou ser como unha cousa súper interesante para min, e que me entretivo moitísimo. (*moza 1.º ESO*)

Por último, pode haber busca de información non a partir de lecturas senón de conversas ou inquietudes propias.

Moitas veces, eu por exemplo, empézase a falar na casa ou nunha comida familiar de, imaxínate, de, empezan a falar, por exemplo, sobre o psiquiátrico de Toén, e ti empezas a mirar información en internet e, o cabo de dúas horas dásche conta de que acabas vendo casos similares. Por exemplo, eu empecei mirando o do psiquiátrico ese e acabei vendo o da explosión nuclear, entón acabas nun tema relativamente parecido, porque ao fin e o cabo, acabou mal, o sea como, abandonado, pero é un tema completamente diferente ao primeiro e ao fin e al cabo é algo que che gusta mirar, e como vas navegando e pois al fin e al cabo... gústache. (*moza 2.º ESO*)

Pois eu, internet, gústame pois, as redes sociais pois, igual non teño tempo para dedicar, gústame tranquilamente mirar, e despois, pois si, os temas que me interesan, pois informarme, e a min gústame a medicina, pois gústame informarme, pois que tes que estudar, o MIR, as opcións, e todo iso. (*moza 2.º ESO*)

## **2.9 Lectores e lectoras de todo tipo**

Que é o que buscan os lectores nas obras? Como se comportan con elas? Nas diferentes respostas a estas preguntas, podemos atopar toda unha tipoloxía de lectores.

### **2.9.1 Que se busca na lectura?**

#### **2.9.1.1 Evasión: “Desconectar do habitual”**

Unha das cousas que se buscan nun libro é somerxerse nel e, por tanto, que o lector esqueza o contorno no que está.

A min gústame os libros de fantasía porque despois de que levas xa un anaco lendo pois paréceche que estas de verdade dentro dese libro. (*mozo 2.º ESO*)

[Los juegos del hambre] fanme entrar nun mundo novo, o sea, podes desconectar do habitual. (moza 1.º ESO)

Iso fai que sexa un elemento para escapar das presións que estes mozos manifestan sentir ás veces.

E gústame ler, cando máis ó mellor cando estou moi agobiada prefiero ler e perderme no conto. Gústame ler eh... novelas... (moza 2.º ESO)

Xa non só iso hai un método para se tes estrés acumulado, por exemplo, unha forma de evadirte dese estrés é un medio de escape. Eu o vexo coma... un... así. Á parte de poder aprender de las cosas. (mozo 4.º ESO)

Pois eu a veces para desconectar, se estou moi agobiado nos exámenes póñoome a ler, se non vou a dar un paseo, ou ando a cabalo e moitas veces leo. (mozo 2.º ESO)

[Na casa] siempre me han enseñado a... ¿cómo decirlo? A saber escoger lo mejor de los libros, intentar encontrar más libros en esa línea. Y saber que, por ejemplo, si en algún momento, por cualquier cosa, estoy preocupada, coger un libro que me absorba más para apartarme de esos problemas. (moza 1.º ESO)

Claro que a lectura non é a única forma de combater o estrés, hai quen usa tamén os videoxogos “de pegar moitos tiros”:

Pois... eu... ou me iría a tomar algo ou... xogarí a play coa música posta a un xogo de pegar moitos tiros para desahogarme todo. (mozo 1.º BAC)

### **2.9.1.2 Enganche: “E non poidas parar”**

[Los juegos del hambre] é a que máis me gusta, porque é a que máis me engancha. (moza 1.º ESO)

Eu vexo a televisión ou se estou moi enganchada a un libro, non paro de lelo, todo o rato. (moza 2.º ESO)

A min gústame todo tipo de libros, e mentres que a historia te chame e empeces a ler e non poidas parar... E leo cando hai un anaco libre, xa collo o libro e empezo a ler aunque sean 5 ou 10 minutos. (moza 2.º ESO)

### **2.9.1.3 Intriga: “Eu necesito acabalo “**

Se te metes nun libro... a min, eu necesito acabalo. Ou polo menos chegar a un punto no que diga “bueno, hasta aquí” .(mozo 3.º ESO)

Ás veces, en plan, non podes parar de ler e a min non me gusta nada a intriga, porque ademais son moi impaciente, entón non dou esperado e quedaríame todo o rato esperando e se, por exemplo tería que esperar eh,

entro no cole e quédome coa intriga, e teño que esperar toda a mañá, pois eu sei que esa mañá non vou a estar concentrada e non vou rendir ben, e por eso gústame rematar o capítulo máis ou menos, que non quede moi intrigante, porque ás veces tes que ler outro capítulo para quedarte máis ou menos a gusto, porque senón non dás estado concentrado toda a mañá ou o que sexa, ou ben en calquera actividade extraescolar ou o que sexa, non das, non rindes. (moza 1.º ESO)

Curiosamente, os libros que están divididos en capítulos permítenlles ás personalidades máis obsesivas a interrupción da lectura con máis tranquilidade.

E tamén prefiro ler... ler os libros que teñen capítulos, porque os que non teñen capítulos... deixas aí e... non sei. Dáme unha sensación rara. (mozo 2.º ESO)

#### **2.9.1.4 Distracción: “Por se nos aburrimos”**

En 6.º, cando un día me aburría e dixeron “vou a mirar á biblioteca” [...] E pois vin... Vin libros de fantasía, de Laura Gallego, que me gusta moito e... Pois empecei a ler e dende 6.º de Primaria pois leo. Me gusta moito ler. (moza 4.º ESO)

Ir obrigatoriamente a la playa y no puedo ir con mis amigos porque no pueden quedar ese día o así, siempre tenemos un libro en el bolso de la playa para... Por si nos aburrimos, pues o una o la otra leer. (moza 4.º ESO)

#### **2.9.1.5 Aprendizaxe: “Con case todos os libros aprendes algo”**

Si porque ao final, case todos os libros, non podo dicir todos porque igual hai un e xa a fastidias, pero case todos os libros, con case todos os libros aprendes algo, ou teñen como as fábulas unha... intención e aprendes algo ou... case todos os libros teñen algo que aprendes novo e que, ao fin e ao cabo faiche pensar e cavilar nese algo. (moza 1.º ESO)

Y cuando son temas polémicos como puede ser el feminismo propio o como puede ser el tema de las drogas, como era en este libro, pues me llama un montón porque pienso que informa a las personas, sobre todo a los adolescentes, en mi caso, de una forma que no puede hacerlo otra persona porque no es lo mismo que... Es que si lo ves... Pienso que si lo ves contado de esa forma... Porque cuando tú lees un libro a lo mejor, quieras o no, mientras lo estás leyendo, a lo mejor te imaginas a ti en la misma situación... Entonces, como que dices tú “me tocaría vivir esto”... Entonces como que aprendes de esa forma, y eso es lo que me gusta. (moza 1.º BAC)

O sea, a mí con *Idiotizadas*<sup>sm</sup> es que me está reflejando la vida tal cual, o sea, lo que le puede pasar a cualquiera y no sé, y también como que lo hace de una forma cómica pero es un tema muy serio realmente, porque nece-

sitas, por exemplo, ver el rollo del feminismo, de que las mujeres tenemos que cambiar por tu príncipe azul y así, y te lo trata de una forma muy graciosa, pero es serio realmente, ¿sabes? No sé, es como que te concien- cia... Bueno, concienciar... (moza 1.º BAC)

### **2.9.1.6 Gozo: “É algo que ten que ser un pracer”**

A lectura, a non ser que sexa obligatoria, é algo que ten que ser un pracer, e se non aporta pracer eu creo que o único que fas é contaminar un pouco esas ganas de ler, non? (moza 4.º ESO)

[Nas lecturas non obrigatorias] é como moito máis... leo, disfruto, e punto. (moza 2.º ESO)

### **2.9.1.7 Identificación: “Te imaginas a ti en la misma situación”**

Vimos no ap. 2.7.7 como algúns lectores e lectoras son capaces de percibir a subxectividade dun personaxe a través da narración. Un paso máis é identificarse con el.

Yo la última que leí fue *Donde los árboles cantan*\*, y es una... muy bonita, es, buah, porque, además de que, cuando el protagonista, o la protagonista, es un joven de tu edad, sientes más las cosas y puedes entenderlo más. (moza 3.º ESO)

De lectura, yo pienso que lo que más me gusta pues también es la literatura juvenil y tal, porque me gusta sentirme identificada, eso es lo que me llama [...]. Y cuando son temas polémicos como puede ser el feminismo propio o como puede ser el tema de las drogas, como era en este libro, pues me llama un montón porque pienso que informa a las personas, sobre todo a los adolescentes, en mi caso, de una forma que no puede hacerlo otra persona porque no es lo mismo que... Es que si lo ves... Pienso que si lo ves contado de esa forma... Porque cuando tú lees un libro a lo mejor, quieras o no, mientras lo estás leyendo, a lo mejor te imaginas a ti en la misma situación... Entonces, como que dices tú “me tocaría vivir esto”... Entonces como que aprendes de esa forma, y eso es lo que me gusta. (moza 1.º BAC)

A min si que me gusta eso... [...] que os libros estén en primeira persoa gústame máis que que estén en terceira, non sei por que, pero como que me chama máis, e como que me meto no personaxe, porque como fala el, pois como que te metes aínda máis no papel e, non sei. (moza 1.º ESO)

A ella [irmá] también le gustan las portadas que sean bonitas, que la historia sea bonita, que lo sientas, que sientes que eres el personaje principal, que puedes sentir todo lo que hacen, todo... es muy bonito. (moza 3.º ESO)

A identificación pode levar a poñerse na pel doutro lector, a pensar en que pensaría.

Tamén é moi interesante a veces ler que esté, que o narrador ou o protagonista teña unhas ideas completamente contrarias, ou, por exemplo, que o protagonista sexa un nazi ou... moitas veces é interesante pórse no lugar ou ler dentro de o que é a cabeza de un personaxe que é completamente contrario ao que es ti. *(moza 4.º ESO)*

La identificación puede llevar a ponerse en la piel de otro lector, a pensar en qué pensaría.

Pero bueno, a min nunca me pasou por desgraza. Pero sempre quero ver... sempre soñei con ver un libro con anotacións de outra persoa que o mercase e como ver... ler o libro dende outro punto de vista. Sería... Buf! Sería impresionante. *(moza 1.º ESO)*

Porque o obxectivo máximo dun lector é “crear a túa propia historia”, diferente da dos demais, cousa que só se consegue con certas obras.

É que, o fin e ao cabo os libros, nunca atoparás un libro que a todo mundo lle guste porque, é o todos os... ou que todos compartan a mesma idea, porque se de verdade comparten todos a mesma idea é porque esa idea está moi clara, entón o libro está escrito como... de modo moi obxectivo, e ás veces é mellor escribilo dun modo máis... que o teu cerebro teña que, non sei, como que imaxinarse as cousas e así pois crear ti a partir dunha base da historia, crear ti como a túa propia historia, e se nun libro todos comparten... pensan o mesmo, pois eso é que ese libro pois... non... fáltalle algo que che faga ao teu cerebro pois... cavilar el mesmo. *(moza 1.º ESO)*

## **2.9.2 Comportamento ante os libros**

O comportamento lector pode ter distintas facetas, segundo o grao de fidelidade á obra que se mostre.

### **2.9.2.1 Abandono: “Ao mellor o deixo”**

Aínda que o lector non sexa partidario de deixar as cousas a medias, ás veces abandónase unha lectura.

Entón collo e, normalmente, pois, unhas páxinas, incluso, se son capítulos cortiños, leo o primeiro e se vexo que a historia non me vai... que non consigue engancharme e tal, pois, ao mellor o deixo, aínda que non me gusta moito porque... non son unha persoa que lle guste deixar as cousas... a medias. Gústame moito acabar... non sei, sentir que acabei o que tiña que facer, entón... normalmente acáboos igual, por darlles a oportunidade de que ao mellor cambian no medio e pégame un bote e me acaban gustando... pero si vexo que xa dende o principio é unha temática

que non é para min, déixoo, e prefiero ler outro que me vaia a gustar. (moza 3.º ESO)

Pero, por exemplo, si que é verdade que moitas veces empezan mal, pero o, por exemplo, o de *Izan o da saca*\*, que mencionábamos antes, ao principio é bastante pesado. Se les ao mellor trinta páxinas e xa o abandonas non chegarías a ver que é realmente un bo libro, entón eu o que fago moitas veces, ao mellor, se leo trinta páxinas e veo que de momento vai mal a cousa, ao mellor o abro por unha páxina polo medio y miro a ver se está animado ou tal, e decido se é rentable chegar ata ese punto. (mozo 1.º BAC)

Ás veces, as motivacións para acabar un libro poden non ser positivas...

Porque me gusta saber qué tengo que criticar... No, en serio, suena muy irónico, pero sí que lo hago, en plan... Digo “bueno, no me gusta, pero voy a acabarlo y saber qué es lo que, para mi forma de pensar, está mal o no me gusta” y así luego puedo criticarlo todo lo que quiera, oye, que no me pueden decir que no leí el libro. (moza 1.º BAC)

### **2.9.2.2 Relectura: “Os les outra vez”**

A relectura pódese ver como unha operación que estraga unha lectura anterior ou todo o contrario, xa que pode permitir entender e reparar en cousas que pasaran desapercibidas nunha primeira lectura.

Además eso de tener libros, yo no tengo muchos libros, pero me gusta leerlos, pero no me gusta volver a leerlos, porque me pierde aquella cosa que no es como si no lees por primera vez, cuando lees por primera vez es algo... muy bonito. (moza 3.º ESO)

Eu tamén moitas veces cando... Cando vas crescendo e les máis libros ou les libros que xa liches, os les outra vez. Pois a veces dáste conta de cousas que na primeira vez que has pasado, ou non entendiches e daquela vez entendes o que significan esas palabras ou a mensaxe que... que indica. (mozo 4.º ESO)

Vimos no ap. 2.7.5 o visionamento dunha película como substituto da lectura; pois ben, tamén nos atopamos con que pode substituír a relectura.

Eu non soo ler outra vez os libros unha vez que xa os leín, entón gústame así despois de moitos anos volver a ver a peli e tal. (moza 1.º BAC)

### **2.9.2.3 Lectura en voz alta: “Me gusta moverme pola casa e lelo en alto”**

É unha modalidade que aparece nalgunhas ocasións entre o estudiantado.

—Tamén fun a ler, porque todo o que sea ler en alto... Gústame moito. (moza 1.º BAC)

— Si, a min tamén. (moza 4.º ESO)

—A min tamén, porque teño de misa influencia do meu pai, que leo os domingos en misa. (moza 1.º ESO)

Cando estou soa na casa, por exemplo, cando estou empezando un libro sobre todo, me gusta moverme pola casa e lelo en alto, e despois a medida que vou entrando no libro, que me vai gustando máis, sentarme xa e lelo en voz baixa, mentalmente, e xa non escoitar ruído porque senón pérdome, e teño que ler unha páxina varias veces hasta que me entero. (moza 4.º ESO)

### **2.9.3 Do outro lado**

Se en canto lectores poden entregarse a unha obra ata case perder a noción do tempo, iso non lles impide coñecer e transitar as marxes: desde converterse eles mesmos en autores, ata coñecer profundamente todo o circuíto no que se inscriben os libros.

#### **2.9.3.1 Escritura**

Poderíamos pensar que é un caso máximo de identificación co texto escrito, pasar da recepción á súa produción.

Vimos o caso da aplicación WhatsApp (ap. 2.6.6.3). Pero tamén se escribe fóra desa plataforma.

Si, a ver, de todo, cando era máis pequena, bueno máis pequena, en segundo da ESO e así, facía máis poesía, e este ano deume por máis microrelatos e contos... pero vamos que, da igual, o xénero da igual. (moza 4.º ESO)

Eu de moito, moito máis pequena, estou falando de cinco anos ou catro, si que escribía moita poesía porque, cando ía á cama, en vez de lerre contos, en plan, os típicos contos que se lle len aos nenos, pois a min líanme a Rosalía de Castro, un libro que temos, e entón pois inspirábame, e logo pois, escribía poesía, non sei por que, pero bueno, que agora a leo e digo, “madre mía”. (moza 1.º ESO)

Como empecé a leer desde muy pequeña pues como que me impulsó a que yo también quería escribir mis cosas. Entonces aprendí como a expresarme mediante... Mediante las palabras pero escribiendo, tal cual y a partir de ahí pues como que... Bueno, lo pasé al habla, como quien dice, pero sí, me ayudó bastante, la verdad. (moza 1.º BAC)

### 2.9.3.2 Conciencia do sistema editorial

Sexa porque llelo contaron os profesores, sexa por descubrimento persoal, estes mozos teñen ideas moi claras sobre todo o circuíto da edición. Por exemplo, sobre o proceso de creación:

É que ao fin e ao cabo é moi interesante que veña o autor porque cóntache a historia e o por que dese libro e o que hai oculto detrás dese libro, e a min eso tamén me parece moi interesante, o de que o autor veña e comente as cousas do por que, paréceme moi interesante. *(moza 1.º ESO)*

Sobre o papel da editorial para primeiras edicións ou traducións:

Eu, en cambio, leo moito no meu teléfono, teño aplicacións que... son autores que non son o suficientemente coñecidos para que unha editorial os contrate e publique o libro, así que soamente se poden ler de maneira dixital, e paréceme cómodo e máis fácil de levar. *(moza 2.º ESO)*

Moitas veces, para obras que non adoitan chegar a España ou que non están traducidas ou non as adopta ningunha editorial, moitas veces tamén leo, aínda que sexa [dixital]. *(mozo 1.º BAC)*

Se vexo que ten tres ou catro edicións, pois digo, “este ten que ser bon, vouno coller”. *(mozo 1.º BAC)*

Sobre a propaganda:

Pero luego tamén por recomendacións de coñecidos, que tamén adoito fiarme bastante porque non teñen ningún interés, como pode ter unha editorial, que nos manda libros específicos para potenciar as vendas. *(mozo 1.º BAC)*

Ou sobre a retribución do autor (ver o dito sobre a “piratería”, ap. 2.8.5).

Moitas veces [merco un libro] por darlle diñeiro a quen o escribiu, porque claro, [...] eu cando leo no ordenador, a fin de contas o autor non está recibindo ningún diñeiro polo que estou lendo de gratis e claro...Se o fago é porque normalmente o libro non está en España, pero logo se veo que chega e algunha editorial o colle, aínda que non vaia a chegar a abrir o libro porque xa o lin vinte veces, eu o vou comprar para deixalo na estantería polo menos anque sexa para deixar o diñeiro aí xa invertido. *(mozo 1.º BAC)*

Pois eu eso véxoo bastante mal, vexo mal que coste tanto e vexo mal que o autor reciba tan pouco. [...] Si, porque, hai un chiste en twitter, que hai unha foto e sale un libro, veinticinco euros, una botella de vodka del mercadona, cuatro, sabes, a que se vai tirar a xente? [...] Os escritores están para algo e si eles non cobran polo que fan, vaise acabar, non vamos seguir tendo escritores. *(moza 1.º BAC)*

## 2.10 Rivals da lectura

É ben sabido que as ofertas de ocio da actualidade superan moito as de épocas anteriores, o que na práctica supón unha maior competencia para a lectura. Para calibrar como se manexa, presentámoslles unha situación-tipo aos membros dos grupos: “estás un sábado, xa fixeches os deberes e quedanche dúas horas antes de te atopar cos teus amigos, que fas?”.

Cómpre salientar que a lectura non é normalmente a primeira opción...

Gustaríame moito dicir que estiven a hora y media lendo pero, nesta época é unha mentira tremenda porque o primeiro que fas é coller a tableta, buscas un vídeo en YouTube por exemplo agora, e logo empezas a pasar vídeos, a pasar vídeos, a pasar vídeos, e logo chegas media hora tarde ao que tiñas que facer, engánchaste todo o tempo e ao fin e ao cabo... a ver, depende do vídeo tamén, pero é como un pouco... tempo perdido. (*moza 2.º ESO*)

Ou meu primeiro impulso sempre... bueno, o meu e creo que o da maioría da xente é coller o móbil ou a *tablet* ou ver a televisión e non digo de estar a hora y media facendo eso en concreto pero... si que, si que leo, pero non todo o tempo que podería ler, entón... esa hora... (*moza 4.º ESO*)

### 2.10.1 Televisión

Eu vexo a televisión ou se estou moi enganchada a un libro, non paro de lelo, todo o rato. E ou... escoito música, ou recollo a miña habitación. (*Risas*) (*moza 2.º ESO*)

Eu pois miro si hai algo na televisión e o... case sempre nas horas no suele haber nada pois apago a televisión e póño-me a mirar o móbil a ler noticias dos periódicos ou... algo así de tendencias. E despois póño-me a ler libros que quero acabar pronto para empezar outros. Libros quero acabar de ler. (*moza 2.º ESO*)

### 2.10.2 Videoxogos

Pois... eu... Ou me iría a tomar algo ou... xogarí-a á play coa música posta a un xogo de pegar moitos tiros para desahogarme todo. (*mozo 1.º BAC*)

Eu... o meu orde é: Xogar a play, pasmar... (*Risas*) O sea, tómbome así na cama e como nunca teño sono polas tardes pois ando aí pensando nas miñas cousas (*Risas*). E xa está. (*mozo 2.º ESO*)

Por exemplo se non hai ningún amigo na play eu vou-me ler. Porque xogando abúrrome solo. (*mozo 2.º ESO*)

### **2.10.3 Redes sociais**

Pois eu, internet, gústame pois, as redes sociais pois, igual non teño tempo para dedicar, gústame tranquilamente mirar. (*mozo 3.º ESO*)

Dependendo das súas afeccións, utilizan diferentes redes, ou varias delas. Á pregunta de cales frecuentan, estas son as respostas:

- Instagram... e pouco máis. (*1.ª moza 3.º ESO*)
- Os clubs de fans! (*2.ª moza 3.º ESO*)
- Whatsapp... (*1.ª moza 3.º ESO*)
- Twitter... (*mozo 4.º ESO*)
- Twitter... (*moza 1.º BAC*)
- YouTube... (*1.ª moza 3.º ESO*)

### **2.10.4 “Pasmar”**

Eu nada, non faría nada creo. (*moza 3.º ESO*)

Eu... o meu orde é: Xogar a play, pasmar... (*Risas*) O sea, tómbome así na cama e como nunca teño sono polas tardes pois ando aí pensando nas miñas cousas (*Risas*). E xa está. (*mozo 2.º ESO*)

### **2.10.5 Amigos**

Pero recordemos que “estar por aí cos amigos” segue sendo unha das actividades de ocio principais.

Como deixo os estudos durante o verán, obviamente, pois digo “xa que non teño que estudar, non teño que escribir, preparar traballos... por que non leo algo en vez de pasarme todo o día por aí cos amigos, tal...? Por que non...? (*moza 2.º BAC*)

## **2.11 Beneficios do club**

Os membros de clubs que participaron nos grupos parecen ter moi claros os beneficios da súa participación.

### **2.11.1 Comunitarios**

#### **2.11.1.1 Socialización: “Coñecín grazas a clubs de lectura”**

Sexa facer novas amizades ou coñecer mellor as antigas, o club contribúe.

Convivencia, estar xuntos... (*moza 2.º ESO*)

Teño moitos amigos así, en plan que coñecín grazas a clubs de lectura e tal, so que ao mellor non son de aquí exactamente, pero a media hora ou tal. (moza 1.º BAC)

Tamén conoces diferentes... bueno, tamén conoces máis aos teus compañeiros... (moza 1.º BAC)

### **2.11.1.2 Integración: “Axudaron moito”**

O club pode ser especialmente de axuda cando se trata de integrar un estudante entre os seus compañeiros ou mesmo de integrar unha persoa inmigrante na comunidade.

A min eu creo que me axudou fundamentalmente [...] durante os primeiros anos, a relacionarme cos compañeiros dos outros cursos, porque ao chegar ao instituto nos separaron en clases diferentes, ou mesmo cos do colexio de arriba, cos que non tiña confianza e agora si. (moza 4.º ESO).

Para min que era nova eses clubs axudaron moito a integrarme, a conecer máis aos meus compañeiros entón, non solo é a actividade que fas, ou o libro que les, hai moitas máis cousas detrás, que che axudan na... na túa vida diaria, e que che axudan a levar un pouquiño o instituto. [...] e a min paréceme que é mellor así que non todo estudar, estudar, estudar, e nada máis. (moza 3.º ESO)

Y eso del vocabulario es... y mejorarlo, si, me ayudó mucho. Siempre me decía mi hermana que, al principio de todo, que tenía que leer muchos libros para hablar mejor español. (moza inmigrante de 3.º ESO)

### **2.11.1.3 Situación relaxada: “Como se estivera falando coa miña familia”**

Unha clave do éxito dos clubs é o relax co que se presentan as interaccións.

A min, a verdade é que eu son extrovertida e introvertida, entón, cando vou a club de lectura, e falar cos meus compañeiros de algún tema, pois axúdame, eu síntome como se estivera falando coa miña familia, sabes?, que non é que me sinto cohibida de falar de algún tema. (moza 1.º BAC)

Non, pero é que... Por exemplo, a nosa profesora é moi flexible... A ver, a veces sempre se che olvida ler algunha parte, pero bueno, non pasa nada, porque por exemplo cando se nos olvidou, fixemos o do troco e falamos con ela doutros libros, entón... É como estar aquí agora [no grupo de discusión] falando, sabes? Non... (moza 1.º BAC)

E pois que ao mellor se miña nai non leu o mesmo libro que lin eu e lle falo sobre el, ela non sabe de que vai e... Pois ao mellor non interactuamos tan ben, pero eu, por exemplo, con [nome da coordinadora], se lemos o mesmo libro podemos falar del tranquilamente, porque lémolos as dúas e... (moza 1.º ESO)

## **2.11.2 Pensamento crítico**

En temas espiñentos, ou cando se trata de expoñer unha opinión persoal que quizais non coincida coas doutros, o club é un espazo que favorece a expresión.

### **2.11.2.1 Expresión libre: “Podo ter o meu punto de vista”**

No club de lectura sempre atopei un sitio no que, respecto a un tema, non teño que apoiarme en censura ningunha porque podo expoñer perfectamente o meu punto de vista e sorprenderme por outros, porque é un erro que penso que temos, que teñen moitas persoas nesta sociedade, que é pensar que o seu punto de vista e o único e o supremo, pero, dentro de eiquí cada persoa vése que ten a súa filosofía, a súa maneira de pensar, e que intentar que todo o mundo pense igual ca ti é algo inútil, e que non ten sentido. (moza 2.º BAC)

Claro. E ao principio, cando eu me uní ao clube, pois tamén era así, ao principio, “ao mellor se digo esto non lle parece ben”, “ao mellor non interpretei como interpretaron os demais”, e entendín que eu tamén podo ter o meu punto de vista, e o punto de vista del, “oh, pois, mira como pensa el, non mirei desa forma”, sabes?, é esa forma de, de relacionarnos con tal, axúdanos tamén para o noso día a día de, se vas, eu que sei, vas pola rúa e ves unha persoa, e dis, “que pensará esa persoa?”, ao mellor nalgún momento pois, pregúntaslle e tal. (moza 1.º BAC)

### **2.11.2.2 Desconformidade: “Podes protestar a gusto”**

A ver, eu cando empecei o club de lectura era unha retaca obviamente e era moi tímida, e penso que compartir nun sitio tan aberto á diversidade de opinións, de comentarios, de tal, fíxome desenvolverme oralmente moito máis, xa teño moita soltura no respecto á expresión. (moza 2.º BAC)

Coma unha obriga. Ademais eu teño a hipótese de que o ser humano naceu para protestar (Risas). Entón no clube de lectura podes protestar a gusto. Nun exame se che din unha... unha especie de... dime a opinión, non podes poñer que o libro é un noxo porque o profesor se o puxo aí é porque lle gusta (Risas). Entón non podes ofender o profesor pero tampouco vas dicir a mentira, entón acabas dicindo unha cousa que... non é que teña moita verdade pero tampouco é mentira e acabas sendo pouco crible en... (moza 1.º ESO)

### **2.11.2.3 Aceptación do outro: “Hai xente que pode ter opinións diferentes”**

Pero sobre todo [axudoume] a aprender que todo o mundo ten, o sea, que hai xente que pode ter opinións diferentes a túa, que non, a túa non ten por que estar sempre ben, ou ten que estar por enriba das outras. (moza 4.º ESO)

Cando tu vas lendo un libro, tes unha idea preconcebida do que has leído, despois cando vas ao debate, claro, mezclas as ideas, e encontras unha que é algo máis elaborado, máis diferente da que ti pensabas... É unha maneira de buscar novos recursos e de aprender máis. *(mozo 1.º ESO)*

#### **2.11.2.4 Reflexión sobre a actualidade: “Que pasaría se houberse unha violación”**

Por exemplo, se no libro hai unha violación, pois hilas e falas... Empezamos a falar de “que pasaría se houberse unha violación no teu pobo?” E sacas temas e... Non sei, gústame moito eso do club de lectura. *(moza 4.º ESO)*

[*Los juegos del hambre*] A min gústame tamén porque ten como unha dobre cara que critica á sociedade, dependendo como o mires. E creo que os libros tamén che fan reflexionar sobre a actualidade. *(moza 1.º BAC)*

#### **2.11.2.5 Intersubxetividade: “Coincides en cosas con outras personas”**

Pues la verdad es que sí porque muchas veces las personas cuando leen un libro pues como que tienen como.. Que piensan que son... Que tienen esa individualidad que suelen leer... O sea, tomar el libro de esa forma, pero tú llegas al club de lectura y lo comentas y ves que coincides en cosas con otras personas y en cosas que a lo mejor, que dices tú “jo, esto se me había ocurrido a mí y era súper raro, pues por lo menos sé que no soy la única rara, oye”, y como que a lo mejor te da como más confianza a la hora de hablar de las cosas. Confianza que incluso se puede transmitir a otras cosas, rollo que pierdas la vergüenza a hablar sobre, sobre lo que te gusta o sobre lo que quieras. Pero sí, a ese... *(moza 1.º BAC)*

Bueno, eu tamén o vexo como algo co que ti podes compartir esa opinión e recibir a opinión de outra xente e os diferentes criterios que unha persoa pode ter dunha mesma lectura, non? É dicir, puntos de vista que ti ó mellor nin te podías chegar a imaxinar que podían ter esas obras, non? Como dicir “ai, a min pareceume esto, a outra persoa outro, eu interpreteino así e outra persoa doutra maneira”. E despois hai persoas que incluso meten as súas propias experiencias da vida “ai, pois a min pasoume algo semellante a esto e por o percibín así”. Entonces pois é algo interesante, a verdade. *(moza 2.º BAC)*

Eso é o que facemos moito no club de lectura, despois de ler un libro debatir sobre que transmite, emociona ou que... o que, despois de acabar, cabilas sobre o que has aprendido, sobre o que nunca antes imaxinaras, eso é o principal obxectivo do libro moitas veces. *(mozo 1.º ESO)*

### **2.11.3 Académicos**

Non se pode rexeitar o interese dos participantes no club por mellorar o seu nivel académico e, por conseguinte, as súas notas. Resulta interesante que utilicen fórmulas que parecen eco das dos seus profesores; por exemplo: “aumentas o teu léxico”, en vez de “coñeces máis palabras”, ou algo así...

#### **2.11.3.1 Expresión: “Despois xa tiña todo verde”**

E aumentas o teu léxico. (*mozo 4.º ESO*)

E ademais melloras a ortografía. (*mozo 2.º ESO*)

E eu sempre tiña en roxo (*Risas*) e ao final do curso empezara a ler moitos libros e fun subindo a amarillo, e despois xa tiña todo verde. E tiñan roxo todos. (*mozo 2.º ESO*)

Nos momentos de comentario de texto, expresión, desenvolvemento de temas e tal e cual, nótase moitísimo cando alguén ten vocabulario e expresión de ler moitos libros e tal, e cando non. E particularmente, estar toda a ESO e todo o bachillerato, bacharelato, no club de lectura aportoume eso, que os comentarios de texto pues, non vou decir que os fago perfectos, pero fágoos ben, entonces... (*moza 2.º BAC*)

#### **2.11.3.2 Práctica do galego: “Axuda a ter a facilidade”**

E, moi especialmente, parece favorecer a práctica do galego (para o tema lingüístico no club, ver o ap. 2.12).

Si, e tamén como que, o noso club de lectura, por exemplo de segundo está feito en galego pois como estás falando moito tempo en galego pois sempre, á hora de expresarte neste idioma pois é moito máis... sinxelo. (*moza 2.º ESO*)

Si porque, tamén digo casi todos por non fastidiala, case todos agora mesmo pois lemos eh... falamos de por si, natural, en castellano, é a nosa lingua máis falada, e ao ter os clubs de lectura en galego, o de primeiro tamén están en galego, pois a parte de ler, logo tes que expresarte, pois axuda a ter a facilidade de tamén saber falar ben o galego, e controlar por igual dos idiomas, que ao fin e ao cabo, os dous son nosos idiomas natais e que temos que controlar igual de ben. (*moza 1.º ESO*)

### **2.11.4 Percepción do profesorado**

Os que coordinan os clubs son profesoras e profesores que pode que lles desen clase aos participantes ou non, pero en calquera caso os clubs son un espazo inédito de convivencia con eles fóra do marco xerárquico.

#### **2.11.4.1 Coordinadoras: “A min gústame moitísimo”**

Hai unha constante que son as expresións de agradecemento e afecto cara ás coordinadoras. Fálase de coordinadoras porque nos grupos en que se mencionan son basicamente mulleres.

A ver, antes estaba [nome da coordinadora], y como ya sabía que me gusta mucho leer, me recomendaba libros, y eran todos de mi tipo, así que dije, “bah, ¿por qué no me pongo en el club de lectura, dado que esta profesora esa la que dirige el club de lectura?”. (moza 1.º BAC)

Ademais eu creo que no meu grupo empezamos cunha profesora que... Como que non era tan dinámica, non? Era chegar, falar un resumen do capítulo, o que nos parecece, pero agora cambiamos a [nome da coordinadora], á de antes, e a min gústame moitísimo o club de lectura con ela... (moza 4.º ESO)

E que, outros anos que era menos... máis libre, por dicilo dalgunha maneira, e acababa sendo un caos. E eu creo que, sobre todo cando estás na ESO, necesitas unhas pautas para aprender a ler sobre todo. E as recomenda... os libros que recomenda [nombre dunha profesora] están elexidos con, cun criterio, cunha idea, polo tanto eu... fiámonos dela. (moza 4.º ESO)

#### **2.11.4.2 Profesores: “Los ves de otra manera”**

Yo creo que además es que al haber profesores en el club de lectura los ves de otra manera también a ellos, te sirve para tener una relación diferente. Y además... (moza 1.º BAC)

E sobre todo [axudoume], eu creo que, a discutir cos profesores, porque é unha cousa a que lle temos medo. (moza 4.º ESO)

### **2.11.5 Lectura**

#### **2.11.5.1 Relax: “Máis como para disfrutar”**

En oposición ás lecturas obrigatorias (ap. 2.6.5) e a forma de avalialas está a lectura no club.

Eu creo que no club de lectura vai todo máis relaxado, porque por exemplo, ti con [nome da coordinadora] dis, “non puiden rematar o libro por equis motivo”, e non te di, “pois... tes un cero na avaliación”. É como moito máis... leo, disfruto, e punto. (moza 2.º ESO)

No club de lectura ti les un libro pero lelo máis como para disfrutar. (moza 1.º ESO)

Que por exemplo, no que non é obrigatorio eu vou coa mentalidade de que eu teño que lelo e pois non sei se me vai gustar ou non. Logo se me gusta é como un pouco a maiores pero non é o obxectivo. O obxectivo é lelo e saber de que vai para facer o exame. Sen embargo o club de lectura é mais como vou lelo e logo comentalo a ver que me parece. Eu son moi de facer hipóteses, en plan “vai pasar isto”. Logo paso de aí porque eu invéntome cousas (*Risas*). E logo nos libros que eu leo porque gústanme non me paro a ver tal, lelo porque che gusta e xa está. Pero refírome nos obrigatorios é mais como “teño que lelo e se me gusta ven, e se non pois... tamén”. (*Risas*) (*moza 4.º ESO*)

Que non tes que andar memorizando [...] Por exemplo, se chego ao club de lectura e non me lembro ao mellor do que fixo tal personaxe porque aquel día estaba empanándome pouco do que estaba lendo, porque estaba atendendo máis a outras cousas, pois non pasa nada. Estou... chego eiquí, digo o que me pareceu a min e ninguén me pregunta... “con que ferramenta fixo tal cosa este personaxe...?”. Non adoita pasar. E claro, nun exame si que teño que prestar atención, entón, o ritmo de lectura tamén cambia nese aspecto. (*mozo 1.º BAC*)

En plan, en bachillerato pois vamos aos clásicos da literatura española e galega. Pero cando escolles ti un libro, o escollemos aquí no club de lectura podes dar un pouco máis de liberdade, fixarte noutros aspectos, ler as partes que máis che gustan, porque non estás obrigado a facer un estudio exhaustivo de todo, non sei... (*moza 2.º BAC*)

#### **2.11.5.2 Selección: “Tenemos libertad de elegir”**

Ver a opinión das coordinadoras sobre certas propostas dos estudantes (ap. 3.5).

Es que depende del profesor que tienes, a lo mejor en otro instituto tienes a un profesor que él elige ya lo que tienes que leer, mientras que aquí tenemos libertad de elegir nosotros, porque nos gusta, cada uno pone un libro que le gusta, y elegimos entre todos. Así podemos debatir todos los temas, pues yo creo que es un factor importante los profesores del club de lectura. (*moza 1.º BAC*)

E tamén no club podemos escoller os libros por votación, pero escollemos os libros e sempre tocan algo máis variado, porque coas profesoras, pois escólleno elas e igual non che gusta, pero desta maneira é como... máis libre. (*moza 3.º ESO*)

#### **2.11.5.3 Descubrimiento: “¿Y por qué no lo cogí antes?”**

Este factor parece ser especialmente valorado polos mozos e mozas, que teñen a sensación de que sen o club deixarían de facer lecturas interesantes que talvez non se esco-llerían porque *saen da túa zona de confort* (por certo, outro tecnicismo ben asimilado).

O club de lectura sabía que estaba dirixido pola miña profesora de lingua e tutora e había mencionado por alí que podía subir un pouco de nota. (*Risas*) Intereseime, apuntei e despois non me arrepentín, está xenial, se descubren novas... Novos xéneros, novas lecturas e é entretido ler un pouco cada semana, comentarllo... (*mozo 3.º ESO*)

Si porque en plan en los clubs de lectura como que tú siempre que vas a coger un libro vas a lo que te gusta, sabes? Ya tienes una idea clara y fija de lo que quieres. Pero en los clubs de lectura es... te ponen el libro ese y pues es como, no sé, a lo mejor un libro que de primeras no escogerías o no te llamara la atención. Después empiezas a leerlo y te preguntas “¿Y por qué no lo cogí antes?” o cosas así. (*mozo 3.º ESO*)

Está moi ben porque podes, en plan, ti les solo o tipo de lectura que a ti che gusta e con estas cousas nos libros... nos clubs de lectura podes ler máis libros que saen do teu... da túa zona de confort. E... é moi divertido porque o pasas moi ben. (*moza 3.º ESO*)

Sí, pues el primero lo leímos en el club de lectura y después el segundo quise leerlo ya porque me gustó, sí... (*moza 1.º BAC*)

#### **2.11.5.4 Encontros: “É moi interesante que veña o autor”**

Esta actividade, que une unha excursión ou un acto extraordinario coa posibilidade de coñecer un autor apreciado (ou de apreciar un autor descoñecido), goza do favor dos membros dos clubs.

Bueno, a min sobre todo gústame do club de lectura todas as excursións que hai... [...] Non porque sexan saídas, senón tamén porque... Coñecer obras de teatro... o ano pasado fóramos a unha onde iban un montón de escritores e... (*moza 1.º BAC*)

Agora mesmo estou máis interesada en conseguir algúns libros en galego, de autores galegos que coñecín persoalmente nalgunhas firmas de libros, cousas así, algúns casteláns, porque en castelán si que é certo de que hai moitísima variedade, unha variedade por tamén autores latinoamericanos e tal, pero penso que a literatura galega cada vez está ampliándose máis, ampliando outros xéneros, outras temáticas, e penso que si lle damos algo de apoio quizais os futuros autores, que igual están nesta sala poden interpretar, adoptar o idioma galego, na súa, como obra, como lingua da súa obra. (*moza 2.º BAC*)

Claro, moitas veces [nome da coordinadora] escolle o libro porque é do que van falar ou, por exemplo, veu Ray Loriga este ano a Ourense, entón... Logo reunímonos todos no Liceo e faise, na primeira etapa, un debate, e na segunda, se con sorte vén o autor, pois o autor dá unha charla, e eso, fas preguntas. (*moza 4.º ESO*)

É que ao fin e ao cabo é moi interesante que veña o autor porque cóntache a historia e o por que dese libro e o que hai oculto detrás dese

libro, e a min eso tamén me parece moi interesante, o de que o autor veña e comente as cousas do por que, paréceme moi interesante. (*moza 1.º ESO*)

#### **2.11.5.5 Vacacións: “Podemos levar de aquí libros para ler”**

Unha vantaxe dos clubs é que poden achegar libros para as vacacións en “número ilimitado”!

—[nome da profesora] ou no club, sempre acerta moito nos libros que nos poñen e, pois igual, para as vacacións de verán pois pregúntaslle, “eh, que libros ves aquí e que libros pódennme gustar?”, porque xa nos conocen, de oírnos falar, entónces díceslle, “este pódennme gustar?”, entónces... guíaste un pouco. (*1.ª moza 3.º ESO*)

—Porque polo verán podemos levar de aquí libros para ler. Número ilimitado. (*2.ª moza 3.º ESO*)

#### **2.11.5.6 Hábito: “No me entusiasma leer”**

Ata agora atopamos moitos casos de estudantes ferventes lectores, pero creo que son moi interesantes aqueles que —sen ter un hábito tan grande— teñen as habilidades e a disposición que lles permiten desenvolver a lectura sen problemas.

Pues en mi caso... A ver, es que es un poco complicado porque yo tengo los gustos como muy esparcidos en todo, pero tampoco me puedo considerar muy lectora porque soy un poco lectora traicionera, soy más de películas y series, la verdad, porque yo quiero hacer audiovisuales. (*moza 1.º BAC*)

Cando apunteime ao clube de lectura, pois tamén collín o hábito de ler e agora pois leo, de vez en cando, sabes? Non é que sexa así unha apasionada á lectura pero, gústame, e non me importaría pois... se en algún momento apetécceme, pois facelo, non é que diga pois, “oh que pereza”, sabes? (*moza 1.º BAC*)

Eh ... A mí, o sea, sinceramente no... no me entusiasma leer pero tampoco es que lo odie, no? Eh... Simplemente en el instituto nos mandan libros de lectura bastante ab... Para hacer exámenes de control nos mandan libros bastante aburridos. Y pues es como en castellano nos mandaron muchas veces leer libros, por ejemplo *Rinconete y Cortadillo* o así que son libros que no interesan saber la vida de los personajes. No tiene ninguna historia. Entónces pues aunque no me gusten esa clase de libros, yo los entiendo bien. Es decir, saco buena nota en esa clase de libros pero hay otros que sí son interesantes. Por eso digo que no es que odie mucho la lectura sino que en una en una clase de lectura si y en la otra no. (*moza 3.º ESO*)

## 2.12 *Lingua de lectura*

No sistema educativo galego impártense materias en castelán e en galego. Así mesmo, nos clubs pódense encontrar lecturas en ambas as linguas, e algunhas en linguas estranxeiras<sup>67</sup>. Estas son as preferencias que afloraron nos grupos de discusión.

### 2.12.1 *Dálle igual galego ou castelán*

Son as opinións máis estendidas.

Yo por preferencia, para mí, el castellano, porque tengo bastantes problemas con el gallego, pero si me presentan un libro en gallego tampoco tengo problema en... (*mozo 1.º BAC*)

Entón, estás lendo un libro e, a min xa non me gusta igual, porque eu cuando leo un libro en castelán ou en galego leo como si tuvera todo o nivel do mundo, porque son... claro, as nosas linguas, entón, eu póño-me a ler e, vale, estou lendo ese libro. (*moza 3.º ESO*)

A min dáme igual ler en castelán ou ler en galego pero o que si que é certo é que o que eu leo, que é máis como literatura xuvenil, encontrase máis en castelán que en galego. (*moza 4.º ESO*)

Eu métome igual nun libro [en galego que en castelán]... (*mozo 2.º ESO*)

Eu eh... dáme igual... A min o que me gusta é como que esté ben escrito, porque como... cando che mete no universo... (*moza 1.º ESO*)

Eu, persoalmente, se me preguntaran fai un, dous anos atrás, diría que me gustaba máis ler en castelán, sen embargo, nestes cursos tuvemos profesores de galego fantásticos, que nos inculcaban ese respecto para aqueles que se deciden a escribir en galego, a súa maneira de escribir, por que chegaron a escribir así, e agora mesmo non encontro un motivo polo que prefiera un idioma sobre o outro, quizais é porque me din conta de que si que hai variedade en galego, ou de que os temas poden ser tratados igual nunha lingua ou noutra. (*moza 2.º BAC*)

En ocasións, maniféstase a pertenza a clubs nas distintas linguas.

Eu empecei a ler dende moi pequena porque a miña nai escribe, entón sempre foi a que me fomentou eh... Si que gústanme os libros e... que non sexan curtos, gústame profundizar nas historias, chegar a coñecer os personaxes e as situacións eh... Eu e no colexio xa estaba metida en tres clubs de lectura diferentes e agora no instituto estou metida en dous: un

---

67 Ver, por exemplo, “Os 50 títulos máis lidos nos clubs de lectura de ámbito educativo no curso 2016/17”, en *Ler en mancomun* <http://lerenmancomun.blogspot.com/2018/01/os-50-titulos-mais-lidos-nos-clubs-de.html>

de galego e outro de castelán, pero o de castelán é para 4.º e 3.º da ESO, aínda que non me corresponde pásoo moi ben cos libros. *(moza 1.º ESO)*

### **2.12.2 Prefire galego**

Tanto por razóns familiares coma por razóns sociolingüísticas.

Meterme máis no libro si porque eu... a miña familia fala toda en galego entonces poñerme a ler en castelán cóstame máis. En galego imaxino moito máis o que ocorre na historia. *(moza 2.º ESO)*

Eu leo a maioría de cousas en galego, e despois os cómics, como normalmente non están en galego os cómics estadounidenses, de Marvel, etcétera, os leo en castelán, pero normalmente en galego. *(mozo 1.º ESO)*

Ahora ultimamente, o ano pasado líamos máis libros en castelán e todo iso este ano xa levamos 3 ou 4 libros en galego e... ... paréceme mellor. Porque así tamén, porque e unha o galego é unha lingua que se vai a chegar a extinguir porque non se pasa de generación en generación. *(mozo 2.º ESO)*

Penso que a literatura galega cada vez está ampliándose máis, ampliando outros xéneros, outras temáticas, e penso que si lle damos algo de apoio quizais os futuros autores, que igual están nesta sala poden interpretar, adoptar o idioma galego, na súa, como obra, como lingua da súa obra. *(moza 2.º BAC)*

### **2.12.3 Prefire castelán**

Algúns alumnos deben ter máis práctica lingüística en castelán, pero outros sinxelamente valoran a maior posibilidade de elección de lecturas. Detéctase tamén unha caracterización negativa da temática da produción en galego e da linguaxe que utilizan algúns dos seus autores.

Eu leo preferiblemente en castelán, pero tamén porque no meu ambiente familiar desde sempre falan en castelán, entón teño como moito máis vocabulario, éme máis fácil. *(moza 1.º BAC)*

Eu creo... a min por exemplo dáme igual ler en castelán que en galego, pero eu creo que normalmente soe gañar o castelán porque simplemente hai moitas obras que son traducidas, e normalmente non se traducen ao galego, tradúcense normalmente ao castelán, entón... por exemplo eu, que leo normalmente de autores que non son de España, ou que son doutros países, pois cóstame un pouco máis encontrar os libros en galego. Pero senón, non teño problema. *(moza 2.º ESO)*

A mí no me gusta mucho leer los libros en gallego porque, no es que no me guste el gallego, sino no me gustan normalmente las historias, porque

no son de mi tipo, no encuentro casi nunca encuentro una historia que me guste, que... No como en castellano, en castellano hay muchísimas novelas, y que te atraen. *(moza 3.º ESO)*

Una pregunta así general rápida que se me acaba de ocurrir, ¿no creéis que los libros en gallego...? No todos, obviamente, pero esto es una generalización... Que normalmente tienden a ser como muy tétricos... *(moza 1.º BAC)*

Porque a mí en mí caso, por ejemplo, entiendo gallego, hablo gallego de toda la vida de Dios, pero hay libros en gallego que ya me dirás tú cómo lo entiendo y... *(moza 1.º BAC)*

## **2.12.4 Outras linguas**

Adoitan aparecer casos en que os estudantes len nunha lingua estranxeira, ás veces por motivos familiares. Tamén existen clubs de lectura nesas linguas.

Tamén depende do momento e da situación, porque ti podes estar, imaxínate, non sei poñer algún caso pero, nun libro ou de algo, buscas información e eso te aparece en inglés, imaxínate, e pois ti empezas a ler, e como máis o menos temos un nivel de inglés que para entender unha páxina eu creo que dámos, entón pois empezas a ler, algunha palabra seguramente a pasas entre liñas, pero máis o menos por contexto empezas a ler, a enterarte, pasas á seguinte páxina, eu todo... enganche. *(moza 2.º ESO)*

Pues, a ver, a mí, yo leo en todos los idiomas, a mí no me importa, leo en árabe, castellano, leo gallego, leo en francés, mientras el libro te da un concepto, te da una idea, que a ti te gusta, da igual en qué idioma lees, yo creo que todos los idiomas son iguales, lo más bonito es entender lo que te quiere transmitir el autor escribiendo aquel libro, el idioma no importa, yo pienso... *(moza 1.º BAC)*

E respecto aos idiomas estranxeiros, pois eu persoalmente, a non ser que teña un vínculo especial cunha saga que teño que ler nun idioma especial, sempre intento atopar a versión orixinal. Por exemplo, nun viaxe a Londres que fixemos... De excursión, compreime un libro dun autor que encántame, basicamente, non sei como explicalo, no idioma orixinal porque... É Mark Twain, un inglés, El príncipe de las espinas, púxeno basicamente porque xa me dixeran que igual a versión castelá alteraba algunhas cousas, non sei que, non sei canto, as expresións, igual o facían máis lixeiro de levar porque hai escenas que son un pouco... crudas. E en inglés xa é directamente as palabras do autor, non hai ningún filtro nin nada, entonces... atópoo máis auténtico pero... No idioma, nun principio, non me condiciona ao elixir un libro ou outro. *(moza 2.º BAC)*

Y en francés también tengo leído porque mi madre la mayoría de los libros que tiene es en francés. Porque ella en plan nació en Suiza entonces habla

francés. Y también me tengo leído libros en francés así... y de entenderlos, no todo, pero una parte sí. Pero mayoritariamente en castellano. *(moza 3.º ESO)*

Coa miña nai falo galego e con meu pai castelán. Así que nunca tiven problema. En inglés tamén leo bastante e tampouco teño demasiado problema pero prefiro en galego ou en castelán. E francés. *(moza 1.º ESO)*

#### **2.12.4.1 Clubs en linguas estranxeiras**

– E tamén temos un club de inglés. *(moza 1.º BAC)*

– Pero en bachiller... *(moza 3.º ESO)*

Pois eu comecei a ler dende pequena porque a miña nai quixo que comezara a ler, porque a miña nai encántalle, entón a min tamén me encanta ler. E... o primeiro libro así grande que lin foi en 4.º da ESO que foi un... que era... non me acordo o título pero gustoume moitísimo eh... Dende 1.º levo no club de lectura de francés e en 2.º metínme no de francés e no de galego cunhas amigas. *(moza 3.º ESO)*

#### **2.12.4.2 Dixital**

No universo de Internet abunda, como é lóxico, a lingua inglesa.

E logo tamén no formato dixital, cando leo pois obviamente en inglés sobre todo, e sería eso... *(moza 1.º BAC)*

En inglés maioritariamente, porque por internet tamén me relaciono con outras personas que len e todo eso, entón, por internet é normalmente que falo en inglés. Sen embargo tanto en galego como en castelán, incluso algún que outro en francés, non son selectiva nese aspecto. *(moza 2.º BAC)*

#### **2.12.4.3 Variantes do castelán**

A sensibilidade lingüística destes mozos multilingües fan que detecten, e acepten sen problemas, variantes de lingua.

Latinoamérica escribe moitísimo. Creo que é a principal potencia. Ti estás lendo un libro, de repente ves “lente”, ves “carro”... *(moza 4.º ESO)*

### **2.13 Resumo**

A figura 4 tenta resumir o marco que foi delineándose nas páxinas anteriores. As frechas brancas e negras saen das institucións e ambientes que conducen os mozos e mozas cara á lectura. As frechas grises levan ás dúas formas básicas en que esta se

realiza. A forma tramada á dereita agrupa os elementos —tanto de indución á lectura como de realización desta— que pertencen ao medio dixital (ao que se accede mediante móbiles, ebooks...)⁶⁸. Os números remiten ao apartado do presente informe no que se trata cada elemento.

Entrando por calquera frecha branca pódese chegar a calquera frecha gris. Por exemplo: unha portada atractiva pode conducir á lectura dun libro en papel, ou a recomendación dun amigo levar á procura dun libro en .pdf. O circuíto pode ter lugar integramente de forma dixital, unha recomendación de Wattpad pode levar á lectura no móbil.




Fig. 4. O marco de acceso á lectura en estudantes

### 2.13.1 O problema das lecturas no ensino regrado

Ademais, estes circuítos poden ser de ida e volta; é dicir, todas as frechas (salvo a negra) admiten a dobre dirección; por exemplo, en forma de realimentación ou “ida e volta”. A elección dun libro pola portada pode levar a outros da mesma colección. Unha recomendación dun membro da familia pode levar á recomendación a outro dos seus membros. O visionamento dunha película levará á lectura dun libro, que logo pode conducir a outra película da saga, e así sucesivamente. Tamén se pode transitar dun

68 Todo esquema simplifica: pode haber portadas ou películas que se vexan en Internet, pero representámolos fóra dese medio.



### **2.13.2 Centralidade do club**

O papel do club de lectura aparece como central, pola cantidade de referencias a el que van xurdindo en calquera esquina da práctica lectora que apareceu nos grupos. Especialmente interesantes son, por unha banda, a adopción de estratexias de club de lectura nos intercambios privados entre estudantes (ap. 2.6.1.3), e, por outra, a conceptualización do club como un lugar no que se pode estar falando como “en familia” (ap. 2.11.1.3). Este movemento de ida e volta da esfera privada ao club demostra unha profunda interacción entre ese apéndice do sistema educativo e a sociedade.

### **2.13.3 O que non aparece nas citas**

A través das transcricións das intervencións dos membros dos clubs debuxouse un panorama moi rico. Destacaría, entre outras cousas, a sensibilidade demostrada ante o intercambio de opinións, a capacidade de elaborar hipóteses e facer valoracións nos complexos movementos transmedia, a sutileza nos xuízos intersubxectivos, o coñecemento real do que ocorre no circuito autor-editor-lector...

Pero quizais o que chama máis a atención é o comportamento cortés e atento nos grupos, o respecto pola palabra allea (nas antípodas de modelos socialmente estendidos, como os faladoiros televisivos), a articulación da expresión e o pensamento. Estes clubs están a formar lectores e lectoras (aínda que, como vimos, non só grandes lectores, facilmente somerxibles en obras caudalosas), pero tamén están a contribuír a formar unha cidadanía crítica e civilizada.

### 3 Coordinadores de clubs e bibliotecarias

No curso 2017/18, houbo 232 centros que puxeron en marcha bibliotecas e clubs, nos que interviñeron 628 profesores.

No único grupo de discusión que se dedicou a coordinadores de clubs e bibliotecarios de bibliotecas escolares interviñeron 5 mulleres e un home. O criterio de selección foi que levasen algúns anos en bibliotecas ou en clubs. O programa de bibliotecas escolares e clubs instaurouse no 2007, pero antes xa existían grupos de lectura en distintos centros.

Hai que advertir que nas intervencións dos membros deste grupo se entrecruzaron indisolublemente dous aspectos: (1) as súas lecturas relacionadas coa súa función nos clubs e bibliotecas e (2) as súas prácticas lectoras privadas. Aínda que, insistimos, ambas están estreitamente unidas, metodoloxicamente agrupamos as súas prácticas lectoras privadas (2) coas dos adultos membros de clubs que se analizaron en catro grupos (e que se recollen no apartado 4).

No presente apartado, centrarémonos nas súas prácticas lectoras profesionais cara ás bibliotecas e clubs.

#### 3.1 Exploración de cara ao alumnado

O primeiro que destaca é o cruzamento entre as súas lecturas privadas e o feito de buscar libros para os mozos. Este tipo de lectura en paralelo, ao tempo persoal e profesional, é frecuente para as actividades que teñen que ver co mundo da lectura; por exemplo, tradutores, críticos literarios etc.

Esta lectura paralela parece estenderse a todos os xéneros.

E leo sobre todo literatura, e dentro da literatura sobre todo novela. E claro, en realidade, leo buscando cousas para os rapaces que eu teño. (*bibliotecaria e coordinadora 2*)

Houbo unha época na miña vida, bueno hoxe non, pero hubo unha época na miña vida, eu recordo, nos anos noventa, que estaba obsesionada coa literatura xuvenil, entonces tiña que lelo absolutamente todo da literatura xuvenil e bueno pues alí, aí están. [...] Pois dices, “claro, fomos os pioneiros, porque bueno, a rapazada le *Anagnórise*”, ou *O misterio das badaladas*...”, o que foi, non?, é dicir, pois aí estábamos un pouco atentos as lecturas do dos rapaces e das rapazas para que eles gostasen da lectura. (*bibliotecaria e coordinadora 1*)

Intento ler toda a poesía que sae en galego, tamén para traballar cos rapaces e por propio disfrute. (*coordinadora 2*)

De banda deseñada, gústame ler, aínda que non acabo lendo moito para min, leo máis de exploración que cara ao alumnado. (*coordinador*)

---

70 Ver nota 57.

71 <https://www.xerais.gal/libro.php?id=2643652>

## 3.2 Autoformación

Como ocorre no mundo adulto en xeral (ver apartado 4.3.3), unha parte das lecturas ten unha orientación profesional, de formación continua. Hai blogs e páxinas web que axudan a coñecer o que está sucedendo, concretamente no mundo da literatura xuvenil, pero tamén da lectura en xeral.

Tamén utilizo blogs especializados, polo propio traballo que tes que andar rebuscando sempre información de libros e facer seleccións e demais...  
(*bibliotecaria e coordinadora 1*)

Tanto de literatura galega, despois, en español por exemplo hai un que é *El placer de la lectura*<sup>72</sup>, o *Librópatas*<sup>73</sup>, que... bueno... busco, sobre todo para el verano, que es cuando puedo leer algo en español y tal, pues miro las recomendaciones que van haciendo. Y después para trabajar con los rapaces pues *Trafegando ronseis*<sup>74</sup> [...] los sigo, tengo más... menos de gente que trabaja en clubs y pues... leo antes de seleccionar lecturas, tanto para mí como para... para los chavales. (*coordinadora 2*)

## 3.3 Librerías

Unha parte importante do coñecemento do medio lector provén dos libreiros.

Hai libreiros e libreiras que son prescriptores de libros e que che falan deles e tal, é dicir que, que agradeces, non?, agradeces moito pois si, e o actualizados que están. Eu teño, pois falábamos dunha persoa concreta que é de Santiago, bueno, máis exemplos de Santiago si que teño, pero por exemplo en Vigo si que hai un par de librerías donde é unha gozada ir pois porque, bueno, pues porque te van falando de libros y... e con coñecemento de causa, non?, non como é o despacho de libros de moitos lugares que son papelerías que se dedican a vender libros e tal.  
(*bibliotecaria e coordinadora 1*)

Non, eu si que, eu leo bastante cando... digo, eu leo o xornal por exemplo, si que leo moito, leo moito que é o que se publica, non? Entón de eso que se publica apunto normalmente no móbil e logo cando estou na librería contraste, bueno contraste, coa miña opinión, quero dicir “contraste”, non... “el título tal” e vexo a ver que era, que era ese libro, pero o último filtro é a librería, para min, non... (*bibliotecaria e coordinadora 2*)

—Ás veces pregunto aos libreiros. Si, “que me recomendas?”  
(*bibliotecaria y coordinadora 3*)

—Pero son libreiros que te recoñezan ou...? (*moderador 1*)

---

72 <http://elplacerdelalectura.com/>

73 <https://www.libropatas.com/>

74 <https://trafegandoronseis.blogspot.com/>

—Non, non necesariamente. Porque non vou sempre ás mesmas librerías, pero como nunca saín mal parada das recomendacións dos libeiros sigo probando.

### **3.4 Novos focos de atención xuvenil**

E, en xeral, deben poñerse ao día nas áreas en que os mozos son máis activos, pero que por motivos xeracionais os coordinadores coñecen menos, como son as series, os videoxogos e o manga.

—[sobre as series] É unha narración diferente, ademais é que eu parto do feito de que eu teño que adaptarme aos tempos deles. *(coordinadora 2)*.

—Es que si hoy non sabes quen é el Rey del Norte... *(bibliotecaria e coordinadora 2)*

As veces deberíamos preguntarlles, “e bueno, a que estás xogando nestes momentos?”, non é? Sacando fora todos estes videoxogos de matar a todo el personal, hai cousas que se están facendo, agora temos formarnos e coñecelas, porque eu non as coñezo. *(coordinadora 2)*

Creo que o club de lectura te esixe estar actualizada un pouco en varios ámbitos, non?, e un deles, un deses ámbitos é precisamente ese, o mundo audiovisual, pero tamén por exemplo o manga. *(bibliotecaria e coordinadora 3)*

### **3.5 Obxetivos do club**

Un obxectivo do libro seleccionado para ler e comentar no club é que defenda valores que o coordinador considera positivos.

[cando leo penso se] poden disfrutalo despois os meus rapaces, e me transmite os valores que me interesan para traballar con eles. *(coordinadora 2)*

E outro pode ser proporcionar referentes culturais xerais.

É que... eu creo que intentamos que teñan os mesmos referentes culturais que temos nós, porque claro, nós tivemos unhas lecturas obligatorias, que eran... que estaban moi marcadas, e eran solo esas ademais, non... bueno eu nunca, a min nunca me deron a escoller ningunha lectura, o sea e.... e gracias se había lectura, quero dicir que, era eso. Eu creo que si que tendemos a intentar que teñan os mesmos referentes, é dicir, que saiban fulanito, mengano e citanito, e que cando lle falas de *El Lazarillo*... saiban de que estás falando, non?, o de cando falas de... del capitán Nemo, pues que saiban de quen estás falando. Creo que é, que ten máis que ver, ten que ver máis con referentes culturais que nós xa temos e que pensamos que é... que forma parte da cultura, non?, de ter cultura ou de ter un... eh... *(bibliotecaria e coordinadora 2)*

### 3.6 Propostas dos estudantes

Ao ser o universo do club de lectura menos cerrado, por definición, que o das lecturas “de clase” (ap. 2.6.5), poden xurdir, e de feito xorden, recomendacións por parte dos alumnos e das alumnas.

Isto pode supoñer problemas para os coordinadores. Por exemplo: que facer con libros moi famosos ou apetecibles para os mozos, aqueles dos que todo o mundo fala (ap. 2.6.3), pero que os coordinadores consideran pouco valiosos, ou incluso portadores de valores negativos?

De feito, tiven unha discusión con unha alumna este ano a raíz dun libro dese tipo, non?, o típico libro de amor, príncipe princesa, e ela me dicía, “que non, que ela, que o libro que lle gustaba...”, una boa lectora eh?, non era unha lectora calquera, “que aquel libro lle gustaba, que tiña que estar alí para que ela puidera disfrutar tamén, e que eu non tiña dereito a quitarllo”, bueno... pode ser que si, non?, eu... Me parou porque é a primeira vez que me paraban os pés e me dicían, “eh, que eu teño dereito a ter eso”, non?, bueno, é certo. (*coordinadora 2*)

Un dos obxectivos dos clubs (e moi apreciado polos seus novos integrantes, como se ve no apartado 2.11.2.1) é suscitar o debate. Considérase, con razón, que os libros que concitan a unanimidade positiva dos mozos lectores non van animalo.

Me gustan os libros que non les gustan porque nos dan para falar deles. (*coordinadora 2*)

Pero ás veces as dinámicas de posta en común e discusión poden achegar valor á lectura dunha obra que *a priori* non parecía interesante.

Aceptei recomendacións dos rapaces, con *Los juegos del hambre*, e curiosamente, eu era moi escéptica... había moita publicidade arredor do libro, entón aceptei e, a verdade, é que me saíu estupendo, porque ao final fixemos unha crítica ao libro boísima. (*coordinadora 2*)

Porén, a solución aos conflitos pode ser simplemente un proceso de negociación que tamén resultará valioso.

—Bueno pero a ver... pero eso ás veces ao que serve é para negociar de, “vamos a leer este!”, “pero te deixo ler ese pero logo...”. E ás veces nesa negociación gañas moito. (*coordinadora 1*)

—Bueno, a min me intentaron negociar con una biografía de Cara Delevigne. (*bibliotecaria e coordinadora 2*)

A tensión entre as lecturas desexadas polos mozos e as que propón a coordinadora pode tamén resolverse mediante “listas abertas”.

Si que creo na necesidade de que os rapaces lean, igual o sintagma “lectura obrigatoria” soa fatal, pero eu creo que é necesaria, entón o que

fago sempre é darlles unha listaxe aberta e aí eles van escoller e nós incorporamos outros títulos, e se hai algún que non escolle ninguén ese ano pois... queda aí por si acaso lle aparece un lector, pero vamos, tampouco me dá moito problema, pero si que lles digo, lles razoo, entre comiñas, na clase, é por que é importante que leamos e intercambiamos opinións. (*bibliotecaria e coordinadora 3*)

### **3.7 Contido da biblioteca**

A biblioteca ten uns límites físicos e, ademais, é un lugar propicio para a exploración libre dos mozos á busca de lecturas (apartado 2.5.6.2). Ambos os factores fan que haxa que controlar ben que libros contén e cales hai que retirar dela.

Os libros “que van chegar aos mozos por outras vías” son os famosos, os coñecidos, os que len os seus pares (apartado 2.6.3). Se lles van chegar de todos os xeitos, por que mantelos na biblioteca?

Eu son talibán eh?, síntoo pero son talibán, entón hai certos libros que si expurgaría da biblioteca escolar porque creo que lle van a chegar aos rapaces e por outras vías sin que eu llos poña na man, eu son educadora e parto do feito de que os libros que eu teño que transmitir teñen que transmitir valores, e valores que eu creo que son necesarios nestes momentos, que formen un lector crítico, reflexivo, que lle da unhas voltas ás cousas, incluso que pódalles chegar a provocar discusións. (*coordinadora 2*)

Esta cuestión suscita un repartimento de tarefas; por exemplo, entre a biblioteca escolar e a municipal. Pero tamén cuestionar o papel dos libros que chegan de regalo.

Pero hai certos libros eu, que... retiraría da biblioteca, pues *El código da Vinci*, que tiñamos cinco exemplares en poio, e sempre dixen que aquel libro non tiña que estar alí, pode estar nunha biblioteca municipal... vailles chegar porque se vende, porque está nos foros... pero creo que temos espazos reducidos e recursos máis reducidos, entón... debemos de ter unha selección, unha colección... pensada, meditada, non collida no que... no que se vende, non? (*coordinadora 2*)

### **3.8 Relación cos alumnos**

Os coordinadores son normalmente tamén profesores do centro, e iso fai que o seu labor a favor da lectura comece na aula.

#### **3.8.1 Na aula: “Hai que levar fisicamente o libro”**

E unha estratexia efectiva parece ser levar libros á aula e lerrlles fragmentos ou contarlles resumos.

A min sorprendeume moito, nunha desas avaliacións que lles pido que por escrito así ao rematar o trimestre e tal, e cando lles dou clase por primeira vez, e din que lles gusta moito eso de que lles lea un anaco dos libros, e que tamén os orienta moito á hora de escoller, pois a breve sinopse que lles fago, de que trata, e un pouco o mellor e o peor, non?, que eu atopei nese libro. Entón eu digo, “pero... lervos, quero dicir, todo o mundo vos trae os libros á clase”, “non!”, e ninguén, efectivamente. E moito menos levar á clase e lerlles un pouco, non, e a min me parece esencial, claro, non o entendo eso, de toda a vida. (*bibliotecaria e coordinadora 3*)

Entón chego á aula e levo o libro na man e digo, “chicos, este libro, acabo de lelo, me gustou, me tal”, e sempre hai algún, ademais digo, “mira, non é moi gordo”, e sempre hai algún que pica, entón, collín esa costume, e libro que leo, pois ao mellor agoraremato o de Gago, e o curso que ven chego e digo, “ah, chicos, este libro, vai de espías, vai de tal”, dou esa píldora pequeniña e... bueno, ás veces pican e funciona, non? Entón me parece que, que hai que levar fisicamente o libro. (*coordinadora 2*)

### **3.8.2 Conversación: “De lector a lector”**

Outro tema que xorde é a relación co alumnado, nun nivel de máis igualdade ca na clase formal (os mozos que participan nos clubs sábeno moi ben, apartado 2.11.4). Aparece tamén a recomendación de libros por parte dos mozos.

En función do que me recomendan, quero dicir, do que vai saíndo en conversa, vós mesmos sen ir máis lonxe teño unha de lecturas pendentes que... que en fin. Y... [nome dunha compañeira] por exemplo, cada vez que quedamos para xantar ou o que sexa sempre acabamos falando de, “e liches tal? Pois recoméndoche non sei que”. e do que me recomendan os rapaces, tamén. (*bibliotecaria e coordinadora 3*)

A min o modelo, por exemplo, do exame, traballo, sobre as lecturas, caéuseme hai moitos anos e o que fago son entrevistas nos recreos, ás veces veñen en grupos, ás veces veñen individualmente e poñémonos de lector a lector, non de profe a alumno, nin moito menos, non? E a min impórtame moito máis esa conversa que o feito de que teñan acabado ou non a lectura. (*bibliotecaria e coordinadora 3*)

## **3.9 Lingua dos clubs**

Os clubs inténtanse facer sobre todo en galego, como unha medida de “normalización da lingua”. Isto pode presentar problemas cos clubs de adultos (apartado 4.10).

No noso club tamén tomamos a determinación de facela en galego, cos clubs de lectura como un feito máis de normalización da lingua, non?, porque senón sinon tamén os referentes así todos de lecturas, de libros, e non atopan por aí fora, o incluso cuando falamos coas familias, se intentou

facen clubs de lecturas con familias, de adultos, e tal, “ai que eu si é en galego non leo, eu só leo...”, non. E con respecto, hai que normalizalo, e ademais hai unha cantidade de... e unha calidade de autoras e autores galegos que merecen a pena tamén ter ese espazo. (*coordinador*)

Bueno eu leo fundamentalmente en galego porque mo marca a miña especialidade e o traballo [...] E despois, claro, ser profesor de galego márcanos no sentido de que a nosa literatura é minoritaria, entón, considero que teño que ler o que se escribe en galego porque se non leo eu en galego, quen vai a ler en galego, non? (*coordinadora 2*)

### **3.10 Resumo**

Os profesores que teñen ao seu cargo os clubs de lectura, ás veces durante moitos anos, ven *contaminada* a súa práctica lectora pola necesidade ou o desexo de atopar obras apropiadas para os seus membros.

Nesta procura contan varios factores: os seus obxectivos como educadores, que poden ser tanto lingüísticos (lectura de literatura en lingua galega) coma o traballo con obras que fomenten valores positivos, que doten de referencias culturais necesarias etc. Todo iso sen esquecer a presión dos propios mozos: os libros que están de moda entre os seus compañeiros ou *best-sellers* xerais; as obras coñecidas porque dan lugar a películas e outros propios dunha xeración diferente, como os videoxogos ou o manga. Todo iso esixe unha atención constante ao medio e unha formación continua e específica nestes xéneros.

Por fortuna, o diálogo cos mozos e a confianza mutua que parece desenvolverse pode servir para pactar as lecturas finais, e tamén para facilitar a discusión ou o diálogo sobre elas.

## 4 Adultos

Os catro grupos de adultos creáronse na metade dos lugares en que se realizaron os grupos de estudantes, concretamente un por cada provincia: Neda (A Coruña), Pobra de Trives (Ourense), Pontevedra e Chantada (Lugo) (ver máis arriba, figura 2).

Os criterios de selección dos participantes foron: que estivesen en clubs do mesmo centro de ensino que o grupo de estudantes, que levasen algúns anos no club de lectura e que houbera, no posible, representación de ambos os xéneros.

Participaron en total 24 adultos (14 mulleres e 10 homes), que eran membros de clubs desde facía entre 4 e 8 anos. Como mostra da variedade —bastante representativa— de integrantes dos grupos. Velaquí unha pequena lista:

- pai de alumnos
- persoa no paro
- profesor dos centros
- traballador do instituto
- xubilado (algún exprofesor)
- ama de casa
- traballador forestal
- celadora de hospital
- camioneiro
- camareiro

Incorporamos tamén a este apartado do informe os resultados do grupo de coordinadores (ap. 3) que non facían referencia específica á súa función no club, senón que falaban da súa formación e desempeño como lectores. Así, o total de testemuños é de 30 adultos.

A estrutura, aínda que adaptada á especificidade dos adultos, segue a grandes liñas a que usamos cos estudantes (ap. 2).

### 4.1 Formación lectora

Os adultos destes grupos tiveron a súa iniciación lectora en fogares quizais non moi lectores, pero nos que había unha clara aposta polo libro.

#### 4.1.1 Prestixio do libro: “Si é para libros, si”

Na infancia e na xuventude dos membros destes clubs (décadas de 1960-1970) imperaba unha ideoloxía, hoxe en retroceso, a favor da cultura encarnada na lectura. Iso facía

que o libro tivese unha consideración especial (resumida no lema “Un libro axuda a triunfar”)<sup>75</sup>.

Pois a min, eh... débolle moito, bueno á parte que era... na miña casa, había... tiña a sorte de que libros e sobre todo había a filosofía de que noutras cousas igual non gastamos pero libros... cómprate os que queiras, entón cando me dixeron iso, con doce anos, acho que lin un libro de Roald Dahl que me gustou moito, e quería outro, e dixéronme, “para un libro, si”, e vin que comprar, que mercaba outro, e xa quería outro pero me tiveron que parar con outros, “bueno si, pero...” (*coordinador*)

No meu caso, bueno, tamén é un pouco o de todas, non? Eu son a menor de cinco irmáns e na miña casa había poucos libros, pero algúns había, non?, e sempre se priorizou o que era a lectura, o estudo, se priorizou ante outras cousas. [...], un pouco ao fío do que lían os meus irmáns que me preceden son varóns, entón había moitas novelas do oeste, alí destas que tiñan a parte texto e a parte en viñeta, pois bueno aí caía, caía de todo, tamén *Los cinco*, todo esto un poco, lo de las *Torres de Malory* ademais, pois non, non cadraba e pues eso, tamén despois continuei un pouco cos... coas lecturas obrigatorias que nos facían no instituto. E eu lin moito, moito, moito no instituto. (*bibliotecaria e coordinadora 1*)

Na miña casa existía ese dito tamén, non?, “non hai cartos para nada, pero si é para libros, si”, e entón a partir de aí pois xa puideren empezar a facer a miña pequena biblioteca. E nos últimos anos, a biblioteca empezoume a pesar, porque non tiña tempo. (*bibliotecaria e coordinadora 3*)

Desde cando leo, pois desde que aprendín a ler. Meu pai tamén era... É un gran lector, ten 94 anos e sigue lendo [...] falando do meu pai, que vive moitos anos so e decía que ao que lle gustaba ler, nunca estaba so, sempre estaba acompañado. (*funcionaria, nai de alumna*)

#### **4.1.2 Literatura de quiosco: “Empecei lendo novelas de vaqueros”**

Os xéneros máis populares da “literatura de quiosco” (tebeos, novelas de vaqueiros...) son os que máis aparecen nos recordos de iniciación lectora. Convén salientar a aparición tamén dos periódicos, comprados diariamente incluso en fogares sen libros.

Pois eh... o meu é un pouco máis... rutinario, por así dicilo, eu na miña casa compartía habitación coa miña irmá, que é maior ca min, e a miña irmá lía todas as noites e eu non podía durmir ata que ela apagaba a luz, entón non me quedou máis remedio que empezar a ler con ela, porque así pois, líamos as dúas, a luz estaba prendida e cando se apagaba... E empecei lendo a típica, os típicos chistes da época franquista, de Faces e de princesas, e despois saltei a un libro que eu recordarei

---

75 Non obstante, esta ideoloxía aínda se pode atopar nas familias dos estudantes actuais (ap. 2.1.5).

toda a vida que se chamaba *La pequeña expatriada*<sup>76</sup>, que era daquela colección rosa que había que era todos libros para nenas, e que nos educaban xa dunha maneira determinada. (*coordinadora 2*)

Entonces pois cuando estaba en BUP ou por aí empecei a ler. E, bueno, tuven épocas de ler máis, de ler menos, hubo... Tuven unha época que parei bastante, igual fai 20 anos, que tuven unha temporada que non lía e tal, na miña casa lee... líase pouco. Eso si, comprábase o periódico todos os días e se lía o periódico na casa todos os días, pero non... Os meus pais non son lectores. (*pai de alumno*)

Nacín na aldea e na miña casa non había libros pero o meu pai compraba o periódico de vez en cando, entón eu así foi como me aficionei á lectura. Empecei lendo novelas de vaqueros, pero un día unha veciña deixoume A volta ao mundo en 80 días, e entón aí xa descubrín que había outro tipo de lectura un pouco distinta ós tiros e esas cousas. (*xubilado, exprofesor*)

E logo tiven a grande sorte de que no meu pobo, que eu son de pobo, abriron unha biblioteca municipal, entón aquilo foi... un descubrimento. Entón, no meu tempo de ocio, a min me gustaba ir a aquela biblioteca, traía todos os Asterix, os Tintíns, e foi pegando chimpos, non?, fun cada vez tendo máis necesidade e abrindo camiños. (*coordinadora 2*)

### 4.1.3 A escola

Nalgúns records aparece a institución escolar como subministradora de libros e lugar de lectura.

Recuerdo los primeros cuentos, estos de hadas que te regalaban así esporádicamente y después recuerdo de la biblioteca de mi cole... Bueno, escuela, que antes era escuela, que era una escuela pequeña, que hicieron una biblioteca pequeña y eso fue un cambio total, o sea, poder acceder a libros que no fueran pues los típicos cuentos que te regalaban en navidad o así, para mí fue importante. (*educadora*)

[unha lanterna] Poñer a sábana cando estaba interna no colexio e ler porque si tiña... Pois eso, adicción. (*ama de casa, nai de alumna*)

### 4.1.4 Círculo de Lectores

Un recordo compartido por distintas persoas é a importancia do Círculo de Lectores nas súas primeiras lecturas serias. Lembremos que o Círculo, que empezou en España no ano 1962<sup>77</sup>, non só fornecía unha selección de títulos varias veces ao ano, senón que

---

76 <http://cilos10.blogspot.com/2013/11/la-pequena-expatriada.html>

77 Ver José Andrés Rojo, "El lector en el Club", en José A. Millán (ed.) *La lectura en España. Informe 2008. Leer para aprender* (Madrid, FGEE, 2008).

ademais, a través dos seus axentes, chegaba mesmo a puntos afastados da xeografía, onde non había librerías. Os axentes do Círculo de Lectores axudaban a escoller as obras e incluso as levaban ás mesmas casas. A selección de obras no catálogo do Círculo comprendía unha boa parte da oferta das librerías, desde best-sellers ata literatura máis minoritaria.

—Hai anos... Hai anos, o que decía agora, hai anos, pois eso, de cara aos 18, 20 anos pois xa desto que aplomas, non? E incluso me fixen o típico... socio do Círculo de Lectores e, bueno... (*home no paro*)

—Fomos todos. (*nai de alumna*)

—Eu tamen. (*muller, celadora*)

[cando me fixen socio do Círculo de Lectores] Entón aí tamén, claro, les moito máis. E despois.. Bueno, despois pola profesión tamén vas lendo e tal. E agora o que leo, pois depende, o que me mandan aquí no club... (*profesor de secundaria*)

Bueno, eu teño aí unha mistura de... un pouco de todas. Na miña casa había uns cantos libros, que eran de Círculo de Lectores de hai miles de anos, por exemplo estaba, *Cien años de soledad*, sí, o *Matar a un ruiseñor*, outro que había era *La ciudad duerme*, ou unha cousa así, pero non había máis libros e non había lectores. Eu empecei a ler a *Os cinco*, *Los Hollister*, eu sobrevivín aos cinco e aos Hollister. (*coordinadora 1*)

Despois, os 18 anos fixenme socio do Círculo de Lectores e aí descubrín moitos mais libros novos e moitas mais cousas. (*xubilado, exprofesor*)

#### **4.1.5 Lugares de lectura**

Coma calquera lector, estes adultos membros de clubs teñen as súas predileccións.

##### **4.1.5.1 Cama**

Igual que ocorría no caso dos mozos (ap. 2.2.1), a cama é o lugar predilecto de lectura.

E o de ler tamén, gústame moito ler na cama, aínda que eu creo que se o libro me ten atrapado podería lelo case facendo o pino pero realmente prefiro na cama. (*coordinador*)

A mí me gusta leer mucho en la cama. (*funcionaria, nai de alumna*)

Bueno eu leo na cama, sinceramente, porque xa empecei a ler na cama [...]. normalmente teño cinco ou seis libros na mesiña de noite, e me pasa unha cousa moi curiosa, eu se esperto pola noite porque estou estresada polo traballo, preocupada, se non leo, pois non me relaxo, entón... así como outras persoas pois ao mellor se levantan, pasean ou toman pastillas, pois eu me poño a ler, me relaxo e volvemos a durmir,

tranquilamente. Entón necesito ter eses cinco ou seis libros, que pode ser ao mellor un libro de narrativa, un libro de poesía... e según o momento ou como me sinta, pois vou sacando, escollendo un. (*coordinadora 2*)

Eu leo sempre... eu non leo sentada, quero dicir, para min o estado natural é deitada, sexa no sofá, na cama, na praia, donde sea, pero deitada, sentada non... sentada é para traballar. Entón se teño que ler pero para traballar pois entón me sento pero se non é para traballar a posición natural é outra. (*bibliotecaria e coordinadora 2*)

E ler na cama non sempre significa ler pola noite...

Me encanta desayunar... Y volverte a meter en la cama. Eso es lo mejor. (*funcionaria, nai de alumna*)

Una vez con un libro, empecé a leerlo por la noche, me desperté, no me levanté de la cama. (*educadora*)

#### **4.1.5.2 Cociñando**

Algunhas informantes non desperdician ningún momento para ler...

— Mientras que hacía la comida, lo que dices tú... (*educadora*)

— Hay que [¿aprovechar?] cualquier rato. (*Risas*) (*funcionaria, nai de alumna*)

— Y en la ventana el libro... Iba una hoja y... (*Risas*) (*educadora*)

— Me encanta. Y comiendo [...] Si, me gusta comer sola para leer. (*funcionaria, nai de alumna*)

— Ten un atril. Ten un atril... (*home no paro*)

#### **4.1.5.3 Ao aire libre**

Eu, non, non, non me dá, non me... non me dá xeito, polo peso dos libros, despois, nada. Pero si leo no autobús e eso me permite pois, dúas horas ao día mínimo de lectura, afortunadamente non me mareo, e tamén despois sentada, na sala, na sala que teño adicada a eso e despois no xardín moito, tamén na praia e iso. (*bibliotecaria e coordinadora 1*)

Agora que ven o verán, na praia todo o que poida ler na praia encántame, ler, refrescarse se fai calor, e ler, e ler. (*coordinador*)

#### **4.1.5.4 De pé**

É que non sei como dicilo, porque eu... leo bastante de pé. Pero... simplemente por escaparlle ao que teño que facer, é dicir, eu son curiosa, e a parte vexo que vós sodes lectores como deus manda, eu non. Eu empezo libros, son fantástica empezando libros, a parte, vou á estantería e sempre hai un que me din, “ei!, estou aquí”, entón, deixas todo o que tes

que facer, porque a fin de contas é traballo, e como te levantaches, si, colles o libro, pero claro, se te sentas a ler o libro, eso é un pracer que non te podes permitir, entón quedas de pé, lendo, e cando vai unha hora e pico e dis, “como que estou un pouco incómoda...”, non? (*coordinadora 1*)

#### **4.1.5.5 Biblioteca na casa**

Manter unha biblioteca na casa non carece de problemas.

Porque despois os nosos libros que queres conservar, hai unha biblioteca para telos aí y nalgún momento que non hai máis sitio pois xa pasan a outra biblioteca que xa está noutro sitio, pero que están aí e sabes que os tes. Pero son cousas que queres conservar moito, moito... se non desfacémonos deles porque non se pode ter tanto libro na casa... (*muller, proxectista*)

¿Entonces qué hice? Como tengo un trastero bastante hermosillo... eh... me llevé los armarios... eh... ya, bueno, un poco pasadillos y los tengo todos allí en el armario. Entonces lo que hice fue, en un... en una libreta de estas de la A a la Z, tengo todos los títulos, en una libreta en casa... Entonces cuando llegan: “ay!, es que en el cole me mandaron leer tal”. Libreta. (*nai de alumnos*)

## **4.2 Tempos da lectura**

### **4.2.1 Ciclo diario**

A noite adoita ser o momento favorito de lectura, non só porque axuda a conciliar o sono, senón porque —no caso dunha ama de casa, sobre todo— pode ser o único momento que teña para ela.

Solo ler todos os días ó mediodía máis á noite antes de durmir. É como un ritual. Antes de durmir pois unha hora polo menos. (*xubilado, exprofesor*)

E teño na mesita de noite teño... Actualmente creo que teño uns doce libros, un riba de outro, e vou lendo así un pouco un, un pouco outro, un pouco de ensayo, un pouco de novela, un pouco de esto e do outro e está ben. (*bibliotecario xubilado*)

Eh, ¿cuándo más puedo leer? Pues a la noche, cuando ya todo el mundo está en la cama que dices: ahora es mi momento, entonces es cuando más me apetece, la verdad. (*nai de alumnos*)

Aínda que nunca faltan testemuños de lectores proclives a deixarse prender na intriga dos libros, o que pode perturbar o sono.

Y entonces de noche procuro no leer antes de irme a cama porque si no sí que me engancha. No duermo. (*exprofesora de francés*)

## 4.2.2 Ciclo anual (curso/vacacións)

As vacacións, o verán, é un bo momento de lectura, sobre todo de libros extensos.

E logo, claro, chega un momento que estou saturada e necesito cambiar de póla, pero bueno, eso xa é a donde me leve o verán, e os libros gordos para o verán, claro (*bibliotecaria e coordinadora 3*)

Bueno, eu empezo libros moi ben, e logo fágolle caso ao que me manda a xente de, “tes que ler este”, e no verán eu fago ao revés que vós, eu, cando vexo un libro gordo, que eu son un pouco alérxica digo, “este para o verán”, si?, porque no inverno só van os da talla S ou XS, entón, bueno... (*coordinadora 1*)

A min durante o curso cóstame moitísimo ler porque non teño tempo. Chego moi cansado, entonces leo sobre todo en vacacións e cando leo en vacacións leo en todos os sitios: no sofá, no baño, na praia, no coche mentres espero... Eu collo o libro e leo como unha moto todo o verán. Chuchuchu. (*profesor de secundaria, pai de alumna*)

—Para as vacacións e digo “este para as vacacións”, “este para as vacacións”, acabas con 4 libros... (*Risas*) E logo non os leo. (*ama de casa, nai de alumna*)

—De paso de que tal, ya compras alguno por si acaso el que has traído no te apetece leerlo... (*educadora*)

## 4.2.3 Ciclo vital

É frecuente ver que un primeiro impulso lector de infancia ou xuventude se ve cortado polas obrigas da vida adulta... ás veces para ser recuperado nun club de lectura.

### 4.2.3.1 Impulso lector: “Me foi disminuendo”

O sea, esa filosofía, eso veu acompañado tamén dunha libreira cerca de donde estaba en, a Igrexa de [...], Pili, que tiña unha librería e que eu iba alí, cando me decía miña nai, e entón ela me recomendaba libros e acertaba bastante. E tamén con dez anos recomendáronme un libro que se titula *O mundo para Julius*, de Bryce Echenique, e luego con trece anos, a min aí como que se me clavou algo, e xa tiña de antes pero que xa... foi como o golpe definitivo, non?, para ser lector compulsivo, que fun moito sobre todo nese periodo doce trece ata... de acabar a carreira e logo, por cuestións de tempo, diminuíu, me foi disminuendo o impulso lector. Pero bueno, ese foi o meu contacto coa lectura. (*coordinador*)

Son unha lectora voraz desde que era pequena. Bueno, ultimamente menos... Porque xa me costa máis ler. Pero desde sempre, desde que meu pai me fixo o carné de biblioteca en Orense, que tiña 5 anos e a miña

ilusión era lerme toda a biblioteca, que foi imposible, claro. (*funcionaria, nai de alumna*)

#### **4.2.3.2 Lectores tardíos: “Los libros que le cogía a los niños”**

Bueno, en realidade, eu por exemplo son autónomo e me pasei moito tempo... Eu leía de pequeno, cando iba o instituto me gustaba moitísimo ler. Pero logo, cando empecei a traballar, empecei a deixar de ler. O sea, tive unha temporada, como uns... Ó principio leía de vez en cando, sabes? Non leía todo... Non leía seguido como de rapaz, que leía outro tipo de novelas... Lovecraft, leía Asimov, todas estas cousas de... Entonces cando empecei a traballar, empecei a traballar nun bingo en Ferrol e traballaba de noite. Me era moi difícil compaginar a lectura co traballo porque dormía de día e traballaba de noite. Empecei a deixar de ler e retomei a literatura fai pouco cando empecei aquí co Club de lectura. (*jubilado*)

Bueno, pues la miña no fue muy temprana. Teño que reconocerlo, más bien tardía. A raíz de ser madre empecé a interesarme por libros, ¿no? muy diversos, y aprovechaba también los libros que le cogía a los niños pues para yo también leerlos. (*muller no paro*)

### **4.3 Xéneros**

Tamén os xéneros que triunfan, con excepcións, son os narrativos.

#### **4.3.1 Unha multiplicidade de gustos**

Estes lectores adultos de club son moitas veces omnívoros.

Tamén eu penso que sempre me gustou ler [...] desde novelas de [Marcial Lafuente] Estefanía... (*Risas*) A James Joyce, pois pasando por Rivas e... (*traballador forestal*)

Si, eu Narrativa tamén sobre todo, si é histórica... gústame máis, se tema de... intriga digamos, tema policíaca e... Bueno practicamente todo, menos poesía calquera cousa. (*xubilado*)

Eu son devorador de todo, de todo o que podo, si. Tiro máis, pola... fantasía o terror... (*Risas*), novela histórica, ou polo menos... novela histórica... novelada ou distópica, non? Que pasaría si...? Entón ao mellor vaste ao renacemento, tal y que pasaría, se en vez do que pasou, pasou outra cousa. Y luego eso, banda deseñada y poesía pois si que son... un ávido lector de poesía. (*profesor de música*)

#### **4.3.2 Ficción**

Cando se fala de lectura, case sempre se refiren á narrativa e á poesía.

#### 4.3.2.1 Misterio, negra, terror

Que... Bueno, al principio no era lo nuestro, pero al final nos enganhamos y leímos los tres libros de la trilogía que era... Z, ¿no? *Apocalipsis Z*.  
(*exprofesora de francés*)

En relación ao que a min me gusta leo sobre todo literatura negra, e nun noventa por cento, ao mellor algo de histórica, ao mellor... vai... bueno, oitenta vinte, ou setenta e cinco vinte cinco, e... xa está. (*bibliotecaria e coordinadora 2*)

Cousas que pasan na vida! Leo... Leo de todo, pero gústame moito a novela negra e os libros de viaxes. (*bibliotecario xubilado*)

Si, si. Novela negra, policíaca... A min... me engancha, non? O sea, que disfrute con ela, que me relaxe e que me... que non teña que volver atrás outra vez... que non sei o que leín, que non sei quen era... Eso si que xa non me gusta, non? Algo fácil de leer, non? (*funcionaria no instituto*)

#### 4.3.2.2 Mulleres

Y ahora estoy leyendo pues... Bueno, estoy así un poco inclinándome por leer a mujeres. A ver, ahora estoy leyendo a Doris Lessing, que fue premio Nobel hace... (*educadora*)

#### 4.3.2.3 Cómic, novela gráfica

Sorprendentemente, abundan os lectores do cómic e asimilados, ao lado dalgún detractor.

Entonces, durante o curso o que estou lendo agora é bastante novela gráfica porque como resulta unha lectura bastante... bastante lixeira, non?  
(*profesor de secundaria, padre de alumna*)

Eu empecei a ler polo *Capitán Trueno*, y eso... roubeillo a miña nai. Bueno roubeillo, atopeillo no, no faiado y descubríñ aquilo y flipei que miña nai, que eu debía ter, non sei, sete anos, pois que fora tan enrollada e tan moderna (*Risas*). E aí foi en plan ¡anda! ¡Mira tu! Y foi polo... O sea, y ahora é curioso porque ela está redescubriendo pois eso, *Maus* eh... *Los Vengadores*® (*Risas*), *Watchmen*®, que lle flipou, que lle encantou esa banda deseñada. (*profesor de música*)

Non, non, gráfica non, eu quero imaxinarme as cousas, a min... De feito, unha das cousas que nunca.., que compro e que eu nunca lería, pois son os manga. (*muller, proxectista*)

---

78 [https://es.wikipedia.org/wiki/Manel\\_Loureiro](https://es.wikipedia.org/wiki/Manel_Loureiro)

79 [https://es.wikipedia.org/wiki/Los\\_Vengadores](https://es.wikipedia.org/wiki/Los_Vengadores)

80 <https://es.wikipedia.org/wiki/Watchmen>

#### **4.3.2.4 Poesía**

Pois... e despois tamén, si me gusta moito ler poesía, tamén non son grande lectora, non teño así unhas competencias aí marabillosas, pero si que me, intercalo poesía nas miñas lecturas e que sempre hai algún libro de poesía. *(bibliotecaria e coordinadora 1)*

Da poesía, pois tamén. Jamás lin... Nunca lin poesía hasta o ano pasado tamén. *(celadora de hospital)*

E logo con respecto ao club, si é verdad que é eu descubrín moitas cousas vindo aquí ao club de lectura, por exemplo, a poesía. Eu nunca lía poesía, sinceramente, recoñezo... Penso que nin a entendía, o sea, eran demasiados conceptos en poucas palabras e a min resultábame moi difícil entendela. E o ano pasado veu Carlos Negro, que me pareceu interesantísimo. Descubriume a poesía, unha poesía que me tocaba moi fácil e moi cercana, que me tocaba realmente e empecei a raíz deso a ler poesía que... De verdad que a tiña esquecida, pero de todo. *(ama de casa, nai de alumna)*

#### **4.3.3 Non ficción**

Pero tamén abundan as lecturas de non ficción.

##### **4.3.3.1 Lecturas profesionais, de formación continua**

Ao tratarse moitas veces de profesionais en activo, non sorprende encontrar lecturas relacionadas co seu traballo.

Outras veces libros de divulgación. Pois eso, divulgación científica pola miña profesión. *(profesor de secundaria)*

E logo, leo tamén bastante relacionado coa miña profesión, sobre todo revistas e... bueno, artigos de pedagogía, cousas así. *(profesor de secundaria, pai de alumna)*

##### **4.3.3.2 Historia**

E a verdade que me está gustando... Me gusta moito a literatura histórica... Do doutor fronte á historia, a Guerra Civil, as dúas Repúblicas, a historia do século XIX... ¿Sabes? Todas esas cousas sobre España, a Segunda Guerra Mundial e esas cousas. *(xubilado)*

Da Guerra Civil, pois busco a Paul Preston, non? Logo un historiador... *(ama de casa, nai de alumna)*

#### **4.3.3.3 Autoaxuda, axuda**

Eso ya desde que nacen. Toca libro. Pero claro, cada uno su estilo, pero toca libro. Pero después también lo que hago es, por ejemplo, por poner un ejemplo, cuando murió mi madre mi hijo el mayor estaba en una edad bueno... 12, 13 años y no lo... no lo acababa de... asimilar. Y entonces me fui a una librería y le dije: “mira, tengo este problema, necesito... un libro que le ayude de alguna manera”. *(nai de alumnos)*

Si. Fíxate, lo... o que me pasou a min este... este Nadal, teño un... bueno, os nenos da nosa familia están todos en fase preadolescente/adolescente y sabedes que agora o tema da sexualidade é algo que lles entra a través do porno y algo brutal, porque teñen unha imaxe do sexo moi desvirtuada e moi... así, bueno, todo este tipo de violencias que existen, penso que... eu penso que veñen de por aí. Entonces eu vou a unha biblioteca, bueno, a unha librería e digo: “mira, eu necesito un libro de autoaxuda para un neno de 12 anos, que fale da sexualidade, pero que fale da sexualidade para un adolescente y desde un punto de vista adolescente que...”. Bueno, pois encontrei un. Eu xa estivera buscando en Internet, e non... non atopara nada... y encontraron un... *(muller, proxectista)*

#### **4.3.3.4 Prensa**

Pero tamén todos os días leo unha cousa ou outra, é dicir, sempre miro varios xornais ou sempre estar lendo, informándote e se a cousa interesa pois les mais e tal, non? *(profesor de secundaria)*

#### **4.3.4 Invitacións á lectura**

Os mecanismos son moi similares aos que mostran os mozos (ap. 2.5).

##### **4.3.4.1 Portada**

Porque, bueno... moitas veces eh.... coñeces cousas e... que a priori non o mercarías... hoxe a mañá unha rapaza decía, creo que era pequena Asma, e... que dicía que, si a portada non lle dicía moito pois que xa non o miraba. Pero e que a veces un libro que non o... mercarías que non te atrae, y regálacho alguén, y o mellor por facerlle o favor pois bueno, e... y tamén eu... eu pónome a comer, cómome o tarro en plan, ostras, esta persona porque cree que a min me podería chegar a gustar isto... y acaban acertando sempre. *(profesor de música)*

##### **4.3.4.2 Autor**

Despois é verdade que tuven unha época [...] que empecei a ler a García Márquez e non paraba. *(celadora de hospital)*

Suelo leer, no mucho, pero también como me guste un autor me tiro a él, ¿no? O sea, investigo las obras que tiene y a lo mejor me cojo pues toda la colección. (*muller no paro*)

Eh... y estou relendo un libro agora de Michael Ende eh.... O Espello no espello, que o lin cando era adolescente e non entendín nada. Pero é un dos típicos libros que, que bueno, estaba moi enganchado con *Momo* e *A Historia Interminable* y quixen ler todo de Michael Ende e o volví a reler agora, y estame fascinado outra vez de novo. (*profesor de música*)

#### **4.3.4.3 Fama**

Eu todo o que sale en premios ou recomendado por, prefiro que pasen uns anos e que o tempo faga o que ten que facer. Pero a priori, bueno... (*profesor de música*)

Quero dicir, novela de tal, bueno, cando pasen uns anos... verei si cha leo. Menos *Patria*, que é un cambio, pero é que me agobia esto de que sea best-seller, o Premio Planeta, non sei, parece que a tes que leer, que o tes que leer, e todo o mundo falando do mesmo. (*muller, proxectista*)

—Cuando la Dueñas esta sacó el libro, salió en todos los suplementos, sale en todas las televisiones... (*pai de alumno*)

—Es automático. Quienes tienen a lo mejor más gente para firmar libros y a lo mejor Jorge Javier... (*Risas*) (*funcionaria, nai de alumna*)

—O la Belén Esteban haciendo que escribe (*ama de casa, nai de alumna*)

—Y qué decías tú que no hay libro malo. Bueno, no habrá malo, pero tampoco hay tantos buenos. (*Risas*) (*educadora*)

Eu creo que é demasiado, demasiadas novedades de best sellers que logo decepcionante, porque... Claro, é un mercado, o sea, esto é un mercado... E sacan continuamente novedades e tampouco dás abarcado e a veces decepcionante. Entonces tes que ter... (*ama de casa, nai de alumna*)

#### **4.3.4.4 Editorial, colección**

Unha, mirar en determinadas editoriais que me gustan, si que intento mirar, e coleccións desas editoriais mirar a ver que sacan. (*coordinadora 1*)

#### **4.3.4.5 Uns libros tiran doutros**

Para min unhas lecturas tiran de outras, quero dicir que se leo algo... pois agora acabo de ler algo da segunda guerra mundial e quero tirar do fío, porque bueno... pois porque cadra así e porque me apetece, porque teño outras... dende esa pila que vas mercando para cando teñas tempo pois hai varios en... con esa temática. Pero ten que ver con canto podes dar tu nese momento como lectora e... e que necesitas, se un pouco de aire, un poco... bueno, al menos para min. (*bibliotecaria e coordinadora 2*)

## **4.4 Recomendación**

### **4.4.1 Amigos**

Si? e logo ir á casa dos amigos e andar mirando que é o que mercaron, que é o que está enriba da mesa, que teñen... fumozar, vamos, pero son curiosa. *(coordinadora 1)*

Que non ten nada que ver. É un libro que se fala moito de él e que me está a gustar moito. *(xubilado, exprofesor)*

En función do que me recomendan, quero decir, do que vai saíndo en conversa, vós mesmos sen ir máis lonxe teño unha de lecturas pendentes que... que en fin. Y... [nome dunha compañeira] por exemplo, quedaramos, cada vez que quedamos para xantar ou o que sexa sempre acabamos falando de, “e liches tal? Pois recoméndoche non sei que”. e do que me recomendan os rapaces, tamén, e de ir de librerías que é algo que me gusta moito e non renuncio a iso. *(bibliotecaria e coordinadora 3)*

### **4.4.2 Familia**

E logo, os libros como chegan a min? De moitas maneiras: algúns que compro, algúns que compra a miña... a miña parella, outros que... que me regalan, así... bueno, así un pouquiño de todas partes veñen chegando si. *(profesor de secundaria, pai de alumna)*

#### **4.4.2.1 En paralelo**

Eu, por exemplo, agora estou lendo con [nome da súa filla] neste momento. Ela me dixo: “Vou ler... eh... os libros de *Harry Potter* e... Leo o 1 e vexo a película 1, leo o 2 e vexo a película 2”. Entón eu estou lendo ó alimón con ela e estamos... estou co... co quinto de *Harry Potter*. *(nai de alumna)*

Se lo recomendé yo a mi hijo y él me recomendó otro. *(exprofesora de francés)*

#### **4.4.2.2 De xeracións superiores a inferiores**

Claro, a min por exemplo, unha persoa que sei que vai acertar é miña nai. *Millenium* por exemplo, que foi unha... a triloxía de *Millenium* que eu decía, bua, nin de coña vou ler isto, e veu miña nai “tienes que leer *Millenium* que...” y acertou, acaboume gustando. *(profesor de música)*

Pois nós na nosa casa non... non diriximos a lectura dos nenos, se non que deixamos que eles descubran. *(muller, proxectista)*

A mis nietos, sin embargo de momento solo les compro en papel, eso sí. Están ya con una biblioteca de haberlas. Además en mi casa todas las partes de abajo de las estanterías son para ellos. Y están muy acostumbrados... Vienen a casa, escogen, se cogen dos, tres y a los 15 días vuelven y los cambian, o se intercambian entre ellos mismos. (*exprofesora de francés*)

E que depende do momento que te pille. E incluso eu dicíalle a ela, dicíalle: “[nome da súa filla], hai un libro que eu lin, cando tiña a túa idade, que era *Un mundo feliz* de Huxley e onde había as diferentes clases, todo clasificado e entonces non sei se algún coñece esa serie [en realidade, película] *Divergente*”, ¿no? (*profesora, nai de alumna, cega*)

#### 4.4.2.3 De xeracións inferiores a superiores

Máis que nada básome pois eso, en libros que recomenda en algunha revista e moito, ultimamente, no que me recomiendan as fillas, que xa teñen unha idade, que dis... Bueno, e teñen máis cultura ca min. Entón pois fíome moito de... (*xubilado, exprofesor*)

Sí, bueno, en mi casa por lo menos son ellos, es lo que estaba diciendo, son ellos los que ahora: “Ay mamá, tienes que leer esto que lo leí y está chulísimo, te va a gustar”. (*nai de alumnos*)

#### 4.4.2.4 Regalo

Y a mí, por ejemplo, pues es mi hijo el mayor el que se dedica por Navidad, por cumple, por tal... “Mamá, tienes que leer esto, toma” y ya me lo regala. (*nai de alumnos*)

Bueno, nós temos... como temos problema de espacio, temos unha estratexia... Basicamente, cando vemos que... o libro xa se disfrutou... xa tal, pois... eh... este ano pasado, por exemplo, fixemos unha reunión de primos, achegados y coñecidos y repartimos os libros. Os libros dos nenos. (*muller, proxectista*)

Y bueno, algunhas veces, pois como di [compañeiro do grupo] que... ao mellor algún libro que non chegaría a ler, ou que non compraría por iniciativa y me caeu nas maos pois... se mo deron o collo y...tamén me ten sorprendido. (*profesora de inglés*)

Si regalas un libro... é porque sabes que... o tipo de literatura que lle gusta a esa persoa, por exemplo a mina nai, bueno, os meus pais son os dous ávidos lectores, a miña dona é unha grandísima lectora tamén y sei os seus gustos, o que lle vai gustar e...o que, o que tal. Hai veces que me atrevo a... por exemplo meus pais, a banda deseñada actual... a veces

lévanse algunha sorpresa con algún regaliño y tal, pero si. (*profesor de música*)

E os meus pais ademais nos daban de agasallo algún libro. Recordo os primeiros libros de contos que nos regalaron no seu momento. (*bibliotecario xubilado*)

#### **4.4.2.5 Préstamo**

Pues, no sé... Alguien que compró un libro y te dice. “Compré tal libro y me chifló... ¿Ah, sí? No te lo compres que te lo deixo yo. ¡Ah pues yo tengo no sé qué y tal! ¿Y al autor lo conocías?”. Bueno, pues una conversación normal que surge, que surge normalmente. (*xubilada, exprofesora*)

A verdade é que a min me prestaron o libro [*El padrino*]. Mo prestou un amigo [...], un libro así [indica coa man que é un libro goso]. Empecei a leer o libro... (*xubilado*)

#### **4.4.2.6 Bookcrossing informal**

Os outros, os que non son de series son os de gardar... entónces... eh... isto podo pasarllo a non sei quen. E logo algúns, os que cree que non valen nin pa pasar a ninguén, esos acaban abandoándonos por aí na bib... ás veces vamos a biblioteca a coller libros, ela leva algún e déixao alí na entrada para que o colla quen queira. Pero... buf... é difícilísimo desfacerse dos libros na nosa casa... (*profesor de secundaria, pai de alumna*)

#### **4.4.2.7 Librerías**

Unha ollada aos cuadradiños e despois vas ás estanterías. Incluso, cuando andas buscando algo por aí raro, ti méteste no ordenador ese que ten alí e díceslle o autor ou eso e buscas eso. E tal. Pero gústame ir a unha librería... (*pai de alumno*)

Para nós foi una sorte, o sea, [nome da filla] non tería sido a lectora que é se non fora porque atopamos á [nome da libreira]. O sea, eu creo que neste proceso nós somos importantes, as bibliotecas son importantes, pero atopar tamén un libreiro de referencia que teña... iso é una xoia, una xoia. (*profesor de secundaria, pai de alumna*)

—Fai uns meses que teño unha librería. E desde que teño a librería doume conta de que a xente le mogollón. (*librera, nai de alumnos*)

—Sí? (*educadora*)

—Pero muchísimo.

### **4.4.3 Dixital**

Neste apartado, e en comparación cos mozos e mozas, as redes sociais teñen menor importancia, e a prensa e radio e televisión unha maior importancia.

#### **4.4.3.1 Redes sociais**

As recomendacións pois veñen por tódolos lados, mira que é un problema que veñan por tódolos lados, porque quérelo ter todo, e para min é un grave problema, xa conseguín outra estantería máis na miña casa entóns bueno, xa temos aí posibilidades de ter máis libros, non?, pero si, sempre, as recomendacións dos compañeiros, das persoas que eu teño que nos recomentan os libros que son, está claro que tal, que si vai ser certo, e despois bueno, pues un pouco o que vas vendo, pois... as redes sociais tamén ultimamente están axudando, non?, a bueno, pois, que alguén recomenda un libro e tal, e vas detrás del, non?, e así un pouco. *(bibliotecaria e coordinadora 1)*

E depende, pois se... ás veces é o boca orella, que funciona, outras veces pois teño a certas persoas que me fío moitísimo dos seus criterios porque coincidimos moito, por exemplo, sempre que me recomenda algo [nome dunha compañeira], ou [nome doutra compañeira] ao mellor pon en Facebook, “pues este libro tal”, entóns sei que alí vou sobre seguro, practicamente, non? E outras veces, pues eso, o que me din, o que me contan... *(coordinadora 2)*

Eu tamén estou nun grupo de Facebook, por exemplo, onde unha vez á semana, ou tal, poñen un texto literario, para léelo. Sexa unha poesía ou un relato curto. E eso é moi gratificante, porque non o esperas y te gusta. *(muller, proxectista)*

#### **4.4.3.2 Indeterminado**

Que te quedas prendado e non tes ningunha referencia do... Do autor ou da autora, bueno, igual buscas por Internet algo a ver que é eso e tal. E bueno, a veces te tiras al ruído y lo compras, sin consultarlo. Outras veces miras... *(pai de alumno)*

### **4.4.4 Biblioteca**

Yo, diferente. Yo me muevo por flechazos. Yo voy... A la biblioteca y yo tengo que... leerlo y el que... Me da igual, o sea, yo no estoy pendiente de las novedades, no me interesa. No me interesan... Que a lo mejor alguno... No tengo esa preocupación. *(funcionaria, nai de alumna)*

#### **4.4.5 Radio, televisión**

—En la radio. En la radio, cuando entrevistan... Pues a lo mejor a algún escritor... *(educadora)*

—Na tele tamén. *(ama de casa, nai de alumna)*

—Y ya apunto, si lo oigo, apunto en una libreta o en el móvil, tal libro.

#### **4.4.6 Prensa**

Eu utilizo tamén o de mirar o que hai na prensa, sobre todo me encanta eso de, “os dez libros que non podes perder do ano”, si?, que despois dis, “este non me interesa porque non me interesa a persoa, este tampouco porque... este o poñen porque é de esta editorial e este xornal sempre recomenda este...”, co cal, ao final te quedan tres, que xa é máis razoable. *(coordinadora 1)*

Non, eu si que, eu leo bastante cando... digo, eu leo o xornal por exemplo, si que leo moito, leo moito que é o que se publica, non? Entón de eso que se publica apunto normalmente no móvil e logo cando estou na librería contraste, bueno contraste, coa miña opinión, quero dicir “contraste”, non... “el título tal” e vexo a ver que era, que era ese libro, pero o último filtro é a librería, para min, non... *(bibliotecaria e coordinadora 2)*

Si, si. Bueno, eu paralelamente, a través dos suplementos culturais dos periódicos... “A ver que recomentan. Mira este autor, o último libro que sacou, no se que... Vamos a ver”. *(bibliotecario xubilado)*

Máis que nada básome pois eso, en libros que recomenda en algunha revista e moito, ultimamente, no que me recomentan as fillas, que xa teñen unha idade, que dis... Bueno, e teñen máis cultura ca min. Entón pois fíome moito de... *(xubilado, exprofesor)*

### **4.5 Transmedia**

Como ocurría co estudantado, hai un debate aberto no que se encontran distintas posicións.

#### **4.5.1 Libro/película**

O debate sobre a primacía da novela ou da película á que dá lugar parece que calou no mundo popular, como demostra incluso a existencia dun chiste ao respecto.

Xeneralmente hai un chiste que sempre me gusta contar é bastante malo pero e van... “unha cabra ve a outra e dille, está comendo un filme e dice...., e que tal esta, na, estaba mellor o libro”. *(Risas) (profesor de música)*

#### **4.5.1.1 Mellor a película: “O libro gustoume menos”**

Non é estraño que tras ver a película a lectura do libro poida defraudar.

La de *Memorias de África* me gustó más la película que el libro. (educadora)

A min gústame primeiro ler. Si teño a oportunidade de ler primeiro, leo. Tamén houbo casos de películas que despois souben que existía o libro e apeteceume léelo. Acórdome agora por exemplo de *Matar a un ruseñor*, que a película me gustou moito e despois lin o libro. O libro gustoume menos, pero bueno... (xubilado, exprofesor)

E hai libros que espertan o desexo de que se convertan en película, por pensar que poderían dar lugar a unha adaptación boa.

Sin embargo, hay un libro que me encantaría verlo en película y no lo dan hecho y yo no quiero morirme sin verlo. (Risas) *Memorias dun neno labrego*<sup>82</sup>. A mí me parece que tiene... (funcionaria, nai de alumna)

#### **4.5.1.2 Película como acicate: “Que te dé ansia leer el libro”**

Outras veces, a película esperta as ganas de ler a obra de onde provén.

Yo creo que es mejor ver la película y luego que te dé ansia leer el libro, entonces ya no te decepciona tanto como al revés, leer el libro y luego ver la película. (funcionaria, nai de alumna)

[*El nombre de la rosa*] Eu con ese libro sufrín o proceso inverso, vin a película e cando rematei de vela dixer: “teño que mercar o libro”. Me pasou con eso e me pasou coa *Rosa púrpura do Cairo* e con algún máis. (nai de alumna)

#### **4.5.1.3 Mellor o libro: “Eu me quedo co libro sempre”**

As razóns polas que o libro é superior coinciden con algunhas das que achegaban os mozos (ap. 2.7.4).

Non, porque non se, non se complementan unha cousa ca outra. Eu na primeira desilusión que vin, lira, acórdome que lera, o libro de Tiburón e cando a vin no cine pois non me gustou nada, absolutamente nada. Paso pola película, vin a película coma se non vira nada. Exactamente igual. E xa lira o libro desde esas... (xubilado)

*Agosto*<sup>83</sup> en película me agobió mucho, en aquel recinto tan cerrado, tan tremendo y en cambio, después en el libro, me encantó. Me gustó mucho más el libro que la película. A pesar de que ellos eran buenísimos traba-

---

82 [https://gl.wikipedia.org/wiki/Memorias\\_dun\\_neno\\_labrego](https://gl.wikipedia.org/wiki/Memorias_dun_neno_labrego)

83 [https://es.wikipedia.org/wiki/August:\\_Osage\\_County\\_\(pel%C3%ADcula\)](https://es.wikipedia.org/wiki/August:_Osage_County_(pel%C3%ADcula))

jando y... Pero aquilo me agobió. Aquel color que non salen de aquela habitación, me ponía loca. En cambio despoés el libro me chifló. (*xubilada, exprofesora*)

Algunas veces supera a película ao libro, outras veces o libro a película. Normalmente, o libro é mellor que a película, normalmente. Porque claro, o libro é mocho máis de detalle, hai aspectos que se los saltan e en unha película case é imposible abarcar todo. (*xubilada, exprofesora*)

Pero a ver, eso pasa moitas veces cando fan a versión dunha película. Eu, por exemplo, lín *Memorias dunha Geisha*. E ves a película e media parte do principio está comido. Pero bueno, supoño que claro, a veces non poden meter todo na mesma película... Eu sempre llo digo a miña filla: “mira, onde esté o libro e a película... quédate... eu me quedo co libro sempre, non?” (*profesora, nai de alumna, cega*)

## **4.5.2 Outros transvasamentos**

Moito menos frecuentes que os das películas, pero tamén aparecen.

### **4.5.2.1 Series**

E o que funciona nun libro, non ten porque funcionar na imaxe e viceversa. Por exemplo, un exemplo moi bo dos últimos tempos é... eh...ah, *Juego de Tronos*. (*profesor de música*)

[*Fariña*] Empecei a ver o primeiro capítulo... E non lera o libro. (*xubilado*)

### **4.5.2.2 Cómic**

Eh... pero, si que me, si que me resulta interesante cando hai un libro, ou unha banda deseñada, a película de *Watchmen* paréceme unha... unha pasada ou ben, ou ben que tal, faltan cousas pero e que é normal. É dicir, en hora e media ou dúas horas... (*profesor de música*)

## **4.6 Papel fronte a dixital**

Tamén no caso dos adultos coma no dos mozos e mozas (ap. 2.8) encontramos as dúas posturas.

### **4.6.1 Vantaxes do papel**

#### **4.6.1.1 Como contedor: “Una carta mía a mi yo futuro”**

Esta postura non aparece entre os mozos, aínda que si a apropiación do volume (ap. 2.8.2.1).

A mí me encanta coger los libros... Por eso no me gusta regalarlos. Entonces a lo mejor yo meto fotos o meto dibujos de mi hija... ¿Sabes? Son como... Una carta mía a mi yo futuro cuando vaya a releer el libro. *(Risas) (funcionaria, nai de alumna)*

“Fíjate, cando lin aquel libro, dobrei a folliña por algo”. É verdad, é que ao mellor pasan anos... Que eu si releo, por eso o digo, e dices “por que marquei algo?” E realmente ao mellor vía algo que me fixo parar. *(ama de casa, nai de alumna)*

E, en consecuencia, a reflexión sobre outros que enviaron tamén “cartas”.

A mí una cosa que me encanta, no sé vosotros, los libros viejos. Me encanta. Las librerías [de vello]... Así, que tienen una historia, a lo mejor tienen anotaciones o... ¿Sabes? Y dices “jo, ¿de quién sería?” *(Risas) (funcionaria, nai de alumna)*

#### **4.6.1.2 Depósito: “Na tablet teño os libros que non quero ter fisicamente”**

Moi similar ao comportamento dos mozos e mozas (ap. 2.8.2.4).

Na tablet teño os libros que non quero ter fisicamente, o sea, que me da igual, que me da igual non telos. Pero... pero si, si, si e sin ningún... paso de papel a dixital sen ningún problema, non, non... e bueno, no móbil menos, é dicir, tampouco, nel literatura ficción, pero si no móbil cada vez máis. *(bibliotecaria e coordinadora 1)*

### **4.6.2 Vantaxes do dixital**

#### **4.6.2.1 De viaxe: “Moito máis cómodo para levar”**

É unha das máis evidentes.

E gústame máis o papel pero tamén o libro electrónico é moito máis cómodo para levar. Cando vas por aí ou no tren e cando vas así viaxando o libro electrónico e moi cómodo. *(profesor de secundaria)*

Solo leo un libro electrónico cando vou de viaxe, senón papel. *(profesora de inglés)*

Si, si, leo na tablet moitas veces, non sempre, alterno, é dicir, por exemplo, cando viaxo si que leo en... na *tablet*. *(bibliotecaria e coordinadora 1)*

#### **4.6.2.2 Espazo: “No vivimos en una mansión”**

Vamos a ver, yo siempre leí en papel, porque antes tampoco... Pero tengo un problema. Mi casa es pequeña y tenía una habitación llena de libros... Me junté con más de 1000 libros. Mi marido ya se negó a hacer más estanterías, con lo cual me regaló el primer *ebook*. Luego un compañero me regalo uno un poquito más actualizado. Entonces compro más bien en *ebook* ahora... (*exprofesora de francés*)

Pero una cosa es papel... Yo también soy de papel de lectura, pero de consulta, ¿para qué queremos una enciclopedia de arte si ahora ...? Nosotros tenemos que... El espacio aprovecharlo, no vivimos en una mansión. (*funcionaria, nai de alumna*)

#### **4.6.2.3 Disponibilidade: “Apetéceche, clic, e xa”**

Claro, para mí es volver a poder leer un poco de todo. Porque si no estaba muy reducida a esperar a llegar a Francia para comprar libros o... Y ahora, pues mira, me encanta. Ves algo que te gusta, le aprietas click y ya lo tienes. (*exprofesora de francés*)

En Amazon, sobre todo. Como di [nome dunha compañeira] é unha marabilla. O que pasa é que, claro, despois ven a factura pero... Apetéceche, clic, e xa. E bueno, na Fnac tamén, en general. (*xubilado, exprofesor*)

Yo sí, alguno he comprado, pero mayoritariamente... cuando... tenemos un... una biblioteca de libros electrónicos e vas vincando de aí. Pero sí también compro y también recibo intercambio de otra gente que también lee libro electrónico. (*muller, proxectista*)

#### **4.6.2.4 Corpo de letra: “Tú puedes agrandar la letra”**

Velaquí unha vantaxe evidente, pero que os máis mozos, loxicamente, non mencionaban...

Es que claro, hay un problema de edad, vamos a ver. Lo bueno del libro electrónico es que tú puedes agrandar la letra... (*exprofesora de francés*)

#### **4.6.2.5 Lectura de proba: “Leo primeiro en dixital”**

Pero eu, o que fago ás veces é, leo primeiro o dixital, pois por exemplo, Almudena Grandes, sempre leo primeiro en dixital e despois vou a librería e o compro (*coordinadora 2*)

### **4.6.3 Dispositivos**

Utilízanse de acordo coas prestacións que ofrecen.

#### **4.6.3.1 Móbil: “No móbil cada vez máis”**

O seu maior valor provén de ser un aparato sempre próximo, aínda que ofrece dificultades para a lectura.

No móbil menos, é dicir, tampouco, nel literatura ficción, pero si no móbil cada vez máis. (*bibliotecaria e coordinadora 1*)

Non o libro enteiro, pero un capítulo e tal si che coincide. Se tes a previsión si levas o libro e tal, pero outras veces non o levas e se o tes no móbil, léelo no momento. (*profesor de secundaria*)

La verdad es que, bueno, leí uno en el móvil porque tuve un problema en casa. Me quedé sin libros y sin nada y entonces me quedaba mi móvil. Y leí un libro, pero no... En cuanto pude recuperé... No me gustó. Es muy pequeño. (*exprofesora de francés*)

#### **4.6.3.2 Tableta, ebook: “Agora leo moito máis”**

Yo creo que soy lectora compulsiva, eh... Siempre un libro, nunca salgo a la calle sin un libro. Ahora tengo un ebook pequeñito y siempre está ahí en el bolso, porque tienes un ratito, pues lees. Es así siempre. (*exprofesora de francés*)

Eu sempre despotriqueei do libro electrónico, pero cando me jubilei regaláronme os compañeiros un... E agora leo moito máis no... (*xubilado, exprofesor*)

Bueno, eu a diferencia de vós, cando leo é cando estou esperando algo, algunha reunión, algunha cousa, que non tes que facer. Entón sacas o libro, les... O cal quere dicir que utilizo dispositivo electrónico básicamente. [...] Y... onde máis me gusta ler, indiscutiblemente, é no tren. (*muller, proxectista*)

#### **4.6.3.3 Ordenador: “Entro para ler relatos curtos”**

E non esquezamos que unha parte da lectura se segue facendo no ordenador, cuxa vantaxe é a maior pantalla.

Cando teño que ler algo en Google, que ademais en Google entro para ler relatos curtos de... ou de Conan Doyle ou de Agatha Christie ou... eh... Edgar Allan Poe, cousas así... eh... nunca leo en *tablet*, leo en ordenador, pantalla grande. (*nai de alumna*)

#### **4.6.3.4 Audiolibro: “Cambia un pouco a forma de percibir”**

Aparece como unha boa forma para escoitar mentres se conduce e, por suposto, para persoas cegas. Pero hai acordo en que algo cambia con respecto á lectura persoal. (Ver unha interesante reflexión complementaria no ap. 4.7.8.)

Eu unha cousa que descubrín nestos últimos meses foron os audiolibros eh... si bueno, non tiña, bueno tiña que ver co meu traballo, pero tamén tiña que ver co que estaba preparando das probas de francés, entón, bueno, tiña varios libros en francés lidos polos autores, e claro, descubres cousas maravillosas. E sobre todo que, agora vou no coche e non teño que escoitar a radio e escoito unha novela ou... quero dicir, é outra forma, é outra forma de ler, é unha forma de lectura moi distinta para... porque non... non ter, non, es outro tipo de soporte, e cambia un pouco a forma de percibir eh... bueno, a propia... pero é moi interesante, moi interesante. *(bibliotecaria e coordinadora 2)*

Eu son cega entonces eu leo en braille e tamén leo en sonido, porque bueno, teño unha facultad especial que a veces encántanme os libros e cando vou a ver o tamaño do libro, aquilo é un tocho impresionante. *(Risas)* Cando nós nos enfrentamos a libros moi gordos, recurrimos a sonido, porque non sei se algunha vez vistedes algo en braille, o braille ocupa moito, entonces claro, recurrimos ó sonido. Pois a última atacada que rematei, para que os fagades unha idea é *Una columna de fuego* de Ken Follet. Se paso iso a braille non sei canto e levaría. Pero bueno, que me gusta moito ler en braille tamén. De feito, agora mesmo, estou lendo un libro en sonido, pero teño outro en braille. E por qué? [...] Cando máis me relajo e leo para min, pois cando remato a noite, pois dedico un espazo para min a ler [...] É como visualizar ese libro, pero cos dedos. E para min o braille pois é importantísimo. Ademais, cando leo en barille, cando les en sonido, os libros están gravados e leídos con xente moi bos lectores, pero cando ti les en sonido, eres ti a que lle pos a voz ao personaje, imaginas... no sei... é outra cousa. *(profesora, nai de alumna, cega)*

#### **4.6.4 Complemento dixital á lectura en papel**

Igual que os mozos, os adultos poden recorrer a Internet como apoio para ter información previa (ap. 2.6.6.4) ou posterior (ap. 2.8.6) á lectura dun libro.

E as referencias. No móbil eu leo referencias. Por exemplo, de que trata o libro, ¿sabes? Lle botas alí unha ollada, e tal. *(xubilado)*

Sí que a lo mejor me gusta ampliar sobre qué he leído. Si la Edad Media... Pues busco en la Wikipedia. O es verdad o este personaje es real, este no, fue así un poco como lo cuenta en la Wiki... Bueno, o en la enciclopedia o lo que sea, lo cuenta igual que cuenta el escritor o se ha inventado... Qué parte se ha inventado. Sí que eso me gusta. *(educadora)*

Investigar, pero investigas porque quieres saber si o que conta é a realidade ou... *(pai de alumno)*

## 4.7 Lectores e lectoras de todo os tipos

### 4.7.1 Lector activo: “Te construyes tú a realidade”

A “construción dun mundo”, incluso con características olfactivas, é propia dos lectores avanzados, e independente de que sexa lectura visual ou táctil, en braille.

—Cando estás lendo, te construyes tú a realidade, non? De... Y as cousas teñen... hasta teñen aroma. (*muller, proxectista*)

—O que me pasa a min lendo braille tamén, non? (*profesora, nai de alumna, cega*)

### 4.7.2 De recheo: “Cando vou ó ambulatorio”

Esta lectura é típica, tamén dos mozos (ap. 2.8.3.3), e atopou a súa mellor realización en soporte dixital. É un clásico doutros estudos cualitativos en España<sup>84</sup>.

De novo leía cando iba coas vacas, agora leo cando vou ó ambulatorio. (*xubilado, exprofesor*)

E se teño que ir a algún sitio, tamén cando vou ó médico, tamén se vexo que tal tamén levo. (*profesor de secundaria*)

### 4.7.3 Manía, vicio: “É moi adictivo”

Curiosamente, o adxectivo “adictivo” en galego (e en castelán), aplicado a un libro, é positivo. Porén, aplicado a unha substancia ou a un videoxogo adquire connotacións máis negativas.

É que Saramago é moi difícil non acabalo, é moi adictivo. (*ama de casa, nai de alumna*)

Pois parte... Como alí... Como comer, eu necesito ler siempre, de dormir, cando como... Siempre. (*Risas*) Non teño ademais... É como un... Xa a manía de lectura. O sea, papel que vexo impreso... O sea, que eu creo que xa é un problema, xa teño que lelo. (*funcionaria, nai de alumna*)

Teño unha manía, chámalle manía, chámalle manía, chámalle como queiras, chámalle como queiras pero... un vicio [...] Eu...aí como me falte un libro á noite...mmm... busco por onde seña. E inda mellor que teña algo na casa se o tiño lido ao mellor lino tres veces. E volvo collelo pero por solamente, polo feito de ler. E ter algo que, que, vamos... na vista algo que ter. (*xubilado*)

---

84 O termo e o concepto aparecen en Contreras (2008).

#### 4.7.4 Gozo: “Realmente é un placer”

Realmente, si temos suerte que nos guste a lectura, porque realmente é un placer. (*ama de casa, nai de alumna*)

— Si, si. Novela negra, policíaca... A min... me engancha, non? O sea, que disfrute con ela, que me relaxe e que me... que non teña que volver atrás outra vez... que non sei o que leín, que non sei quen era... Eso si que xa non me gusta, non? Algo fácil de leer, non? (*funcionaria no instituto*)

—E que a min o libro ten que relajarme (*profesora, nai de alumna, cega*)

La verdad... Ya estoy retirada y ahora leo porque me gusta leer. Simplemente por eso. Me gusta mucho la novela histórica por aquello de la profesión y leo todo tipo de libros. Y con la pelma de [nome da coordinadora] leo lo que me gusta y lo que no me gusta porque hay que hablar de ese libro, ¿no? Ahora estamos leyendo *Opus Nigrum*. A mí me está resultando un peñazo. Me encantó... Me encantó *Memorias de Adriano* y este en cambio no puedo con él. (*xubilada, exprofesora deste centro*)

#### 4.7.5 Abandono: “Fui incapaz de leerlo”

Como acabamos de ver, non sempre se remata un libro que se empezou. Non só se abandonan libros narrativamente vangardistas ou cheos de alusións culturais, senón tamén *best-sellers* (para mozos, ver o o ap. 2.9.2.1).

Eu teño a teoría de que os libros veñen e cando veñen e non pasa a hora e media de pé, bueno, pois nada, pois xa... noutra vida lle tocará, eu que sei... É dicir, eu antes o sentía fatal eh?, é dicir, tiña auténticas taquicardias por deixar un libro. (*coordinadora 1*)

—Yo creo que no hay libros tan malos, tan malos que no tengan... Algo bueno, creo. Bueno, no sé, yo... (*funcionaria, nai de alumna*)

—Home, habrá de todo. (*ama de casa, nai de alumna*)

—Bueno, las *Cincuenta sombras de Grey* que fui incapaz de leerlo

—Eu tamén non o lin.

—Yo no fui capaz. Fue el libro más horroroso... (*Risas*)<sup>85</sup>

Eu si empezo un libro, o remato. O sea, quero dicir, tarde ou temprano... Empezaba 6 e logo non acababa ningún, pero sempre... O sea... Deixar un libro por non gustarme, penso que non me pasou nunca. (*home no paro*)

O primeiro ano que estou nun grupo de biblioteca pois fixen un... como... creo que estou dúas ou tres horas de garda, dúas de garda e unha de reunión, y entón inicié un xogo que é empezar pola “A”, e nos libros de narrativa y empezar pola “Z” nos de poesía y entonces pois voy mirando y o que me chama a atención pílooo para... e o xogo é que non sexa

---

85 Ver, porén, a testemuña do ap. 2.7.2.

coñecido, pois para, a ver que pasa. Hai veces que non paso da primeira páxina, que digo, bua madre mía, pero, bueno. (*profesor de música*)

Cando empezo un libro habitualmente é un reto e aínda que me coste traballo remato sempre o libro. Me parece que nunca deixei un libro a veces o leo máis lentamente, pero... non... vamos, non o deixo. (*nai de alumna*)

—Uno que me costó mucho fue uno de Vargas Llosa, que... ¡Dios mío! No sé si os acordáis... (*muller no paro*)

—¡*La casa verde!* (*todos*)

—*La casa verde...* Que yo me sentí muy inculta... No lo entendía

—Este fue duro. (*Risas*) (*exprofesora de francés*)

—Yo leía el libro y decía: ¡Buff, madre mía, no sé por dónde cogerlo! Tenía un lenguaje muy difícil. Yo decía... yo que soy... Le dije a [nome da coordinadora]: “No puedo”

—Eu de feito nunca o acabei. (*moderador 1*)

—Ni yo. (*xubilada, exprofesora deste centro*)

—Lo acabé porque me dije ¡lo voy a acabar!, pero me costó muchísimo...

[*El nombre de la rosa*] Yo no conseguí leerlo, lo empecé tres veces. Y al final dije: “mira, no”. (*nai de alumnos*)

#### **4.7.6 Relectura: “Leveime un chasco”**

Pode ser un exercicio positivo ou negativo. Para mozos, ver o ap. 2.9.2.2.

Sempre, eh, recorro aos libros para superar algunha cousa que aparezca na vida e estou constantemente retomando libros que lin no pasado, cousas que estaban aí y que de repente xurde algunha situación familiar, e pois aquí venme esto de perlas. (*muller, proxectista*)

Cuando hace años que lo leíste, lo vuelves a releer, es como que vas con la lección medio aprendida y te fijas en otras cosas que antes no te fijaste. (*nai de alumnos*)

Gostaríame reler algunha cousa pero, e... as poucas veces que relín, leveime un chasco, de cousas que me gustaban de adolescente y que agora volvo a ler y digo ui... e xa me chirría un pouco máis. Y logo hai moita cousa nova que ler, moitos autores novos que ler, entón... (*profesor de música*)

#### **4.7.7 Escritura: “Non quero dicir que te vaias facer un Nobel”**

E, como adoita ocorrer tamén, a lectura leva á expresión por escrito (ap. 2.9.3.1).

—O que pasa que... Eu polo menos son moi pudorosa, entón á hora de escribir recoñezo que teño, claro, moitas limitacións, entón pois eres

pudoroso e non che gusta ensinar e tal, pero é unha delicia escribir, a min gústame moito. (*ama de casa, nai de alumna*)

—¿Sabes lo que pasa? Que luego si lees mucho, por ejemplo en mi caso, yo a final lo que hacía era plagiar. (*Risas*) Sin querer. ¿Sabes? (*funcionaria, nai de alumna*)

*Escribir*, quero dicir... O facer cada un as reflexións súas, é un exercicio, ao mellor... O sea, non quero dicir que te vaias facer un Nobel, non? Pero é unha costumbre... (*home no paro*)

#### **4.7.8 Non lectores: “Prefiren que lles contes o libro”**

Hai un testemuño moi interesante dun adulto xubilado (que abandonara a lectura durante a súa vida profesional para recuperala no club). A través dos seus ollos, vemos como os non lectores ven a lectura. Cunha curiosa reflexión sobre o audiolibro.

—A verdade é que no mundo no que me movo eu é bastante rudo. Vamos a ver, no aspecto cultural. Se fala sobre todo de fútbol, de motos e pouco máis, eh.... Fan apuestas e tal. O mundo así un pouco de... O mundo do bar, claro. (*xubilado, tivo un bar*)

—Pero respectan, digamos, o lector, non? (*moderador 2*)

—A verdad é que lle... Lle teñen un pouco de envidia. O sea, porque eles cren... Creo que... Eu penso que eles pensan que non son capaces de leer un libro. No sé porqué. Porque non se senten suficientemente capacitados, o algo. É algo que moitas veces falan, o sea, eu falo con eles e lles falo por exemplo pois de calquera cosa que estou lendo no momento e tal... Pois agora como estou lendo Almudena Grandes, pois lles falo da Guerra Civil. Almudena Grandes fala das transfusións de sangue, que se empezaron a facer durante a guerra e tal, dun doctor canadiense e tal. E a verdade é que o siguen con interés. Pero, o sea, o feito de leer... Prefiren que lles contes o libro, ¿sabes? Prefiren que lles contes o libro. Entonces eles están... É que é igual que si lle soltas unha película. Penso que agora sae o audiolibro que trata de eso, non? De contar un libro. Ó mellor ten éxito

Trátase dunha franxa de idade onde a oralidade aínda predomina. Ver este recordo doutro xubilado.

Eu me recordo cando estaba no instituto, hai moitos moitos anos, iba o moito ó cine os domingos. Vivía en un barrio bastante humilde digamos, e case todos os rapaces que había eran menores ca min e non iban aínda no primeiro ciclo, iban á escola. Tampouco tiñan cartos para ir os domingos ó cine. Entón eu iba os domingos e o luns nos sentábamnos alí en un patio fora, e eu contaba a película. E o seguinte querían outra e ó final se me acababan as películas, e digo “¿eu que fago? Invento”. Entón invento unha película. Un amigo me din “Cantas películas ves?” e eu digolle “non, eu invento”, “E como se fai?” “Pos mira se ti queres contar tamén, inventa unha película.” “Pero non sei, non sei como facer”... “Bueno, mira, tes que facer como si foras escribindo un conto, o asunto é

empezar, entonces mira...”. “E que non sei empezar, dime un inicio”. “Entonces mira: Estaba o vello Joe sentado enfrente de su casa cunha navalla afilando un paño hasta que chega un home a cabalo cun gran revolver...” E ti sigue. Despois o contou... Bueno, e o seguinte non pode ser igual... No, no, é diferente, entonces os contos empezaban sempre: “estaba o vello Joe sentado (*Risas*) e aparece un tanque de guerra...” (*bibliotecario xubilado*)

## **4.8 Rivals da lectura**

Aparecen en moito menor número ca entre os mozos (2.10) e faltan as redes sociais, os amigos...

### **4.8.1 Series**

Pois eu iba a comentar iso de que, ao mellor non insomnio, pero non durmo demasiadas horas, entón vénme ben porque agora coa lectura compite ás veces pues que agora nos últimos anos vexo máis series. (*coordinador*)

### **4.8.2 Cine**

O cine, tanto polas películas actuais coma pola desaparición das salas, deixou de ter a importancia que tiña.

Xa me gustaba mais do que me gusta. Porque agora vas ó cine puff... madre de Dios e... mira que tiña que dicir... non vas ó cine... vale, fun ó cine, inda fun non fai moito o ano pasado co rapaz, ou foi este ano, no, o ano pasado no verao tamén, viñen ver unha desas de... de *Star Wars* que por certo me encantan. E que si, pero é que puff...vas aí a meterte nun cine... como digo xa durmir porque eso mais que nada é ruído, non é outra cousa... (*xubilado*)

Hai xa moitos anos... deixou de chamarme a atención e punto, empezaron a cerrar aquí os cines. Perdinlle o cariño que lle tiña. O pouco que lle tiña xa o perdín. (*xubilado*)

## **4.9 Beneficios do club de lectura**

É sorprendente que, salvando as distancias de idade e situación, non estean tan lonxos dos que indican os mozos (ap. 2.11)

#### **4.9.1 Socialización: “Un día para vernos, y charlar y reírnos”**

Os membros dos clubs agradecen o contacto humano que propician as reunións, o feito de que lles dese elementos de contacto coa súa familia, e incluso que os faga saír da casa.

Una cosa genial del Club de Lectura para mí, es genial que nos haya permitido mantenernos, sobre todo a todos los que estamos aquí, en contacto. Y tener un día para vernos, y charlar y reírnos. Bueno, y decir muchas tonterías... *(xubilada, exprofesora)*

O sea que esto de que, claro, el Club de Lectura también luego te invita a hablar pues con tu familia y es muy agradable. Incluso con los nietos ahora, que van metiéndose en la lectura y es un orgullo. *(exprofesora de francés)*

E, bueno, poñíame... Poñíaste a meta de ler, polo menos un par deles todas as semanas. E, bueno, gústame cualquier... Sobre todo a novela e... Cualquier tipo de lectura histórica ou... *best-sellers* de... Bueno, gústame todo, a verdad. E non sei, o club de lectura pois aparte de que é un pouco un escape para poder salir da casa... *(Risas)* Unha vez que vés de traballar e desconectar un pouco e facer algo diferente, non ter que facer a comida para o día seguinte, que hai que facela ao chegar, pero bueno... *(celadora de hospital)*

#### **4.9.2 Descubrimiento: “Lectora de profesión”**

—Levo anos, creo que desde que eu vou a este club de lectura e sempre me resultou... Pois eso, aparte de que nos aconsella [nome da coordinadora] as lecturas e tal, pois me sinto, eso, que estou descubriendo cousas que... E nada. Bueno, non dixeran a que me dedicaba. Eu son ama de casa ou como dicían antes, sus labores, cuido de... *(Risas)* Pero bueno... E lectora de profesión *(ama de casa, nai de alumna)*

—Sus lecturas. *(hombre no paro)*

—Sus lecturas. *(Risas)* Gracias. Sus lecturas. Sus labores.

Estou lendo libros que nunca lería se non pertencera a este club. *(xubilado, exprofesor)*

Puedo decir que hemos leído de todo, libros que ni me imaginaba yo que iba a poder leer. *(muller no paro)*

#### **4.9.3 Multiplicidade de clubs: “Quería facerme de outro”**

Vimos tamén algún caso de mozos membros de distintos clubs (ap. 2.4.4).

E logo me fixen socio de este club, bueno do Club da Biblioteca Municipal tamén e quería facerme de outro de Ferrol pero non me daba xa a vida

para tanto (*Risas*). Con estes dous vou bastante ben. A veces fallo bastante, porque como son viaxeiro empedernido me escapo por aí e as veces non veño, pero non abandono. En canto podo veño y leo ademais o libro respectivo y collo os apuntes. Fago uns apuntiños conforme con forma máis ou menos crítica do libro y me gusta ler de todo. Aínda que non teño así as veces... Antes gustábame a ciencia ficción, pero agora non tanto, os libros de terror e esas cousas non me van moito pero si hai que leelo tamén se lee. Y fundamentalmente eso é a miña vida de lector. (*bibliotecario xubilado*)

#### **4.9.4 Hábito: “Lemos por fóra do clube”**

“Mira aquí leímos tantos, seis ou sete, lein estes, está moi ben ou está moi mal, este non me gustou” e tamén é un elemento interesante. Que lemos por fóra do clube, digamos. Tamén temos vida fóra do clube, eh! (*bibliotecario xubilado*)

#### **4.9.5 Debate: “Diferentes personas tienen diferentes opiniones”**

Por eso es tan interesante el club de lectura, también, porque vienes aquí... Tú vienes con tu idea... Y luego viene otro y dice otro distinto... Jo, se te abre mucho la mente. (*funcionaria, nai de alumna*)

Lo bueno del Club también es ver que un mismo libro... Diferentes personas tienen diferentes opiniones, te hace estar pues muy en contacto, ¿no? con la lectura. (*muller no paro*)

### **4.10 Lingua de lectura**

Os adultos membros de clubs len indistintamente en galego ou en castelán, pero teñen as súas preferencias.

#### **4.10.1 Prefire galego**

Ás veces non sen reservas ante a lingua dos escritores.

A ver, a idea é sempre escoller, se está en galego mellor e dicir, Kazuo Ishiguro, está en galego entón... (*profesor de música*)

Conde, xusto, si. Alfredo Conde. Pois o seu galego a veces...é moi críptico e...muy... o que me decíades vós, que había que estar co dicionario ao lado...(*profesor de música*)

#### **4.10.2 Prefire castelán**

Ás veces, pola dificultade dalgúns textos galegos.

Sí, bueno, en mi casa por lo menos son ellos, es lo que estaba diciendo, son ellos los que ahora: “Ay mamá!, tienes que leer esto que lo leí y está chulísimo, te va a gustar”. Por ejemplo, el último... eh... tuvimos así un pequeño rifi y rafe porque era en gallego... y a mí me cuesta un montón leer el gallego. Yo lo tengo que rec... soy gallega, pero reconozco que me cuesta muchísimo. Es como que tengo que andar ahí a cambiar el chip y tengo que ir pensando en castellano. Entonces tardo mucho más en leerlo. Y de hecho aún lo tengo allí... a medias. (*nai de alumnos*)

—Yo si hay opción también prefiero castellano porque lo leo mejor. (*xubilada, exprofesora*)

—Ahora, bueno, he leído en gallego y quizás me cueste un poco más, pero las tres primeras páginas, luego ya enganchas, ¿no? Es comodidad, simplemente. (*exprofesora de francés*)

—Eso depende de cada autor también. Porque hay autores gallegos que utilizan unas palabras que yo no las oí, vamos, en mi puñetera vida.

Leo principalmente en castellano, pero bueno, también me gusta leer en gallego. Me cuesta más, pero me gusta, sobre todo a Manuel Rivas, porque es muy conciso, muy... (*educadora*)

#### **4.10.3 Dálle igual**

Pois a min me... me gusta... o tipo... son moi peliculera, entonces algo que me enganche, que disfrute, que... con ela, non? Que disfrute... Me da igual galego que castelán que... (*funcionaria no instituto*)

### **4.11 Resumo**

A pesar das grandes diferenzas de idade e circunstancias, non tantas cousas separan a práctica lectora dos mozos e dos adultos, en puntos esenciais: aprecio polo libro en papel, uso atinado dos dispositivos electrónicos (o móbil, os adultos moito menos), amplitude de gusto por xéneros (salvo a poesía, de moitísima máis implantación entre os mozos), amplitude de seguimento de pistas para a lectura (os adultos usan moito menos as redes sociais), e similar exposición á fama de certas obras (*best-sellers*), aínda que len moito máis a prensa. Son tamén lectores nocturnos, que len na cama. As obras transmedia fascínaos de forma similar e supónlles idénticos problemas. Os adultos teñen moitos menos rivais para a lectura

En canto aos beneficios percibidos no club, destacan os sociais, de convivencia, e mesmo saír da casa, aínda que se aprecia tamén o descubrimento de lecturas e o seu debate con compañeiros.

Tamén entre os adultos atopamos lectores obsesivos, enganchados, e outros máis tranquilos. Quizais por cuestión xeracional, os adultos parecen ter máis dificultades para ler en galego.

## 5 Conclusións

### 5.1 Os estudantes

Unha das constatacións máis importante foi percibir a estrutura en rede que guía a elección das lecturas, saltando entre medios e soportes. Por exemplo: unha portada atractiva pode conducir á lectura dun libro en papel, ou a recomendación dun amigo levar á procura dun libro en PDF. O circuíto pode ter lugar integramente de forma dixital, unha recomendación de Wattpad pode levar á lectura no móbil.

Ademais, estes circuítos poden ser de ida e volta. A elección dun libro pola portada pode levar a outros da mesma colección. Unha recomendación dun membro da familia pode levar á recomendación a outro dos seus membros. O visionamento dunha película levará á lectura dun libro, que logo conduza a outra película da saga, e así sucesivamente. Tamén se pode transitar dun elemento a outro a través de distintos percorridos. Por exemplo, a recomendación dun compañeiro pode levar a ler un libro (en papel), que o alumno logo recomenda para a súa inclusión nun club, e cuxa discusión nel conduce por fin a unha consulta en Internet. Estudando a vida das lecturas en diversas comunidades xurdirán sen dúbida novos circuítos, aínda máis longos e complexos.

As obras impostas polos currículos das materias de lingua e literatura, pola contra, pertencen a un circuíto dunha soa dirección: as “lecturas obrigatorias” non parecen crear realimentación cara a outras lecturas do ensino regrado, e delas tampouco parece pasar influencia ningunha cara a outros ámbitos (nin se lles recomentan a compañeiros, nin se comentan nunha aplicación...).

O papel do club de lectura aparece como central, pola cantidade de referencias a el que van xurdindo en calquera esquina da práctica lectora que apareceu nos grupos. Especialmente interesantes son, por unha banda, a adopción de estratexias de club de lectura nos intercambios privados entre estudantes e, por outra banda, a conceptualización do club como un lugar no que se pode estar a falar como en familia. Este movemento de ida e volta da esfera privada ao club demostra unha profunda interacción entre ese apéndice do sistema educativo e a sociedade.

A través das transcripcións das intervencións dos membros dos clubs debuxouse un panorama moi rico. Cómpre salientar, entre outras cousas, a sensibilidade demostrada ante o intercambio de opinións, a capacidade de elaborar hipótese e facer valoracións nos complexos movementos transmedia, a sutileza nos xuízos intersubxectivos, o coñecemento real do que ocorre no circuíto autor-editor-lector...

Pero quizais o que chama máis a atención é o comportamento cortés e atento nos grupos, o respecto pola palabra allea (nos antípodas de modelos socialmente estendidos, como os faladoiros televisivos), a articulación da expresión e o pensamento. Estes clubs están a formar lectores (aínda que, como vimos, non só grandes lectores, facilmente somerxibles en obras caudalosas), pero tamén están a contribuír a formar unha cidadanía crítica e civilizada.

## 5.2 O profesorado

Os profesores que teñen ao seu cargo os clubs de lectura, ás veces durante moitos anos, ven *contaminada* a súa práctica lectora pola necesidade ou polo desexo de atopar obras apropiadas para os seus membros.

Nesta procura contan varios factores: os seus obxectivos como educadores, que poden ser tanto lingüísticos (lectura de literatura en lingua galega) coma o traballo con obras que fomenten valores positivos, que doten de referencias culturais necesarias etc. Todo iso sen esquecer a presión dos propios mozos: os libros que están de moda entre os seus compañeiros ou *best-sellers* xerais; as obras coñecidas porque dan lugar a películas, e outros propios dunha xeración diferente, coma os videoxogos ou o manga. Todo iso esixe unha atención constante ao medio e unha formación continua e específica nestes xéneros.

Por fortuna, o diálogo cos mozos e a confianza mutua que parece desenvolverse pode servir para pactar as lecturas finais, e tamén para facilitar a discusión ou o diálogo sobre elas.

## 5.3 Os adultos

A pesar das grandes diferenzas de idade e circunstancia, non tantas cousas separan a práctica lectora de mozas e adultos, en puntos esenciais como son o aprecio polo libro en papel, o uso atinado dos dispositivos electrónicos (o móbil, os adultos moito menos), a amplitude de gusto por xéneros (salvo a poesía, de moitísima máis implantación entre os mozos), a amplitude de seguimento de pistas para a lectura (pero os adultos usan moito menos as redes sociais) e a similar exposición á fama de certas obras (*best-sellers*), aínda que len moito máis a prensa. Son tamén lectores nocturnos, xa que adoitan ler na cama. As obras transmedia fascínaos de forma similar, aínda que presenta os mesmos problemas. Os adultos teñen moitos menos rivais para a lectura

En canto aos beneficios percibidos no club, destacan os sociais, de convivencia, e mesmo saída da casa, aínda que se aprecia tamén o descubrimento de lecturas e o seu debate con compañeiros.

Tamén entre os adultos atopamos lectores obsesivos, enganchados, e outros máis tranquilos. Quizais por cuestión xeracional, os adultos parecen ter máis dificultades para ler en galego.

## 5.4 En resumo

Ninguén diría, á vista destes datos, que a lectura é unha práctica en retroceso. Pero convén lembrar o universo das persoas, tanto dos estudantes coma dos adultos, e de onde xurdiron: son novos e maiores que forman parte de clubs de lectura ligados ao sistema educativo da comunidade de Galicia.

A pertenza a estes clubs é sempre voluntaria, pero non está exenta de esforzo: os grupos aproveitan a miúdo o tempo da comida para reunirse, aínda que algúns o fan nos

recreos ou nalgunha hora extraescolar. Coordínanos profesoras e profesores do centro, aos que o club lles supón un esforzo extra non retribuído.

Quere isto dicir que, aínda que nalgúns casos poidan primar aspectos sociais, de relación ou de integración, ou esperanza de melloras académicas, os mozos teñen un interese previo pola lectura, ou mesmo unha práctica non desdeñable, ás veces desde idades temperás. Hai que sinalar que o prestixio da lectura ou, mellor dito, do libro segue sendo un factor importante no seo das familias, que se propuxeron crear o hábito da lectura nos fillos. En paralelo á acción do club ou, en ocasións, nunha acción concertada desde o club dos adultos e desde o dos mozos, a circulación de libros e recomendacións no seo das familias, en todas direccións, é un elemento de importancia, así como as pistas de lectura entre grupos de pares: os estudantes entre si ou a través de redes sociais.

Os medios dixitais parecen ampliar o alcance e as circunstancias da lectura (e, ocasionalmente, da escritura), xa que permiten que as recomendacións e debate superen os límites do centro ou da poboación e esténdense por comunidades lingüísticas. Os xéneros novos (manga, obras de *youtubers*) parecen integrarse de forma normal no conxunto de prácticas lectoras. Así mesmo, o transvasamento de obras desde o universo narrativo ao filmico permite o enriquecemento do acervo lector e crea unha nada desdeñable reflexión sobre a natureza e os efectos do acto da lectura.

Os adultos, tanto os membros dos clubs coma os responsables da súa coordinación, seguen con atención algúns dos camiños contemporáneos dos xéneros, sabedores da súa importancia para os mozos e, en ocasións, asimilando algunhas das súas conquistas.

Claro que hai moitos alumnos, e non poucos adultos, que non forman parte dos clubs, pero á vista dos resultados que teñen para os seus membros a moitos niveis (desde capacidades sociais, ata de integración, incluída, está claro, a extensión e a profundización das lecturas), a nosa conclusión é moi clara: oxalá outros sistemas educativos puidesen gozar dunha estrutura de bibliotecas escolares, coordinadores e clubs coma os da galega.



# Índice desenvolvido

Notas previas.....	7
1 Metodoloxía.....	22
1.1 Formación de grupos.....	22
1.2 Desenvolvemento dos grupos.....	23
1.3 El presente informe.....	24
2 Estudantes.....	26
2.1 Formación no fogar.....	27
2.1.1 A nai.....	27
2.1.2 Presenza de libros.....	28
2.1.3 Lectura no fogar.....	29
2.1.4 “A lectura non ten idade”.....	29
2.1.5 O prestixio dos libros.....	30
2.2 Espazos privados de lectura.....	31
2.2.1 Cuarto.....	31
2.3 Tempos da lectura.....	34
2.3.1 Ciclo diario.....	34
2.3.2 Ciclo semanal.....	35
2.3.3 Ciclo escolar.....	35
2.3.4 Ciclo vital.....	36
2.4 Xéneros.....	37
2.4.1 Unha multiplicidade de gustos.....	37
2.4.2 Misterio.....	38
2.4.3 Fantasía.....	39
2.4.4 Manga, cómic.....	39
2.4.5 Poesía.....	40
2.4.6 Non ficción.....	42
2.4.7 Varios.....	42
2.4.8 Prensa.....	43
2.5 Invitacións á lectura.....	44
2.5.1 Portada.....	44
2.5.2 Contraportada.....	44
2.5.3 Título.....	45
2.5.4 Autor.....	45
2.5.5 Colección, saga.....	47
2.5.6 Lugares de contacto cos libros.....	47
2.5.7 “Los libros siempre aumentan”.....	48
2.6 Recomendación.....	48
2.6.1 Amigos, compañeiros de colexio.....	49
2.6.2 Familia.....	50
2.6.3 Fama.....	52

2.6.4 Regalo .....	53
2.6.5 Lecturas obrigatorias .....	56
2.6.6 Dixital .....	58
2.7 Transmedia .....	62
2.7.1 A esencia da obra: “Paréceme que perde” .....	62
2.7.2 A favor do audiovisual: “Me gustó mucho la película” .....	63
2.7.3 Adáptanse mal: “Serían unas películas demasiado largas” .....	64
2.7.4 Traizón á obra: “Es que lo estás cambiando todo” .....	65
2.7.5 Ver por non ler: “Non fun capaz de ler o libro” .....	65
2.7.6 Cando non coinciden: “Paréceche estraño” .....	66
2.7.7 O que se perde: “Podes saber o que pensa o personaxe” .....	67
2.7.8 Transvasamento de vocabulario: “Outro spoiler” .....	67
2.7.9 Transmedia para profundar: “Abranguer todos os aspectos” .....	68
2.8 Papel fronte a dixital .....	68
2.8.1 Usuarios bífidos .....	69
2.8.2 Vantaxes do papel .....	69
2.8.3 Vantaxes do dixital .....	71
2.8.4 Os distintos dispositivos .....	72
2.8.5 Descargas ilegales .....	73
2.8.6 Complemento dixital da lectura .....	74
2.9 Lectores e lectoras de todo tipo .....	75
2.9.1 Que se busca na lectura? .....	75
2.9.2 Comportamento ante os libros .....	79
2.9.3 Do outro lado .....	81
2.10 Rivais da lectura .....	83
2.10.1 Televisión .....	83
2.10.2 Videoxogos .....	83
2.10.3 Redes sociais .....	84
2.10.4 “Pasmár” .....	84
2.10.5 Amigos .....	84
2.11 Beneficios do club .....	84
2.11.1 Comunitarios .....	84
2.11.2 Pensamento crítico .....	86
2.11.3 Académicos .....	88
2.11.4 Percepción do profesorado .....	88
2.11.5 Lectura .....	89
2.12 Lingua de lectura .....	93
2.12.1 Dálle igual galego ou castelán .....	93
2.12.2 Prefire galego .....	94
2.12.3 Prefire castelán .....	94
2.12.4 Outras linguas .....	95
2.13 Resumo .....	96
2.13.1 O problema das lecturas no ensino regrado .....	97
2.13.2 Centralidade do club .....	99
2.13.3 O que non aparece nas citas .....	99

3	Coordinadores de clubs e bibliotecarias .....	100
3.1	Exploración de cara ao alumnado .....	100
3.2	Autoformación .....	101
3.3	Librerías .....	101
3.4	Novos focos de atención xuvenil.....	102
3.5	Obxetivos do club.....	102
3.6	Propostas dos estudantes.....	103
3.7	Contido da biblioteca.....	104
3.8	Relación cos alumnos.....	104
3.8.1	Na aula: “Hai que levar fisicamente o libro” .....	104
3.8.2	Conversación: “De lector a lector” .....	105
3.9	Lingua dos clubs.....	105
3.10	Resumo.....	106
4	Adultos.....	107
4.1	Formación lectora .....	107
4.1.1	Prestixio do libro: “Si é para libros, si” .....	107
4.1.2	Literatura de quiosco: “Empecei lendo novelas de vaqueros” .....	108
4.1.3	A escola .....	109
4.1.4	Círculo de Lectores.....	109
4.1.5	Lugares de lectura .....	110
4.2	Tempos da lectura .....	112
4.2.1	Ciclo diario .....	112
4.2.2	Ciclo anual (curso/vacacións) .....	113
4.2.3	Ciclo vital .....	113
4.3	Xéneros .....	114
4.3.1	Unha multiplicidade de gustos .....	114
4.3.2	Ficción.....	114
4.3.3	Non ficción .....	116
4.3.4	Invitacións á lectura .....	117
4.4	Recomendación.....	119
4.4.1	Amigos .....	119
4.4.2	Familia.....	119
4.4.3	Dixital .....	122
4.4.4	Biblioteca .....	122
4.4.5	Radio, televisión.....	123
4.4.6	Prensa .....	123
4.5	Transmedia .....	123
4.5.1	Libro/película .....	123
4.5.2	Outros transvasamentos.....	125
4.6	Papel fronte a dixital .....	125
4.6.1	Vantaxes do papel .....	125
4.6.2	Vantaxes do dixital.....	126
4.6.3	Dispositivos.....	127
4.6.4	Complemento dixital á lectura en papel .....	129

4.7 Lectores e lectoras de todo os tipos .....	130
4.7.1 Lector activo: “Te construyes tú a realidade” .....	130
4.7.2 De recheo: “Cando vou ó ambulatorio” .....	130
4.7.3 Manía, vicio: “É moi adictivo” .....	130
4.7.4 Gozo: “Realmente é un placer” .....	131
4.7.5 Abandono: “Fui incapaz de leerlo” .....	131
4.7.6 Relectura: “Leveime un chasco” .....	132
4.7.7 Escritura: “Non quero dicir que te vaias facer un Nobel” .....	132
4.7.8 Non lectores: “Prefiren que lles contes o libro” .....	133
4.8 Rivais da lectura .....	134
4.8.1 Series .....	134
4.8.2 Cine .....	134
4.9 Beneficios do club de lectura .....	134
4.9.1 Socialización: “Un día para vernos, y charlar y reírnos” .....	135
4.9.2 Descubrimiento: “Lectora de profesión” .....	135
4.9.3 Multiplicidade de clubs: “Quería facerme de outro” .....	135
4.9.4 Hábito: “Lemos por fóra do clube” .....	136
4.9.5 Debate: “Diferentes personas tienen diferentes opiniones” .....	136
4.10 Lingua de lectura .....	136
4.10.1 Prefire galego .....	136
4.10.2 Prefire castelán .....	136
4.10.3 Dálle igual .....	137
4.11 Resumo .....	137
5 Conclusións .....	138
5.1 Os estudantes .....	138
5.2 O profesorado .....	139
5.3 Os adultos .....	139
5.4 En resumo .....	139
Índice desenvolvido .....	142
Anexo: Informe clubs de lectura 17/18 .....	146

## Anexo: Informe clubs de lectura 17/18

### Asesoría de Bibliotecas Escolares


#### I Introducción

O club de lectura é unha actividade integrada no programa Hora de ler que promove a participación dun grupo de lectores e lectoras para compartir as súas experiencias de lectura, coa mediación dunha persoa adulta.

O club de lectura considérase unha das fórmulas de maior interese para o fomento da lectura en xeral, e entre os adolescentes en particular, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar os lectores e as lectoras destas idades, como son a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquiredanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas.

É unha práctica de socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e da lectura, avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros, coa participación nalgúns casos de pais, nais e outros membros da comunidade escolar, e sempre coordinados por un profesor ou profesora. Unha boa parte dos clubs de lectura albergan máis dun grupo de lectura, dado o elevado número de integrantes do club. Habitualmente, estes grupos organízanse en función da idade, do nivel de ensinanza, das temáticas ou dos idiomas de lectura, especialmente no caso das escolas oficiais de idiomas.

Este informe foi elaborado a partir dos datos obtidos da valoración das 231 memorias presentadas polos clubs de lectura dos centros educativos que se acolleron á convocatoria anual de clubs de lectura para os centros de titularidade pública que imparten ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (177 IES e 37 CPI) e tamén polos centros integrados de formación profesional (4), escolas permanentes de adultos (2), EOI (9 das 11 existentes) e conservatorios de música (2).



#### II Organización e periodicidade

No curso 2017/18, constituíronse 847 grupos, moderados por 628 profesores e profesoras. O alumnado participante foi de aproximadamente 10.150 persoas. Ademais,


hai que engadir 71 grupos de adultos que tamén formaban parte dos clubs de lectura. En total, os clubs de lectura vincularon a preto de 11.000 persoas.

Os grupos reúnen fundamentalmente en horario non lectivo, nos recreos (132 clubs), pero tamén sobresaen aqueles grupos que se reúnen en horario extraescolar (102 clubs). Un dos momentos máis recorridos é o tempo de mediodía, entre a clase da mañá e da tarde, que lle permite ao club comer e falar sobre os libros. Poucos clubs utilizan o horario lectivo para reunirse, na Hora de ler son 9 e, na materia, outros 9. Hai 19 clubs que se reúnen noutro horario.

En canto á periodicidade, a máis frecuente é a semanal (62), seguida da quincenal (54) e da mensual (58). Só 9 se reúnen trimestralmente e 15 teñen outra periodicidade.

### III Linguas e

**Clubs de Lectura 2017/2018**



### temáticas


O alumnado le en diferentes linguas. Dun total de 3069 títulos lidos, 1624 títulos foron en (52,9 %), 1302 en castelán (42,4 %), 27 en francés, 73 en inglés, 15 en portugués, 16 en italiano e 12 en alemán.

O 26 % dos clubs de lectura teñen un club temático, sobre todo de banda deseñada (tamén de manga e anime), poesía e prosa poética, narrativa, teatro (tamén con talleres de micropezas teatrais), textos vinculados á ciencia (ciencia, matemáticas, tecnoloxía, muller e ciencia, economía), historia (Historia de España), arte (Muller e arte) ou xeografía (Descubriendo África).

Amais do dito anteriormente, as lecturas poden ser arredor de diferentes autores, como Jules Verne, Poe ou de lectura feminista. Aparecen tamén as novelas distópicas ou as narrativas transmedia.

Por xéneros, a novela é a preferida dos clubs. Entre os 50 títulos máis lidos, 40 foron novelas, 4 banda deseñada, 3 poesía, 1 teatro e 2 ensaio/divulgación.

## Clubs de Lectura 2017/2018



## IV Actividades

Con respecto ás actividades que se realizan nos clubs de lectura, ademais da propia lectura e posterior posta en común, pódense diferenciar aquelas que se desenvolven no propio centro, como poden ser obradoiros de escrita (49 clubs), obradoiros de banda deseñada (18 clubs), representacións teatrais (37 clubs), cine ou cinefórum (65 clubs) ou recitais (54 clubs).

Os obradoiros que se desenvolveron arredor do club de lectura foron de poesía, microrrelato, cómic (manga fundamentalmente), ilustración, regueifa, hip-hop, escrita rápida e tamén de guión de vídeo, xincanas ou de xogos de rol.

O encontro cos autores e autoras é unha das actividades con máis éxito e 106 clubs recibiron a visita de escritores e escritoras e doutras persoas do mundo da cultura.

- |                         |                        |                          |
|-------------------------|------------------------|--------------------------|
| • Leticia Costas        | • María Menéndez Ponte | • David Pérez Iglesias   |
| • Eva Mejuto            | • Anxo Fariña          | • Xabier Quiroga         |
| • Héctor Cajaraville    | • Manuel Gago          | • Andrea Maceiras        |
| • María Solar           | • Xurxo Souto          | • Xulia Alonso           |
| • Antón Riveiro Coello  | • Francisco Rodríguez  | • Pedro Feijoo           |
| • Eli Ríos              | • Santiago Jaureguizar | • Rosalía Fernández Rial |
| • Montse Fajardo        | • Santiago Lopo        | • Susana Sánchez Aríns   |
| • Miguel Anxo Fernández | • Ray Loriga           | • David Lozano           |
| • Montse Pena Presas    | • Celso F. Sanmartín   | • Ismael Ramos           |
| • María Reimóndez       | • Carlos Negro         | • Sechu Sende            |
| • Marcos Calveiro       | • Manuel Núñez Singala | • Jorge Mira             |
| • Francisco Castro      | • Iria Misa            | • Paula Carballeira      |
| • Manuel Esteban        | • Ana Alcolea          | • Fran Alonso            |
|                         | • Iria Collazo         | • Arantza Portabales     |

- Elena Gallego
- Xosé Monteagudo
- Marina Mayoral
- Amadeo Cobas
- M. Mato
- Xoán Carlos Domínguez Alberte
- Manel Cráneo
- Víctor Sanabria
- Marisol Ortiz de Zárate
- Mercedes Queixas
- Olivia Pena Orijón
- J.M. Gisbert
- Celia Díaz Núñez
- Neves Soutelo
- Carmen Blanco
- Norberto Fernández
- Blanca Riestra
- Eduardo Rojas
- Xosé Manuel Sarille
- Antonio Pampliega
- Hugo Pérez
- Susana Fortes
- Manuel Lourenzo
- Adrián M. Valcárcel
- Tamara Andrés
- Soledad Felloza
- Domingo Villar
- Ana Cabaleiro
- Ánxela Gracián
- María Zaragoza
- Vicente Araguas
- Fausto Isorna
- Luz Beloso
- Arantza Portabales
- Gemma Lienas
- Víctor Freixanes
- Xesús Alonso Montero
- Berta Dávila
- Daniel Asorey
- Miguelanxo Prado
- Sergio del Molino
- Carlos Pazos
- Afonso Pexegueiro
- Esperanza Piñeiro
- Manuel Forcadela
- Paco Martín
- Alicia Sanjurjo
- Antón Blanco
- Ell Leyshon
- Paco Martín
- Xabier Senín
- Vanesa Sotelo
- Miguel Vázquez Freire
- Antonio M. Fraga
- Andrea Barreiro

Outras das actividades que se desenvolveron foron os apadriñamentos lectores (en 13 clubs), tanto no propio centro coma con outro centro, normalmente de educación infantil, pero tamén en residencias de maiores.

Un total de 65 clubs organizaron actividades arredor do cine: cinefórum, asistencia ao cine ou diferentes festivais (Cine Europa). A máis desenvolvida foi a de visionamento de fragmentos de películas vinculadas ás diferentes lecturas, ben porque existía unha versión cinematográfica ou porque a temática era de interese para o club.

En canto ao teatro, 62 clubs fan dinamización deste xénero, como actividade do centro, con pequenas representacións e lecturas dramatizadas, e tamén representacións con sombras chinesas.

En canto ás actividades que se desenvolven fóra do recinto escolar, podemos atopar as seguintes: asistencia a representacións teatrais, como Elisa e Marcela da Panadaria, ou a obras vinculadas á autora homenaxeada no Día das Letras Galegas, como Anagnórise ou Leonardo e os fontaneiros; o Festival Internacional de Outono de Teatro ou a Mostra de Teatro Grecolatino de Lugo.

E 121 clubs saen dos centros de ensino para coñecer lugares vinculados a diferentes escritores e escritoras a través de rutas literarias, excursións e viaxes, con lecturas incluídas. Neste curso tivo unha especial relevancia a exposición do Pergamiño Vindel, no Museo do Mar de Vigo. Foron tamén importantes as visitas á casa de Valle Inclán, á de Rosalía de Castro, á de Emilia Pardo Bazán ou á de Manuel María. E tamén cómpre salientar as rutas literarias, como a de Curros por Celanova, a de Castelao por Rianxo ou Pontevedra, a de Díaz Castro por Guitiriz ou a de M.<sup>a</sup> Victoria Moreno por Pontevedra, que achegaron os espazos vitais destes escritores e escritoras aos participantes dos


clubs. Tamén se fixeron percorridos a través das obras literarias, por exemplo á Ribeira Sacra, que aparece en Izan, o da saca, de Xabier Quiroga; a Vilagarcía con O xardineiro dos ingleses; a Vigo con Jules Verne e o segredo das mulleres planta; á Coruña con Os nenos da varíola; a Ruta do Anxo Negro ou a Ruta da Esmorga por Ourense.

A colaboración con outras bibliotecas (14) e entidades establécese fundamentalmente coas bibliotecas municipais, a través do préstamo de libros, de visitas e, en menor medida, coa participación nas súas actividades, como pode ser algún club de lectura ou presentacións de libros.

As visitas a bibliotecas públicas e municipais son actividades frecuentes nos clubs.

Algúns clubs adoitan visitar librerías (11) e feiras do libro (12), fundamentalmente das cidades Entre as principais finalidades están coñecer as librerías (algúns temáticas, de cómic ou con fondo feminista), achegarse ás novidades ou seleccionar fondos para a biblioteca escolar.

### Clubs de Lectura 2017/2018



Comeza a ser unha cita anual dalgúns clubs a visita ao Salón do Libro de Pontevedra. Algúns clubs tamén participan no Comición de Moaña.

## V Colaboración entre os clubs

Os clubs acostuman a colaborar entre eles. Algunhas desas colaboracións están xa consolidadas no tempo, como os Faladoiros de Allariz, que son uns faladoiros literarios organizados polo Concello e a Deputación de Ourense, o Grupo Dado da Coruña. Outras son máis puntuais, como o profesorado que promove encontros entre os clubs, aínda que mude ano a ano. Obsérvase tamén o incremento dos clubs que se reúnen por proximidade xeográfica (por exemplo, a Costa da Morte), outros por un club temático como o manga (Comicon de Moaña) ou por unha actividade determinada, como Tui le ou Lemos le.

Así e todo, o maior contacto entre clubs adoita facerse a través do intercambio de libros, o denominado Libros a oito (<http://librosaeito.blogspot.com>).

## **VI Producción de materiais e difusión**

En canto á produción de materiais, as persoas integrantes dos clubs deseñan carteis, marcapáxinas, trípticos con lecturas recomendadas, guías de libros, cadernos de lectura, exposicións ou artigos para a revista escolar. Moitos dos clubs elaboran presentacións (ppt, prezzi...) para achegar os integrantes á lectura, ao autor ou á obra. Algúns dos clubs tamén elaboran booktrailers, audiolibros, videocreacións, videopoemas, videoanimacións, selfiesvídeo ou vídeos resumo das actividades. Cobra forza o uso da radio a través de *podcast* e de programas propios para a difusión e a promoción de lecturas. Nalgún caso, creouse unha canle de televisión para falar de libros.

A difusión das actividades adoita facerse a través do blog propio ou a través do blog da biblioteca. Están totalmente instaladas as redes sociais (grupos de WhatsApp, Facebook ou Twitter) como medios de difusión (ou mesmo de convocatoria) das actividades desenvolvidas polo club.

## **VII Xornada anual dos clubs de lectura**

Por último, o profesorado que coordina os clubs de lectura adheridos ao programa realizou a actividade de encontro e formación, IX Xornada dos Clubs de Lectura, que se desenvolveu o 1 de xuño de 2018 no Palacio de Congresos de Santiago. O programa desta xornada incluíu a entrega do Premio dos Clubs de Lectura 2018 ao autor ou autora galega máis lido polos clubs de lectura no curso precedente. Este galardón recibíuno o poeta Carlos Negro, quen tamén impartiu unha charla e un obradoiro ao longo da xornada. Contouse tamén con especialistas como Freddy Gonçalves, libreiro, escritor e experto en literatura infantil e xuvenil ou Dolores Vilavedra, profesora de Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela e crítica literaria. Mesas temáticas, talleres e comunicación de experiencias completaron un programa ao que lle puxo remate sonoro e narrativo o músico e escritor Xurxo Souto.

<b>Autores/as máis lidos/as nos Clubs de lectura. Curso 2017/2018</b>		
	<b>Autor/a</b>	<i>Títulos lidos (entre todos os clubs)</i>
1	Ledicia Costas	154
2	Agustín Fernández Paz	73
3	María Victoria Moreno	62
4	María Reimóndez	37
5	María Solar	36
6	Jordi Sierra i Fabra	35
7	Carlos Negro	33
8	Ágatha Christie	29
9	R.J. Palacio	29
10	Héctor Cajaraville	28
11	Laura Gallego	27
12	Miguelanxo Prado	27
13	Andrea Maceiras	26
14	Eva María Mejuto	26
15	Manuel Núñez Singala	26
16	Paco Roca	23
17	Francisco Castro	22
18	Roald Dahl	22
19	Pedro Feijoo	21
20	Xabier P. Docampo	20
21	Marcos Calveiro	19
22	Dolores Redondo	19
23	César Mallorquí	18
24	Tsugumi Ohba	18
25	Fran Alonso	17
26	Mark Haddon	17
27	Marilar Aleixandre	17
28	Patrick Ness	17
29	Xabier Quiroga	17
30	Antón Riveiro Coello	17
31	Antoine Saint-Exupéry	17
32	Care Santos	16
33	Robert. L. Stevenson	16
34	Fina Casalderrey	15
35	Domingo Villar	15
36	Anxo Fariña	14
37	Manuel Rivas	14
38	John Boyne	13
39	Santiago Lopo	13
40	Chimamanda Ngozi Adichie	13

50 títulos máis lidos nos clubs de lectura de ámbito educativo (curso 2017/2018)					
Título	Apelidos Autor/a	Total	Gal.	Cas.	Ing.
Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta	Ledicia Costas	32	32	0	0
Anagnórise	María Victoria Moreno	32	32	0	0
Os nenos da variola	María Solar	28	28	0	0
La lección de August	R.J.Palacio	21	0	21	0
Engurras	Paco Roca	19	16	3	0
Escarlatina, a cocifeira defunta	Ledicia Costas	18	18	0	0
O corazón de Xúpiter	Ledicia Costas	17	16	1	0
O principio	Antoine de Saint-Exupéry	17	13	3	0
O curioso incidente do can á medianoite	Mark Haddon	16	7	7	2
Penúltimas tendencias	Carlos Negro Romero	16	16	0	0
Un monstro vén a verme	Patrick Ness	16	11	5	0
Europa express	Andrea Maceiras Lafuente	15	15	0	0
Izan o da saca	Xabier Quiroga	15	15	0	0
Corredora	María Reimóndez	15	15	0	0
A caixiña dos rancores	Héctor Cajaraville Araújo	14	14	0	0
Cartas de inverno	Agustín Fernández Paz	14	14	0	0
Persépole	Marjane Satrapi	12	7	4	0
O neno do pixama a raías	John Boyne	11	7	3	1
Esmeraldina, a pequena defunta	Ledicia Costas	11	11	0	0
Rebeldes	Susan Hinton	11	5	6	0
A cabeza da Medusa	Marilar Jiménez Aleixandre	11	11	0	0
A praia dos afogados	Domingo Villar	11	10	1	0
Asesinato en el Orient Express	Agatha Christie	10	2	6	2
Unha estrela no vento	Ledicia Costas	10	10	0	0
O achado do castro	Manuel Núñez Singala	10	9	0	0
A mansión dos Pampín	Miguelanxo Prado Plano	10	10	0	0
Enderezo descoñecido	Kresmann Taylor	10	9	1	0
Os fillos do mar	Pedro Feijoo Barreiro	9	9	0	0
As lágrimas de Shiva	César Mallorquí	9	7	2	0
Tristes armas	Marina Mayoral	9	9	0	0
Mentira	Care Santos	9	4	5	0
Patria	Fernando Aramburu	8	1	7	0
Diez negritos	Agatha Christie	8	2	6	0
A rateira	Agatha Christie	8	5	3	0
A neta do señor Linh	Philippe Claudel	8	7	1	0
A neve interminable	Agustín Fernández Paz	8	8	0	0
A evolución de Calpurnia Tate	Jacqueline Kelly	8	5	3	0
Cando petan na porta pola noite	Xabier Puente Docampo	8	8	0	0
El cliente ante todo	Feargal Quinn	8	0	8	0
Chamádeme Simbad	Francisco Castro	7	7	0	0
Contos por palabras	Agustín Fernández Paz	7	7	0	0
Palabras de Caramelo	Gonzalo Moure Trenor	7	5	2	0
Makinaria	Carlos Negro Romero	7	7	0	0
Masculino singular	Carlos Negro Romero	7	7	0	0
Todos deberíamos ser feministas	Chimamanda Ngozi Adichie	7	4	3	0
Presas fáciles	Miguelanxo Prado Plano	7	6	1	0
Nata y chocolate	Alicia Borrás	6	0	6	0
O neno can	Fina Casalderrey	6	6	0	0

